



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de novembro de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(992).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 17 de novembro e ordinaria do 19 de novembro de 2020. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(993).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO INSTALADO NO CPD MUNICIPAL. EXPTE. 9070/113.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 18/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 30/01/2020 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do mantemento do equipamento instalado no CPD municipal.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/01/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 30/01/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 15/10/2020 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/10/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 16/11/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 16/11/2020, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 16/11/2020.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos ter-



Concello de Vigo

mos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 30/01/2020 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizo.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento do equipamento instalado no CPD municipal:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/01/2020 e cò conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 30/01/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/10/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 16/11/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 16/11/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 16/11/2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **30.000,00 €**, que inclúe un IVE de **5.206,61 €** , dende o 1 de Xaneiro de 2021 , o cal se imputará á partida **9207.2279900 (MANTEMENTO HARDWARE)**

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(994).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN. EXPTE. 18174/101.

Visto o informe xurídico do 23/11/2020 e o informe de fiscalización do 24/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/11/2020, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En base as consideracións que se contén no informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado o 31 de agosto de 2020 pola xefa da unidades administrativa da Alcaldía e máis pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en



Concello de Vigo

dispón que se inicie expediente administrativo a prestación do servizo servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes: a) Representar ao Concello e b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

O artigo 3.1. da Lei 29/2005 de 29 de decembro de Publicidade e Comunicación Institucional recolle os requisitos das campañas institucionais de publicidade e comunicación que terán entre outros obxectivos: informar aos cidadáns dos seus dereitos e obrigas legais, de aspectos relevantes do funcionamento das institucións públicas e das condicións de acceso e uso dos espazos e servizos públicos; advertir da adopción de medidas de orde ou seguridade públicas cando afecten a unha pluralidade de destinatarios; anunciar medidas preventivas de riscos que contribúan a eliminación de danos de calquera natureza para a saúde das persoas ou do patrimonio natural; así como comunicar programas e actuacións públicas de relevancia ou interese social.

No artigo 3.4. da antedita lei establécese que as campañas institucionais axustaranse sempre ás esixencias derivadas dos principios de interese xeral, lealdade institucional, veracidade transparencia, eficacia, responsabilidade, eficiencia e austeridade no gasto.

O cidadá como destinatario da acción do goberno municipal debe estar informado de todas aquelas actuacións e iniciativas administrativas que poidan incidir na súa condición de administrado. A publicidade e a comunicación institucional é por isto unha ferramenta fundamental para trasladar esa actuacións.

O artigo 8 da Lei 29/2005 de 29 de decembro de Publicidade e Comunicación Institucional recolle que os contratos vinculados ás campañas reguladas por esta lei adxudicaranse con arranxo a súa normativa aplicable, respectando estritamente os principios de publicidade e concorrência, y atendendo sempre a criterios tales como o custo económico e a eficacia prevista do Plan de Medios.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 31 de agosto de 2020.
- Memoria económica, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía con data 30 de outubro e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal na mesma data.
- Documentos económicos números: RCFUT53975 e RCFUT53976
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 23 de novembro de 2020 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.
- Memoria xustificativa do contrato de data 23 de novembro 2020 asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal da mesma data.

–Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 23 de novembro de 2020.

II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

A presente contratación ten por obxecto a contratación dunha empresa de servizos de axencia de publicidade para crear e canalizar a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios as diferentes campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo e que se consideran de interese para informar á cidadanía.

O servizo consiste na cobertura das distintas campañas institucionais de publicidade e comunicación, bandos institucionais e anuncios de información municipal de carácter obrigatorio.

En concreto:

- Elaboración dunha “estratexia de comunicación xeral institucional” que incluíra a selección e proposta de medios (prensa escrita, medios dixitais, radios, televisión) e soportes publicitarios, periodicidade e número de impactos publicitarios en base ao “ranking” de audiencias e a súa eficacia, tendo en conta o orzamento máximo dedicado a este concepto e os prezos unitarios por inserción propostos pola axencia para cada medio en base a tarifas oficiais.
- Deseño da imaxe e as creatividade s individuais para cada unha das 30 campañas anuais previstas no presente contrato con súas posibles subcampañas ou desenvolvemento de accións puntuais dentro de cada unha delas.
- Plan de medios para cada unha das 30 campañas ou accións en base á Estratexia de comunicación xeral.
- Producción, maquetación e impresión de material gráfico, e de anuncios en medios e soportes publicitarios,
- Compra dos espazos publicitarios e insercións en medios de comunicación prensa, medios dixitais, radio e televisión e demais soportes publicitarios.
- Deseño e maquetación de anuncios con información municipal de carácter obrigatorio e bandos e anuncios institucionais.

Non formarán parte deste contrato aquelas actuacións de comunicación e publicidade que formen parte de proxectos concretos e específicos que o seu ámbito de actuación exceda a comunicación local o no seu caso aqueles que se sometan a procedementos de contratación específicos pola súa singularidade. O número máximo de campañas, programas, accións institucionais que se consideran incluídas no servizo obxecto de licitación durante o período de vixencia do contrato ascenden a un máximo de 30 campañas institucionais, que poderán ter a súa vez subcampañas ou diferentes desenvolvementos da imaxe ou accións.

O contrato definido ten a consideración de contrato administrativo de servizos, de acordo co establecido no artigo 17 e 25 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo, LCSP).



Concello de Vigo

En cumprimento do art. 28 da LCSP os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente.

II.2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

O presente contrato adxudicarase segundo o artigo 131 LCSP polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación de acordo co principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro do previsto nos artigos 145 e 156 a 158 e 308 da LCSP. A forma de tramitación do expediente será ordinaria, (artigo 116 LCSP).

Aos efectos de aplicación do artigo 145.4 LCSP (criterios relacionados coa creatividade), aínda que parcialmente integre o obxecto do contrato unha prestación destinada ao deseño e creación das diferentes campañas, a prestación principal é compra de espazos en medios de comunicación, sendo o deseño da creatividade unha prestación accesoria do obxecto principal.

O presente contrato adxudicarase segundo o artigo 131 LCSP polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación de acordo co principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro do previsto nos artigos 145 e 156 a 158 e 308 da LCSP.

A forma de tramitación do expediente será ordinaria, (artigo 116 LCSP).

II.3.- Prazo de execución e prórroga.

O prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 1 de xaneiro de 2021 e 31 de decembro 2021, establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial por tres anos. En consecuencia a duración máxima do contrato será de corenta e oito (48) meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

II.4.- Prezo do contrato e orzamento base de licitación.

O límite máximo de gasto do contrato ascende a 1.387.835,32 € (un millón trescentos oitenta e sete oitocentos trinta e cinco con trinta e dous euros) ive engadido. Sendo o importe correspondente ao ive de 240.863,98 € (douscentos corenta mil oitocentos sesenta e tres con noventa e oito euros).

Prezo con ive: 1.387.835,32 €

Prezo sen ive: 1.146.971,34 €

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo abonarase en función da prestación realmente executada, que servirá como base para a execución deste contrato.

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e máis do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101, 102 e 309 da LCSP.

En cumprimento do estipulado no artigo 100 da LCSP, para acadar o importe do orzamento base de licitación realizouse unha estimación desagregada de custos.

O método aplicado para cálculo do prezo deste contrato foi estimado tendo en conta:

- Custos laborais tendo en base ao convenio colectivo de referencia e as táboas de actualización de prezos correspondentes.
- Prezos medios aplicables a tanto alzado segundo prezos de mercado e tras a consulta dos presupostos presentados no Concello de Vigo para a realización de traballos similares e facendo un cálculo do custe medio.
- Prezos unitarios.
- Gastos xerais e beneficio industrial

II.5.-Anualidade:

➤ **Ano 2021:**

Importe máximo do contrato 1.387.835,32 € con cargo as partidas:

9120.2279906 (producción e seguimento de medios) RCFUT 280.381,15 €

9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, RCFUT 1.107.454,17€

Trátase de un expediente anticipado de gasto.

II.6 .-Valor estimado:

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado deste contrato de servizos refírese ao importe total, excluído o IVE, é dicir a suma da anualidade mais as prórrogas.

Sendo o valor estimado 4.587.885,36 € (catro millóns cincocentos oitenta e sete mil oitocentos oitenta e cinco con trinta e seis).

II.7.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril

O importe da adxudicación abonarase con cargo aos orzamento da unidade da Alcaldía para os exercicios 2021, 2022, 2023 e 2024 con cargo ás aplicacións orzamentarias ás que se imputará o prezo do contrato son as seguintes:

- 9120.2279906 (producción e seguimento de medios)
- 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais)

A adxudicación quedará condicionada á consignación do crédito adecuado e suficiente nos orzamentos para os devandito exercicios.



Concello de Vigo

Por tratarse de un contrato que estende os seus efectos ao exercicio 2024 financiarase con arranxo ao disposto no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. A mesma condición suspensiva rexe para a eventual prórroga.

O gasto proposto, establecece tamén de conformidade co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2020.

Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo.

II.8.- Solvencia

➤ **3º) Acreditación da solvencia**

- Solvencia económica e financeira:

- Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:
-
- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 1. Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 2. Ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.
- **Para as empresas de nova creación** (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos): se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, para as empresas de nova creación considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 1. Ao 50% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 2. Ao 50% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.

➤ - **Solvencia técnica e profesional:**

➤ Acreditarse, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

➤ Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

➤ Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A. das FEC

➤ Medios personais: Os licitadores deberán contar cos postos que conforman o equipo de traballo mínimo esixido no punto 4.1.do PPTP, e que son os seguintes: Director/a creativo/a executivo; supervisor de tráfico; xefe/a de compra de medios; técnico/a artes, cunha experiencia mínima cada un deles de tres anos en campañas de comunicación institucional e publicidade.



Concello de Vigo

- Medios personais: Os licitadores deberan contar cos postos que conforman o equipo de traballo mínimo esixido no punto 4.1.do PPTP, e que son os seguintes: Director/a creativo/a executivo; supervisor de tráfico; xefe/a de compra de medios; técnico/a artes, cunha experiencia mínima cada un deles de tres anos en campañas de comunicación institucional e publicidade.

II.9.- Criterios de valoración e xustificación.

En cumprimento do establecido no artigo 145.1 da LCSP, a adxudicación do presente contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a unha mellor calidade-prezo que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos utilizando un sistema de ponderación/puntuación que permita preservar a nota da mellor relación calidade-prezo.

A aplicación de mais dun criterio de adxudicación, ademais do prezo unitario, vén determinada pola importancia que ten na execución do servizo aspectos vinculados directamente a calidade do servizo.

A adxudicación realizarase entre as ofertas recibidas con arranxo aos criterios obxectivos e baremos, e conforme ao establecido a continuación.

As ofertas serán valoradas en función dos criterios de valoración que seguen:

- a) Criterios avaliados mediante xuízo de valor: valorárase con ata 40 puntos.
- b) Criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas e sistema de ponderación/puntuación : valorárase ata 60 puntos.

II.10.- Subcontratación

Conforme ao establecido no artigo 215 da LCSP poderá subcontratar con terceiros a realización parcial da prestación.

Establécese como tarefas críticas que non admite subcontratación aos efectos do artigo 115.2.e) as seguintes:

- Elaboración e implementación da estratexia de comunicación xeral.
- Elaboración da creatividade, deseño e maquetación das campañas e accións publicitarias obxecto deste contrato.
- Elaboración do plan de medios xeral e individual para cada campaña ou acción acorde coa Estratexia de comunicación xeral.

II.11 Modificación do contrato

En cumprimento do establecido no artigo 203 e seguintes da LCSP, os contratos solo poderán ser modificados por razóns de interese público.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, sendo o mesmo de tracto sucesivo e por prezo unitario, que a contía total non pode definirse con exactitude por estar supeditadas ás necesidades derivadas do desenvolvemento dos distintos plans de comu-

nicación, se establecen os seguintes termos e condicións para a modificación de conformidade coa D.A. 33ª LCSP:

- Aspectos a modificar: O importe do orzamento máximo anual.
- Circunstancias que determinan a modificación: Un incremento das necesidades estimadas inicialmente que provoquen un aumento das prestacións de información á cidadanía.
- Limites da modificación: as modificacións poderán afectar como máximo ao 20% do orzamento inicial anual de conformidade co artigo 204.1 LCSP.

II.12.- Responsable do Contrato

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle a Concellería de Xestión Municipal – Alcaldía e a persoa responsable do contrato será a Xefa Administrativa da Unidade da Alcaldía, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización das prestacións dos diferentes lotes que integran o contrato.

O responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

II.13- Seguro

Durante a prestación do servizo, a empresa adxudicataria deberá subscribir e manter en vigor, ao seu cargo, un Seguro de Responsabilidade Civil cun límite de indemnización non inferior a 100.000 euros, que garanta as reclamacións das que o Contratista puidese resultar civilmente responsable polos danos materiais ou persoais, así como prexuízos consecuencias que a empresa adxudicataria poida ocasionar a terceiros durante o período do servizo contratado. Tales danos poden ter a súa orixe da inserción de anuncios con contidos que non fosen sometidos previamente ao control da Concellería de Xestión Municipal, e que poidan dar lugar a reclamacións por parte de terceiros contra a administración municipal. Unicamente quedará excluído de responsabilidade algunha cando os contidos inseridos fosen aprobados pola administración municipal.

O Adxudicatario acreditará o cumprimento desta obrigaición mediante a achega da Póliza subscrita e xustificante de abono do recibo correspondente con carácter previo á formalización do contrato, e en todo caso, previamente ao comezo dos traballos.

II.14.- Outras obrigas do adxudicatario:

1.- Todas as insercións publicitarias e de comunicación das campañas, así como as accións de divulgación ou publicidade a que dea lugar a execución do contrato calquera que sexa o formato ou soporte deberán redactarse e publicitarse en lingua galega de acordo co previsto na Ordenanza de uso da Lingua Galega do Concello de Vigo.

2.- O contratista designará un/ha único/a delegado/a que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello de Vigo que velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato, e a través do cal se canalizarán as posibles incidencias que xurdan na execución do contrato.



Concello de Vigo

Este delegado/a deberá estar integrado na plantilla da empresa adxudicataria, e poderá compaxinar a súa función de responsable ou interlocutor con algún dos catro postos mínimos anteditos. Este único/a interlocutor/a terá que ter capacidade de decisión e resolución e estar sempre localizable en horario laboral para asistir ao Concello en todo o relacionado coas prestacións do contrato, e deberá estar dispoñible para calquera convocatoria de reunión presencial por parte do Concello de Vigo.

O delegado nomeado polo contratista terá que estar sempre localizable en horario laboral para asistir ao Concello en todo o relacionado coas prestacións do contrato, e deberá estar dispoñible para calquera convocatoria de reunión presencial por parte do Concello de Vigo. Para as reunións de carácter presencial se lle convocará cun mínimo de 4 horas.

Esta necesidade de dispoñibilidade do delegado para reunións de carácter presencial considérase un requisito necesario para a correcta execución do contrato e en relación directa co obxecto do mesmo, de acordo co establecido na cláusula 4.2 do PPT.,

II.15.- Referencia ao réxime de pagamento.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da AGE, a través da plataforma FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado: <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face>, de conformidade co establecido na citada Ley 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

Código DIR3:

GE0000575 – Servizos Económicos

L01360577 – Concello de Vigo

GE0000668 – órganos de Goberno

O aboamento do prezo realizarase do seguinte xeito:

- Un pago anual polo importe ofertado polo adxudicatario para o concepto “Estratexia de comunicación xeral”, que se aboará tras a presentación da correspondente factura, unha vez que a citada estratexia de comunicación sexa aprobada pola responsable do contrato.
- O pagamento dos restantes conceptos incluídos no contrato realizarase mensualmente en función das prestacións realmente executadas, desagregándose por campañas, accións ou unidades producidas ou contratadas nos medios, previa a presentación da correspondente factura polo contratista conforme os prezos ofertados, que deberá ser conformada pola responsable do contrato.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación de acordo co principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro do previsto nos artigos 145 e 156 a 158 e 308 da LCSP, para a contratación dunha empresa de servizos de axencia de publicidade para crear e canalizar a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios as diferentes campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo e que se consideran de interese para informar á cidadanía.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 23 de novembro de 2020.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 23 de novembro de 2020.

Cuarto.- Aprobar como anticipado de gasto do contrato como limite máximo un importe de 1.387.835,32 € (un millón trescentos oitenta e sete oitocentos trinta e cinco con trinta e dous euros) ive engadido. Sendo o importe correspondente ao ive de 240.863,98 € (douscentos corenta mil oitocentos sesenta e tres con noventa e oito euros). O gasto imputarase ás aplicacións orzamentarias:

Ano 2021:

Importe máximo do contrato 1.387.835,32 € con cargo as partidas:

9120.2279906 (producción e seguimento de medios) RCFUT 280.381,15 €

9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, RCFUT 1.107.454,17€

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(995).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 13258/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/11/2020, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 10723/111

Sentenza nº 548 do 19 de outubro de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Ordinario: 4346/2017

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: adxudicación do contrato de servizos "limpeza dos colexios públicos e escolas municipais"

Expte(s): 3815/440

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Contratación (e o de Educación) deben coñecer o resolto.

2.- Social. Expediente nº 12303/111

Decreto nº 411 do 19 de novembro de 2020

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 749/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades polos servizos prestados como socorrista nos areas do concello de Vigo.

Expte(s): 12941-306

Acepta a desistencia do demandante en relación co Concello, e aproba a avinza coa demandada principal (MOVE S.O.D. SL)
O departamentos de Persoal e Medio Ambiente deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 12340/111

Auto nº 121 do 22 de outubro de 2020

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Secc 3ª

Casación: 7088/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 04/06/2019 que impón sanción con multa de 1500 Eu por incumprimento dos horarios de peche establecidos, ditada en expediente sancionador.

Expte(s): 109015/210

Contía: 1.500,00 €

Inadmite o recurso de casación promovido pola demandante (sobre interpretación dos arts. 3 e 25 da L.20/2017) con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería Municipal deben coñecer o resolto.

RCA orixe PA 256/2019 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza 398 do 11/12/2019, desestimatoria (comunicada na sesión da XGL do 27/12/2019)

4.- Social. Expediente nº 12538/111

Acto de conciliación do 7 de outubro de 2020

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Despedimento/cesamento en xeral: 1006/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: despido disciplinario, contrato servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinadas praias de Vigo.

No acto de conciliación do 07/10/2020 o demandante desistiu en relación co Concello. O departamento de Medio Ambiente (e o de Persoal) deben coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 12569/111

Sentenza nº 174 do 20 de outubro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 147/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do TEA do Concello de Vigo do 27/08/2019 e acordos e resolucións anteriores dos que trae causa, embargo de nómina por sanción de tráfico do ano 2012.

Expte(s): 4930/550 - 41609/700

Esta sentenza, firme, estima o recurso pola prescrición do dereito a esixir o pagamento, aínda que declara correcto o procedemento sancionador.

Anúlase a dilixencia de embargo (e o procedemento de constrinximento)

A Tesourería-Recadación Executiva e o TEA deben executar o resolto.

6.- Social. Expediente nº 12642/111

Sentenza nº 340 do 3 de outubro de 2020

Xulgado do Social nº Vigo de 2

Ordinario: 16/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade polos servizos que presta coa categoría de socorrista en instalacións deportivas.

Expte(s): 9151/446

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e absolve á contratista (ALTHENIA S.L.) e ao Concello.

O servizo de Deportes (e o departamento municipal de Persoal) deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 12740/111

Sentenza nº 165 do 15 de outubro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 91/2020

Demandante/Recorrente: Particular



Concello de Vigo

Obxecto: resolución estimatoria parcial, en expediente de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos no seu vehículo adicado á actividade de autotaxi.

Expte(s): 5454/243

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto recorrido e condena ao Concello a ditar unha resolución indemnizatoria por importe de 4.447,13 euros, mantendo a imputación á concesionaria.

O departamento de Patrimonio-RPA debe executar o resolto, ditando o acto ordenado e verificando a súa efectiva execución pola concesionaria.

8.- Social. Expediente nº 12742/111

Sentenza nº 393 do 3 de novembro de 2020

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 166/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereito con carácter fixo e subsidiariamente indefinido non fixo na relación laboral.

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e absolve ao Concello de todos os pedimentos da actora.

Os departamentos de Persoal, e Deportes, deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12838/111

Sentenza nº 233 do 23 de outubro de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7120/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución da XGL 18/10/2018, desestimatoria dos administrativos contra adxudicación do servizo de cafetería na Casa do Concello.

Expte(s): 19840/240.

Contía: 2.755.340,28 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de apelación da mercantil demandante desestimándoo, con confirmación da sentenza de instancia da do acto administrativo municipal recorrido e custas taxadas de oficio.

O departamento de Contratación debe coñecer o resolto.

RCA orixe PO 8/2019, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza desestimatoria nº 68 do 03/03/2020 comunicada na sesión da XGL do 05/06/2020

10.- Contencioso. Expediente nº 12840/111

Sentenza nº 166 do 15 de outubro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 127/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA efectuada polos danos causados no seu vehículo por un contenedor.

Expte(s): 5880/243

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula a desestimación presunta recorrida e condena ao Concello ao pagamento de 1.438,38 euros.

Ocorre que o Concello resolveu expresamente o 15/04/2020 con estimación da reclamación e imputación á contratista (CONTENUR E. S.A) o que é considerado e validado polo Xulgador se ben o recurso non foi ampliado e pendía a resolución do recurso de reposición da Concesionaria.

O Departamento de Patrimonio-RPA (e o de Limpeza) deben verificar a execución do resolto en tempo e forma, pola concesionaria ou polo Concello (neste caso con repetición á concesionaria).

11.- Contencioso. Expediente nº 12870/111

Sentenza nº 251 do 6 de novembro de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7139/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución da XGL de data 30/08/2019 (que acorda a execución da sentenza dita no RCA nº 328/2017 liquidacións do contrato de concesión de aparcadoiros soterrados).

Expte(s): 6258/241

Contía: (Indeterminada)

Estima o recurso de apelación da demandante, revoga a sentenza de instancia e anula o acto municipal recorrido con, custas taxadas de oficio.

RCA orixe PO 281/2019, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, Inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 05/06/2020

12.- Contencioso. Expediente nº 12888/111

Sentenza nº 184 do 30 de outubro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 152/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 02/03/2020 desestimatoria do recurso de reposición formulado en expediente sancionador.

Expte(s): 2019/06234

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción (200 euros e 4 puntos) por un concreto motivo referido á non notificación da denuncia no acto.

O departamento de Seguridade e a Policía Municipal, e a Tesourería-Recadación deben executar o resolto e ter en conta o sinalado no FD 3º con carácter xeral.

13.- Contencioso. Expediente nº 12907/111

Sentenza nº 175 do 20 de outubro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 158/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio da reclamación económico administrativa formulada o 19/05/2016 fronte ao acordo desestimatorio de solicitude de rectificación das autoliquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.



Concello de Vigo

Expte(s): 4236/550 - 28000/514 - 19362/514 - 25549/514 - 26887/514

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O TEA do Concello de Vigo e a Administración de Tributos- IIVTNU deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 12927/111
Sentenza nº 205 do 27 de outubro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 165/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: inexecución (ou non execución de silencio administrativo positivo), sobre petición de pagamento de noites e festivos durante o desfrute de permisos retribuídos, ou contra desestimación da petición por silencio.

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso e as pretensións formuladas e declara o "acto presunto desestimatorio" como axustado ao ordenamento xurídico, sen custas polo "silenzo administrativo"

O departamento de Persoal (RRHH) e as Xefaturas de Seguridade e Policía Municipal (o demandante é "Inspector Principal") deben coñecer o resolto

15.- Contencioso. Expediente nº 12928/111
Sentenza nº 186 do 5 de outubro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 164/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución de 16/04/2020 ditada polo TEA que desestima a reclamación económica administrativa interposta contra a desestimación presunta de diversas solicitudes de rectificación de autoliquidacións de IIVTNU.

Expte(s): 4132-550

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula a resolución do TEA do Concello de Vigo e as resolucións anteriores desestimatorias das solicitudes de rectificación das dúas autoliquidacións obxecto do recurso, declarando o dereito á súa devolución como ingresos indebidos co valor actualizado conforme á LXT.

A Dirección de Ingresos-Inspección de Tributos deben executar o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 12940/111
Sentenza nº 209 do 4 de novembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 173/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución de 29/03/2019 estimatoria parcial de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos por accidente de motocicleta na rúa Darío Durán Gómez.

Expte(s): 5711/243

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, unicamente no referente á contía indemnizatoria (á que se lle engaden a repercusión do IVE, no valor dun casco, e o interese legal desde a data da reclamación) que se incrementa en 208,08 euros con xuros desde a data da reclamación (20/09/2018) sobre o importe total resultante.

O departamento de Patrimonio-RPA e o de Limpeza deben coñecer o resolto e verificar a súa execución pola concesionario do servizo público municipal de limpeza urbana (F.C.C. S.A.)

17.- Contencioso. Expediente nº 12970/111
Sentenza nº 212 do 4 de novembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 197/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución de 02/04/2020, que estima a reclamación patrimonial
Expte(s): 5790/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Patrimonio-RPA e o de Parques e Xardíns deben coñecer o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 12974/111
Auto nº 68 do 29 de outubro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 201/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: desestimación por silencio administrativo de reclamación de responsabilidade patrimonial
Expte(s): 6037/243

Declara rematado o procedemento por recoñecemento en vía administrativa (pola concesionaria do servizo)
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto

19.- Contencioso. Expediente nº 13195/111
Sentenza nº 181 do 29 de outubro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 238/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución de 03/07/2020 que inadmite recurso reposición contra outra que impón multa coercitiva de data 23/01/2020.
Expte(s): 16158/310

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula as resolucións do 23/05/2018 e 23/01/2020 de imposición de multas coercitivas.
Tendo en conta que (finalmente) se cumpriu a orde de execución de limpeza do terreo, entendemos que procede ter por anuladas as resolucións e archivar o expediente.
O departamento de Medio Ambiente-Limpeza debe executar o resolto (e considerar o relativo ás notificacións a persoas xurídicas).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución así como o principio constitu-



Concello de Vigo

cional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocanta á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(996).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA «ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROSE QUÍSTICA» CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2020». EXPTE. 208911/301.

Dáse conta do informe-proposta do 19/11/2020, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 18.06.2020, acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2020» (BOP nº 123, do 30.06.2020; extracto BOP nº 125, do 02.07.2020).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinadas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. De acordo coas Bases e a normativa reguladora das subvencións, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade (Bases primeira, novena, décimo primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.4. As Bases foron integramente publicadas no BOP, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello. Tamén publicáronse anuncios na prensa local. O prazo de presentación de solicitudes foi dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación dos extractos da convocatoria no BOP nº 125, do 02.07.2020 e rematou o 03.07.2020 (o 02.07.2020 foi inhábil).

I.5. Tal como se reflicte na Acta da Comisión de Avaliación destas axudas de data 10.09.2020, durante ese prazo presentáronse un total de 46 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos.

Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.



Concello de Vigo

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base reguladora undécima, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08.10.2020 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de 61.968,46 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2020, segundo o seguinte desglose:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PUNTUA- CION OB- TIDA	IMPORTE SE- GUN PUN- TUACION	IMPORTE CONCEDIDO
3	203878/301	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	33	2.481,60	2.481,60
5	204138/301	FUNDACION ALDABA	32	2.406,40	2.406,40
30	205628/301	FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA	30	2.256,00	1.600,00
17	205265/301	FUNDACIÒ ISIDRE ESTEVE	29	2.180,80	2.180,80
33	205643/301	FUNDACIÓN AMIGÓ	29	2.180,80	2.180,80
45	205752/301	FUNDACION DE LA SANTA CREU	29	2.180,80	1.430,29
24	205446/301	FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	28	2.105,60	2.105,60
26	205458/301	ASOCIACION XARUMA	28	2.105,60	2.105,60
20	205397/301	ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	27	2.030,40	1.579,05
21	205417/301	ASOCIACION DIGNIDAD GALICIA	26	1.955,20	1.955,20
4	204129/301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	25	1.880,00	1.753,80
6	204479/301	ALENTA ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL	25	1.880,00	1.880,00
7	204504/301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION ANHIDA	25	1.880,00	1.880,00
46	205754/301	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	25	1.880,00	1.628,77

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PUNTUA- CION OB- TIDA	IMPORTE SE- GUN PUN- TUACION	IMPORTE CONCEDIDO
28	205513/301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	24	1.804,80	1.804,80
29	205627/301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SIN- DROME DE DOWN	24	1.804,80	1.804,80
43	205744/301	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLA- DARES	23	1.729,60	1.729,60
23	205442/301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	22	1.654,40	1.654,40
27	205469/301	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	22	1.654,40	1.250,00
40	205718/301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFER- MOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DE- MENCIAS DE GALICIA	22	1.654,40	1.654,40
8	204518/301	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	21	1.579,20	1.579,20
37	205683/301	ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	21	1.579,20	1.579,20
12	205138/301	ASEM GALICIA	20	1.504,00	1.504,00
15	205167/301	RADIO ECCA FUNDACION CANA- RIA	20	1.504,00	1.504,00
44	205750/301	ASOCIACION GALEGA DE FAMI- LIAS NUMEROSAS (AGAFAN)	20	1.504,00	1.495,77
2	203542/301	ASOC PARKINSON DE VIGO	19	1.428,80	1.324,88
10	204993/301	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	19	1.428,80	1.428,80
22	205422/301	ASOCIACION CIUDADANA DE LU- CHA CONTRA LA DROGA (ALBO RADA)	19	1.428,80	1.428,80
25	205452/301	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRA- CIÓN	19	1.428,80	1.428,80
41	205719/301	ASOCIACION DA 3ª IDADE NEVOX	19	1.428,80	1.428,80



Concello de Vigo

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PUNTUA- CION OB- TIDA	IMPORTE SE- GUN PUN- TUACION	IMPORTE CONCEDIDO
42	205743/301	APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	19	1.428,80	1.428,80
16	205210/301	ASOCIACION ASPANAEX	18	1.353,60	1.353,60
38	205684/301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	18	1.353,60	1.353,60
39	205687/301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	18	1.353,60	1.353,60
11	205078/301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	17	1.278,40	1.101,10
14	205153/301	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	17	1.278,40	1.278,40
9	204571/301	ASOCIACION PARA LA PROMOCION DE LA SALUD AMAINA	16	1.203,20	1.203,20
31	205639/301	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	15	1.128,00	1.128,00

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 18.06.2020:

NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUA- CIÓN OB- TIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN	IMPOR- TE CON- CEDIDO
ASOCIACIÓN GALLEGA DE FIBROSIS QUISTICA	PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	2	BASE 3.4	0,00
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)	Servizo de Información, Asesoramento e Intervención Social para a Promoción da Autonomía Personal das Persoas con Discapacidade	0	BASE 6. d) e) f) g)	0,00
ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	NOVA SEMENTE: VIGOADICAM	2	BASE 3.4	0,00
BICOS DE PAPEL	ALOUMIÑO: PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL O NENO CON PATOLOXÍA ONCOHEMOTOLÓXICA	3	BASE 3.4	0,00

SOCIEDAD PARA EL DESARROLLO DE IDEAS Y TECNICAS PARA MINUSVALIDOS FISI (SODIM)	ACTIVIDADE 2020	0	BASE 3.4	0,00
FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	VIGO PESQUEIRO CON I DE IN-CLUSIÓN PARA PERSOAS MI-GRANTES E MINORÍAS ÉTNICAS	3	BASE 3.4	0,00
ASOCIACION KIARA DE APOYO A FAMILIAS ME-NORES Y MUJERES	VOA MOI ALTO	1	BASE 3.4 e BASE 6. g)	0,00
ASOCIACION KIARA DE APOYO A FAMILIAS ME-NORES Y MUJERES	PROXECTO VOLVORETA	0	BASE 3.4 e BASE 6. g)	0,00

I.7. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á vía administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan no expediente. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentouse un (1) por parte do representante da «Asociación Galega de Fibrose Quística» (CIF G-15088396), co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude da Xefatura de Área de Benestar Social.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2020 (BOP nº 123, do 30.06.2020; extracto BOP nº 125, do 02.07.2020).



Concello de Vigo

- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2020, desestimatorio da solicitude da «Asociación Galega de Fibrose Quística» de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases reguladoras das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES NA AREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2020».

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interponse en prazo (o acordo desestimatorio foi notificado o 14.10.2020) e forma (ppio. anti-formalista: Art. 115.2 LPACAP) polo responsable da entidade (D. Juan Antonio Da Silva Irago, presidente) e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP e Base décimo terceira), solicitando “*que se teñan en conta novamente os criterios expostos para unha nova valoración do proxecto presentado*” e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.4. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso:

- **Recurso:** Recurso de reposición presentado pola «Asociación Galega de Fibrose Quística» (G-15088396). Rexistro electrónico municipal: 14.10.2020; Cod. Solicitude W484131-8530; Doc. nº 200186658; Notificación acordo XGL: 14.10.2020; Exp. solicitude nº 203432/301; Exp. recurso nº 208911/301.
- **Fundamento:** Expoñen que a súa solicitude de subvención foi desestimada de acordo co Apdo. 3.4 das Bases aprobadas por “*non ter suficientes puntos no parte A requirida, posto que non ten suficiente antigüidade na cidade*”. Manifestan que non se lles deu a oportunidade de facer alegacións “*nin se emitiu requirimentos para poder alegar as consideracións oportunas*” e solicitan que “*se teña en conta que inda que a entidade non dispoña de delegación ata xaneiro de 2016 iso non quiere dicir que non se traballara na cidade con proxectos e actividades xa que a entidade ten máis de 30 anos, (Asociación galega fibrose quística número rexistro 104 <https://politicasocial.xunta.gal/XiacWeb/aEntidades.do>). Dende fai mais de 30 anos aténdense as persoas con fibrose quística a través de servizo de traballo social, sesións de fisioterapia, campañas de sensibilización*”.
- **Resposta:** A Base 9ª define os criterios de valoración aplicables ós proxectos e divide a puntuación en dous apartados. No apartado A) valóranse, ata un máximo de 10

puntos, os relacionados coa entidade, coa seguinte desagregación: ata 4 puntos os relacionados coa experiencia (determinada pola implantación na cidade) e ata 6 puntos os relacionados coa achega financeira. Quedan excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 4 puntos nos contidos deste apartado A). No apartado B) valóranse os criterios relacionados co proxecto.

Na documentación do proxecto da Asociación recorrente (“PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA”) figura unha achega propia de 2.000€, que representa unha porcentaxe de autofinanciamento do 11,77%. De acordo coa Base 9ª, valórase con 1 punto, por ser inferior ó 20% do importe do proxecto (17.000€).

Canto á experiencia, a data de inscrición da Asociación no Rexistro Municipal de Entidades foi o 15.07.2020. Indicaban na Memoria do seu proxecto e reiteran agora no recurso de reposición que a entidade non dispuxo de delegación en Vigo ata o ano 2016; polo tanto, valorouse correctamente a antigüidade na cidade como inferior a 5 anos, correspondéndolle neste apartado 1 punto. As Bases aplicables establecen que un dos requisitos que deben reunir as entidades é o de ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo; entendendo por “*delegación permanente*” (Base 6ª) aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.

Con todo, comprobadas as Memorias de actividades da Asociación dispoñibles no RUEPSS (a máis antiga é do 2011), obsérvase que aparecen nas anteriores a 2014 algunha referencia esporádica a actividades na cidade (unha charla no 2012 e sesións de fisioterapia a domicilio) aínda que non é ata o ano 2014 cando se detalla a actividade de fisioterapia xa dun xeito máis concreto, indicando o número de sesións (20) e a fisioterapeuta coa que contratan os servizos en toda a provincia.

Se tivéssemos en conta estas actividades desde o 2014, aínda obviando o relativo á ausencia de sede/delegación permanente en Vigo e que a fisioterapeuta coa que contratan os servizos é para toda a provincia, poderíamos considerar que teñen una experiencia na cidade de máis de 5 anos pero inferior a 10 anos, o que lle outorgaría unha puntuación de 2 puntos (Base 9ª). Aínda así, a nova valoración resultante (2 puntos experiencia + 1 punto autofinanciamento = 3 ptos.) seguiría sendo insuficiente para acadar a puntuación mínima esixida nas Bases referida ós criterios relacionados coa entidade (4 puntos). Polo tanto, a súa solicitude quedaría igualmente excluída en aplicación do último pfo. da Base 9ª.

Proposta: Desestimar o recurso.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte positiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado pola «Asociación Galega de Fibrose Quística», CIF n.º G-15088396, contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2020 polo que, en aplicación da Base 3ª, Pto. 4 e da Base 9ª, Apdo. A, Ptos. 1 e 2 e último pfo., se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro das bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2020».

SEGUNDO: Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(997).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”. EXPTE. 208822/301.

Visto o informe de fiscalización do 18/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 11/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O 30 de novembro de 2017, o Alcalde de Vigo e o Conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia e Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB) asinaron o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”» para o período 2017-2021.

I.2. O obxecto deste Convenio é o de regular o marco de colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo para continuar co desenvolvemento do Programa “Xantar na Casa”, que pretende «*facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús*» (Expoñendo II, Convenio).

I.3. Na cláusula terceira dese Convenio fixouse en **120** o número máximo de persoas beneficiarias deste servizo de comida a domicilio no Concello de Vigo. Sucede que, desde aquela data, a demanda incrementouse considerablemente, o que obrigaría a revisar a previsión inicial para adecuala ás necesidades reais da poboación vulnerable da nosa cidade á que se dirixe.

I.4. En efecto, o gran impacto sanitario, social e de toda índole sobre esa poboación da pandemia causada pola COVID-19 reforza, se cabe aínda máis, a necesidade de contar cun servizo ben dimensionado que lles garanta unha alimentación equilibrada e de calidade que cubra as súas necesidades básicas relacionadas coa compra e a elaboración de menús, máis alá do reforzo extraordinario puntual derivado da declaración da emerxencia sanitaria.

I.5. Así as cousas, a Concelleira delegada de Política Social do Concello de Vigo remitiu xa no mes de maio deste ano á Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia un oficio solicitando a sinatura dunha Addenda ó convenio en vigor a fin de ampliar o número máximo de posibles beneficiarios/as en Vigo (de 120 a 200), susceptible de ser ampliado no futuro por acordo das partes. Remitiuse tamén, xunto con aquel oficio, o borrador da Addenda redactado polo Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo.

I.6. O 02.10.2020 recíbese un correo electrónico da técnica xurídica do CGSIB co texto da Addenda proposto polo Consorcio, no que se recolle a variación indicada e, na mesma Cláusula 3ª, se suprimen as obrigas municipais de comunicar a partir de agora as novas altas no prazo máximo dun mes e de garantir un mínimo de 50 persoas beneficiarias para o programa.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.14/2013, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de racionalización do sector público autonómico.
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).



Concello de Vigo

- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- D.40/2014, do 20 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se crea a “Axencia Galega de Servizos Sociais” e se aproban os seus Estatutos.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. Tal como se prevé expresamente no propio Convenio en vigor (Cláusula terceira, 2º pfo.) e como se fixo xa no ano 2012 para incrementar tamén daquela o número máximo de beneficiarios/as establecido no convenio asinado o 15.10.2009, fixándoo en 120 (Addenda do 17.09.2012), propónse agora a modificación do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”» 2017-2021 mediante unha Addenda pola que se dá unha nova redacción á súa cláusula terceira, establecendo como número máximo de posibles beneficiarios/as do Programa “Xantar na Casa” na cidade de Vigo o de **200**, que é o que os servizos sociais deste Concello consideran axeitado para responder á demanda existente.

III.2. A proposta de Addenda remitida o 02.10.2020 polo CGSIB recolle esa demanda municipal de incremento de prazas e, como indicamos anteriormente, suprime ó mesmo tempo a obriga municipal de comunicar as novas altas no prazo máximo dun mes e de garantir un mínimo de 50 persoas beneficiarias; o que se estima tamén correcto.

III.3. De acordo coa súa Cláusula segunda, esta Addenda estará en vigor durante a vixencia do actual Convenio 2017-2021 e os seus efectos retrotráense ó 03.04.2020, que é a data a partir da que, como consecuencia da incidencia da COVID-19, comezaron a darse as altas das novas persoas usuarias por enriba do número de prazas inicialmente conveniado (120).

III.4. Por outra banda, o CGSIB informou recentemente da nova adxudicación do contrato de servizos a favor da empresa “Coesco-Deza, S.L.U.” e do novo prezo/menú aplicable a partir do 01.10.2020, que será de 6,60€ (antes: 6,27€), permanecendo invariables as porcentaxes de copagamento pactadas: 26,67% para usuarios/as e concellos (1,76€; antes: 1,67€) e 46,66% para o CGSIB (3,08€; antes: 2,93€).

III.5. Este novo custo non supera o máximo establecido na Cláusula sexta do Convenio en vigor, que fixouse en 7,5€ persoa/día, pero lóxicamente supón unha achega adicional de financiamento municipal ó servizo.

Agás mellor criterio da Intervención xeral municipal, estímase que o subrecusto representado polo incremento do número de prazas desde o 03.04.2020 e polo novo prezo/menú desde o 01.10.2020, que ascende a 21.594,00 €, podería financiarse con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.08 – “Programa Xantar na Casa”.

O desglose xustificativo dese gasto é o seguinte:

- 92 días (xullo, agosto e setembro 2020), cun máximo de 200 usuarios/as a 1,67 €/menú = 30.728€,
- 92 días (outubro, novembro e decembro 2020), cun máximo de 200 usuarios/as a 1,76€/menú = 32.384€.

Así pois, de acordo co exposto anteriormente, a cantidade necesaria para o cofinanciamento deste Programa en 2020 é a suma das anteriores; é dicir, de 63.112€. Actualmente dispónse de 41.518€, polo que resultaría preciso incrementar a diferenza, que é de 21.594,00€ (=63.112€- 41.518€).

Para o exercicio de 2021 figura no borrador de orzamentos a aplicación orzamentaria nº 2310.4539000 – “*Convenio Xantar na Casa*” dotada con 128.500,00 €, suficientes para cubrir o custo dos/as 200 usuarios/as ó novo prezo segundo o seguinte cálculo: 1,76€/día x 365 días x 200 usuarios/as = 128.480€.

III.6. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da aprobación da Addenda polo órgano competente (XGL), deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas do mesmo.

III.7. A competencia para aprobala correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social (Art. 127.1.g) LRBRL e Apdo. terceiro, Ptos. 5, 13 e 14 das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área.

III.8. A sinatura da Addenda en cuestión corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa (Resolucións do 18.06.2019 e 26.06.2019, Apdo. Terceiro, Pto. 5 e Base nº 40.2), á Concelleira delegada de Política de Benestar Social.

III.9. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede, a documentación que consta nos expedientes núms. 147839/301 (2017) e 208822/301 (2020) e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a Addenda ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” 2017-2021», co texto que consta no Exp. nº 208822/301 (trámite nº 16).



Concello de Vigo

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 21.594,00 €, correspondente ó sobrecusto representado polo incremento do número de prazas desde o 03.04.2020 e polo novo prezo/menú desde o 01.10.2020, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.08 (“Programa Xantar na Casa”) e o gasto de 128.500,00€ no ano 2021 con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310. 4539000 (“Convenio Xantar na Casa”); condicionado, neste caso, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos dese próximo exercicio».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO O 30.11.2017 ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA NO CONCELLO DE VIGO.

REUNIDOS

Doutra parte, D. Perfecto Rodríguez Muiños, na súa condición de xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo nomeamento do seu Comité Directivo do 12.11.2015 (DOG núm. 221, do 19 de novembro), mediante delegación de sinatura da Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar D^a. Fabiola García Martínez, e en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 07.07.2006) de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, D^a Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira-Delegada de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.6.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.6.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Punto 5).

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

I.- Que con data do 30 de novembro de 2017 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo asinaron un novo convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no Concello de Vigo, cunha vixencia temporal de catro (4) anos.

II.- Neste convenio as partes acordaron continuar coa realización do programa “Xantar na Casa” no Concello de Vigo, regulando o marco de colaboración para o seu desenvolvemento.

III.- En diferentes conversas mantidas entre as partes asinantes do convenio, púxose de manifesto que o número máximo de persoas beneficiarias do Programa previsto no convenio en vigor (120) resulta claramente insuficiente para responder á demanda deste servizo de comida a domi-

licio para a cidadanía viguesa que o está a demandar. Este desaxuste precisa ser corrixido, sendo esta a razón pola que se propón a tramitación dunha Addenda ao convenio.

As partes acordan que o número de persoas beneficiarias do Programa “Xantar na Casa” para o Concello de Vigo sexa, a partir do 3 de abril de 2020, de ata un máximo de 200 (duascentas), susceptible de ser incrementado por acordo de ambas as dúas partes.

Tendo en conta esta situación as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, realizan a presente addenda e

ACORDAN

CLÁUSULAS

Primeira. Modifícase a cláusula terceira do convenio de colaboración asinado o 30.11.2017, manténdose en vigor a mesma redacción da totalidade das demais cláusulas do convenio orixinal.

A cláusula TERCEIRA queda redactada como segue:

TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS NO PROGRAMA

O Concello facilitará ao Consorcio, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais e aprobación polo órgano competente municipal unha relación dun máximo de 200 futuras persoas beneficiarias do programa, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaria. Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarias do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan.

O número máximo de persoas beneficiarias do programa poderá ser modificado por acordo das partes, mediante a sinatura da correspondente addenda de modificación do convenio, atendendo ás necesidades detectadas e á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

Segunda. - A presente addenda estenderá os seus efectos desde o 3 de abril de 2020, e estará en vigor durante a vixencia do convenio asinado entre as partes o 30 de novembro de 2017.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data abaixo indicados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

7(998).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA -CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 3212/611.

Visto o informe de fiscalización do 19/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:



Concello de Vigo

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto simplificado da “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA- CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES.

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de setembro do 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 18 de setembro de 2020 asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación, para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA- CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES.

Terceiro: autorizar o gasto polo importe base máximo de licitación de 59.000,00 €, e sendo o valor estimado do contrato de 48.760,33 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.629.000 “Equipamento deportivo das instalacións ” do orzamento 2020.

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- a) *Acordo de non admisión neste procedemento de FEBEGA SPORTS, S.L., adoptado na sesión do 30 de outubro de 2020, por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.*
- b) *Acordo de exclusión deste procedemento de GYMNOSPORT GYMNOVA, S.L., adoptado na sesión do 4 de novembro de 2020, por non achegar todas as fichas técnicas esixidas no apartado 6B do prego de cláusulas administrativas particulares e non cumprir cos requirimentos do prego de prescricións técnicas particulares (cláusula II “196 Placas de espuma en forma de puzle de 5 cm. de espesor (mínimo e que cumpra coa norma FIG)”), motivos de exclusión previstos, respectivamente, no apartado 6B citado e na cláusula 14.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L.	100 puntos

Teceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L. (B-65.720.229), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Cando proceda, o compromiso da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adxudicatario”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L., o día 6 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L., de conformidade co informe de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" de data 4 de novembro de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L. (B-65.720.229) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 51.425,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.925,00 euros.*
- b) *Incrementa o período de garantía sobre o mínimo esixido de 3 anos en 1 ano.*
- c) *Reduce o tempo de resposta fixado no PPT (72horas) para o servizo de atención postventa durante o período de garantía en 48 horas.*
- d) *Achega o certificado Forest Stewardship Council (FSC) dos fabricantes.*
- e) *Achega o certificado OEKO-TEX Standar 100 o Made in green OEKO-TEX dos fabricantes.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(999).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN PARCIAL DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS “SANTA CRISTINA-LAVADORES” E COSTEIRA-SAIÁNS” PARA O PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. EXPTE. 24359/332.

Visto o informe de fiscalización do 19/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e Costeira-Saiáns” para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e Costeira-Saiáns” para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 22/06/2020 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 16/07/2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 2.392.231,76 euros (598.057,94 € nas anualidade de 2021, 2022, 2023 e 2024) para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, por procedemento aberto, con cargo ás partidas presupostarias 3230.227.99.04 (“EIM Santa Cristina-Lavadores”), 3230.227.99.07 (“EIM Costeira-Saiáns”), e bolsa de vinculación, de conformidade co seguinte cadro:



Concello de Vigo

Partida	Escola	2021	2022	2023	2024
3230.227.99.04	Xestión EIM Santa Cristina-Lavadores	299.028,97	299.028,97	299.028,97	299.028,97
3230.227.99.07	Xestión EIM Costeira-Saiáns	299.028,97	299.028,97	299.028,97	299.028,97
	TOTAL	598.057,94	598.057,94	598.057,94	598.057,94

Ao tratarse da tramitación anticipada dun contrato cuxa execución material vai comezar no próximo exercicio, conforme ao previsto na D.A. 3ª LCSP, sométese a súa adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financiaron o contrato.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de novembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de outubro de 2020, dos licitadores que deseguido se relacionan, dos lotes 1 e 2 deste procedemento, por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. ARASTI BARCA MA, S.L.
2. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e “Costeira-Saiáns” para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “EIM Santa Cristina-Lavadores”

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	98,00
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	85,76
3	FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	80,88
4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	71,07

- Lote 2 “EIM Costeira-Saiáns”

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	94,25

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	87,50
3	FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	75,80
4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	63,21

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 3 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 13 e 17 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 15 de outubro de 2020 e 26 de outubro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de outubro de 2020, dos licitadores que deseguido se relacionan, dos lotes 1 e 2 deste procedemento, por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*
 - ARASTI BARCA MA, S.L.
 - EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.

2. *Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o lote 1 “EIM Santa Cristina-Lavadores” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e Costeira-Saiáns” para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 1.076.240 euros euros (exento de IVE)*
 - b) *Propón a realización de 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
 - c) *Propón a realización de 10 actividades de escola de pais anuais.*

3. *Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o lote 2 “dEIM Costeira-Saiáns” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e Costeira-Saiáns” para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 1.076.240 euros euros (exento de IVE)*
 - b) *Propón a realización de 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
 - c) *Propón a realización de 10 actividades de escola de pais anuais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1000).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 3275/611.

Visto o informe de fiscalización do 23/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da "CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACION, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE DEPORTES

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de maio de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 29 de maio de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación para "CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACION, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE DEPORTES



Concello de Vigo

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 1.202.971,38 €, e sendo o valor estimado do contrato de 2.087.801,56 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluída na aplicación orzamentaria 3420.2279918 "Apertura e peche de instalacións" (573.442,38 €) e 3410.2279904 "Prestacións e Patrocinios" (28.043,31 €)

Distribución anual orzamentaria:

DISTRIBUCION ORZAMENTARIA	PARTIDA ORZAMENTARIA	PERIODO	IMPORTE
ANO 2020	3420.2279918	01/09/2020 a 31/12/2020	213.026,18 €
ANO 2021	3420.2279918	01/01/2021 a 31/12/2021	601.485,69 €
ANO 2022	3420.2279918	01/01/2022 a 31/08/2022	388.459,51 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de setembro de 2020, de SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UNIUM SERVICIOS AUXILIARES	84,10
2	INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.	82,38
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	80,34
4	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	72,43
5	EULEN, S.A.	35,93

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIUM SERVICIOS AUXILIARES (B-72.245.798), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, o día 9 de outubro de 2020, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada pero acordou non continuar coa tramitación do procedemento e solicitar informe ao servizo xestor en relación coa comprobación solicitada por INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVICIOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. en escrito presentado o 29 de outubro do cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor.

Quinto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 16 de novembro de 2020, aceptou o informe emitido o 11 de novembro de 2020 polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e o programador informático en relación co cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor esixidos no apartado 6A no Anexo I -FEC- do PCAP de todos os licitadores presentados a esta licitación, así como o informe da mesma data do adxunto ao xefe do Servizo de Deportes en relación coa nova valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á vista do informe anterior.

Así mesmo, a Mesa acordou continuar coa tramitación do expediente sen necesidade de retrotraer actuacións, *“dado que a nova orde de clasificación das proposicións non varía en absoluto respecto da clasificación aprobada o 5 de outubro de 2020, polo que a retroacción de actuacións resultaría inútil e artificiosa. O principio de economía procesal pugna contra calquera retroacción de actuacións das que non se derivaría alteración do sentido do acto impugnado (Sentencia do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do 23 de febreiro de 2012)”* e conceder un prazo de tres días a UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, S.L. para que puidese emendar a documentación presentada o 26 de outubro (acreditación da solvencia técnica e presentación do anexo IV do PCAP).

O citado licitador presentou a nova documentación dentro do prazo concedido, o 20 de novembro de 2020.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 e 30 de setembro de 2020, respectivamente; así como do informe de data 11 de novembro de 2020 sobre a nova clasificación do procedemento unha vez aplicado o desconto por incumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de setembro de 2020, de SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a UNIUM SERVICIOS AUXILIARES (B-72.245.798) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) por un prezo total de 1.202.971,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 208.780,16 euros cos seguintes prezos unitarios:*
 - *O prezo unitario de hora ordinaria é de 13,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,42 euros.*
 - *O prezo unitario de hora festiva é de 15,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,61 euros.*
 - *O prezo unitario de hora nocturna de 14,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,57 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1001).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTE- NIMENTO DOS SISTEMAS DE SELADO DE TEMPO (TSU) E DE CLAVES CENTRA- LIZADAS(CKC) EN HSM. EXPTE. 9149/113.

Visto o informe de fiscalización do 23/11/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón Xeral (P.D. da xefa do Servizo de

Contratación do 21/06/19) e pola adxunta ao xefe do Servizo de Admón. Electrónica, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado ordinario, coa finalidade de realizar a contratación do mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola adxunta ao Xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración electrónica en data 14/04/2020, e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal de data 15/04/2020.
- Memoria económica de data 21/05/2020, e memoria económica corrixida de data 20/07/2020, asinadas nas mesmas datas pola adxunta ao xefe do servizo e o Xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformada pola Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares, de data 25/05/2020, asinado pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa de data 20/07/2020, asinado pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica e co conforme da Concelleira delegada na mesma data.
- Informe do Servizo de Contratación, de data 21/07/2020, sobre a realización das comprobacións necesarias
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento negociado sen publicidade, asinado en data 04/08/2020 pola Técnica de Administración Xeral de Contratación por ausencia da Xefa do servizo de Contratación.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 36.300,00€, que inclúe un IVE de 6.300,00€, dende o 01/09/2020, que se imputará as seguintes partidas por exercicio:

exercicio	concepto	partida	base	ive	total
2020	Mantemento da TSU	9207.2279900	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
2020	Mantemento do Sistema de CKC en HSM	9207.2279900	7.500,00 €	1.575,00 €	9.075,00 €
<i>Subtotal por partida en 2020:</i>			<i>12.000,00 €</i>	<i>2.520,00 €</i>	<i>14.520,00 €</i>
2020	Incremento 200 licenzas no sistema CKC	9207.2279902	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
<i>Total exercicio 2020:</i>			<i>18.000,00 €</i>	<i>3.780,00 €</i>	<i>21.780,00 €</i>

2021	Mantemento da TSU	9207.2279900	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
2021	Mantemento do Sistema de CKC en HSM	9207.2279900	7.500,00 €	1.575,00 €	9.075,00 €
<i>Total exercicio 2021:</i>			<i>12.000,00 €</i>	<i>2.520,00 €</i>	<i>14.520,00 €</i>

TOTAL CONTRATO:			30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
-----------------	--	--	-------------	------------	-------------

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- O 16 de outubro de 2020 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a AC CAMERFIRMA, S.A., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 29 de outubro de 2020 AC CAMERFIRMA, S.A., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 3 de novembro de 2020, reúnense a adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose a capacidade e solvencia do licitador, polo que se procedeu á apertura da documentación económica contida no sobre B, de conformidade coa cláusula 18.3º.2 do PCAP.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Revisada a proposición, a adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica comprobou que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto na cláusula 18.1º do PCAP e o apartado 1.I do Anexo I -FEC-, non procede a negociación porque “o servizo obxecto desde contrato soamente pode ser encomendado a un empresario e as características e requisitos técnicos están moi definidos e determinados”. Por outra banda, “Neste procedemento non se fixan criterios para determinar se as ofertas conteñen valores anormais” (cláusula 20 do PCAP) .

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 23.5 do PCAP, formulouse proposta de clasificación.

Polo Servizo de Contratación comprobouse que o licitador se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Concello de Vigo) e coa Seguridade Social. Esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 5 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador
1	AC CAMERFIRMA, S.A.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AC CAMERFIRMA, S.A. (A-82.743.287), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP e a esixida na cláusula 23 do PCAP:

- 1. A documentación esixida na cláusula 8.4 (documentos acreditativos da representación e da solvencia). A documentación acreditativa da personalidade xurídica non é necesaria por estar inscrito o licitador no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público.*
- 2. A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.C do Anexo I -FEC- .*
- 3. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- 4. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29 , conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Sexto.- O citado acordo foi notificado a AC CAMERFIRMA, S.A. o día 6 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida ~~o~~ 19 de novembro, dentro do prazo concedido. Revisada a documentación e sendo correcta, procede formular proposta de adxudicación ao abeiro do previsto na cláusula 23.5 do PCAP.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado, AC CAMERFIRMA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 3 de novembro de 2020 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AC CAMERFIRMA, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM (9.149-113) por un prezo total de 35.695,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 6.195,00 euro, coas seguintes condicións:

- Propón 10 licenzas adicionais para o sistema CKC en HSM sen incremento do custo.*
- Comprométese a acadar a interoperabilidade dos certificados CKC no HSM nas sedes e portais das administracións públicas, dende sistemas Windows e Linux (Ubuntu), para identificación e sinatura electrónica.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1002).- DECISIÓN DE NON ADXUDICAR O CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 8922/336.

Dáse conta do informe-proposta do 24/11/2020, asinado polo técnico de Admón. Xeral de Contratación, a xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2
- Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2
- Orde SND/458/2020, do 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade
- Resolución do 12 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral Técnica do Consello de Saúde pola que se aprobou o Acordo do Consello de a Xunta de Galicia, sobre medidas preventivas necesarias para afrontar a crise sanitaria provocada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan de transición cara a unha nova normalidade
- Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2020 estableceu medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, por procedemento aberto, da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de febreiro de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico (expediente 8922-336), a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo o apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP, este contrato ten por obxecto a prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil recollidas na cláusula 2 do PPT.

Segundo.- En data 11 de febreiro de 2020 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo. Durante o prazo de presentación de ofertas presentaron oferta os seguintes licitadores:

- ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.
- XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.

Todos eles resultaron admitidos no presente procedemento na sesión da Mesa de contratación de data 12 de marzo de 2020.

Terceiro.- En data 28 de abril de 2020, a Concelleira delegada de Contratación, resolveu:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP “A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	94,5 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- En data 7 de maio de 2020 a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, formulou a seguinte proposta ao órgano de contratación:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP “A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC.*
2. *Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681) o procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 339.154,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.832,20 euros.*
 - b) *Propón a realización de 4 actuacións en directo (mínimo de 3 grupos) na cidade, preferentemente en época estival.*
 - c) *Propón a realización de 200 horas de formación musical realizadas por profesionais externos (superior ao mínimo esixido de 250 horas anuais).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Quinto.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías delegadas de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Sexto.- O 26 de maio de 2020, D. Xosé Ares González, en nome representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., interpuxo recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de Contratación adoptado na sesión de 28 de abril de 2020, de exclusión do citado procedemento.

Sétimo.- A Orde SND/458/2020, do 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, sinala no seu artigo 43 “Actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil”.

1. *“Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, sempre que se garanta o cumprimento das recomendacións de prevención e hixiene do Ministerio de Sanidade e a dispoñibilidade de un procedemento para o manexo de po-*



Concello de Vigo

sibles casos de COVID-19; así como aquelas outras condicións que, no seu caso, estableza a autoridade competente da comunidade autónoma na que se realicen ditas actividades”.

Oitavo.- O Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece a obrigatoriedade das máscaras.

Noveno.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de xuño de 2020, tomou razón da Resolución nº 72/2020 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 71/2020, interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., contra a exclusión da súa oferta na contratación da prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil recollidas na cláusula 2 do PPT, expediente 8922-336. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Décimo.- Con data do 13 de xuño de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 12 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral Técnica do Consello de Saúde pola que se aprobou o Acordo do Consello de a Xunta de Galicia, sobre medidas preventivas necesarias para afrontar a crise sanitaria provocada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan de transición cara a unha nova normalidade, na que inclúen as medidas de prevención aplicables despois da superación da devandita fase e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria, que, tal e como se indica no devandito acordo, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adaptación a a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

“3.29. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao 75 por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de 250 participantes, incluíndo os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o 50 por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 150 participantes, incluíndo os monitores.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento das actividades ou, no seu defecto, para a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara. En todo caso, seguiranse os protocolos que se elaboren para este tipo de actividades.

3. As actividades deberán realizarse en grupos de ata 15 persoas participantes, máis os monitores correspondentes, que intentarán traballar, na medida do posible, sen contacto entre os demais grupos”.

Décimo primeiro.- A Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2020 estableceu medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo terceiro.- Mediante Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, prorrogado polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro ata maio de 2021.

Décimo cuarto.- En data 23 de novembro de 2020, a xefe do Servizo de Xuventude coa conformidade da concelleira delegada de Xuventude e Turismo, solicita ao Servizo de contratación a tramitación da proposta de non adxudicación do citado contrato nos seguintes termos:

"Primeiro.- En data 7 de maio de 2020 a Mesa de Contratación, formulou proposta de adxudicación do contrato de servizos de "xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil", ao órgano de contratación, na que se acorda:

- 1) Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación, na sesión do 28-04-2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2 B) do PCPA.
- 2) Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27762681) o procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude.

Segundo.- D. Xosé Ares González, en nome e representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., mediante escrito presentado en data 26 de maio de 2020 no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de Contratación adoptado na sesión de 28 de abril de 2020, de exclusión do citado procedemento. No seu escrito de interposición, o recorrente solicita a medida cautelar de suspensión do procedemento.

Interposto o recurso especial, o Servizo de Contratación solicitou informe sobre o seu contido ao servizo xestor. Este foi evacuado en data 28 de maio de 2020.

Terceiro.- En data 2 de xuño de 2020 o TACGal, resolve adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación da "prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil recollidas na cláusula 2 do PPT, expediente 8922-336 do Concello de Vigo".

Cuarto.- En data 8 de xuño de 2020, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) ditou Resolución (nº 72/2020) na que tras expoñer os antecedentes de feito e fundamentos de dereito resolve:

- 1) Desestimar o recurso interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. contra a exclusión da súa oferta na contratación da prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil recollidas na cláusula 2 do PPT.
- 2) Levantar a suspensión acordada no seu día.



Concello de Vigo

Quinto.- En data 11 de xuño de 2020 a XGL, en sesión ordinaria da mesma data, acorda “dar conta da resolución do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Atlántic Ponte 2000 SLU na contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude”.

Sexto.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías delegadas de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Sétimo.- A Orde SND/458/2020, do 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, sinala no seu artigo 43 “Actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil”.

1. “Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, sempre que se garanta o cumprimento das recomendacións de prevención e hixiene do Ministerio de Sanidade e a dispoñibilidade de un procedemento para o manexo de posibles casos de COVID-19; así como aqueloutras condicións que, no seu caso, estableza a autoridade competente da comunidade autónoma na que se realicen ditas actividades”.

Oitavo.- Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas preventivas necesarias para afrontar a crise sanitaria provocada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan de transición cara a unha nova normalidade, na que inclúen as medidas de prevención aplicables despois da superación da devandita fase e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria, que, tal e como se indica no devandito acordo, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adaptación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e concretamente a cláusula 3.29 establece medidas concretas respecto a “Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil”.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para **procurar manter a distancia de seguridade** interpersonal durante o desenvolvemento das actividades ou, no seu defecto, para a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara. En todo caso, seguiranse os protocolos que se elaboren para este tipo de actividades.

Noveno.- O artigo 6 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece a **obrigatoriedade das máscaras**.

En paralelo ás medidas adoptadas polo Goberno da Nación, a Xunta de Galicia para facer fronte aos rebrotes do COVID-19, adopta unha serie de medidas, reflectidas na Resolución do 25 de xuño de 2020, pola que modifica o Acordo do 12 de xuño de 2020, entre as que se atopa a **obrigatoriedade do uso de máscaras**.

Décimo.- Coa finalidade de dar resposta a estas situacións, o Pleno del Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordou, por consenso, con data 14 de agosto de 2020, que fosen declaradas unha serie de medidas como actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19. En concreto, acordáronse medidas de control en relación cos locais de lecer, hostalería e restauración, consumo de tabaco, etc. Así mesmo, propuxéronse tres recomendacións na liña de limitar os encontros sociais fora do grupo de convivencia estable.

Décimo primeiro.- Neste senso, a Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2020 estableceu medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que afectan, entre outros moitos, ás bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, máis restritivas que as previstas na Orde do 14 de outubro de 2020, tanto no que atinxe ás limitacións de grupos de persoas como ás limitacións de capacidade e outras restricións respecto de actividades concretas.

Décimo segundo.- Mediante Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, prorrogado polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro ata maio de 2021.

Ante os feitos anteriormente relatados e en vista do Estado de Alarma decretado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS CoV-2 e tendo en conta as medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica establecidas mediante Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, solicítase desde este Servizo de Xuventude **a paralización definitiva e en consecuencia desistir, da tramitación do expediente número 8922-336 polo que se está a tramitar a contratación, por procedemento aberto, da xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil.**

Segundo o devandita orde e en ausencia dunha vacina para o COVID-19, débense tomar **medidas de saúde pública de carácter non farmacolóxico** a fin de reducir a taxa de contaxio na poboación, **evitando a agrupación de persoas** sen relación de convivencia e manter o distanciamento entre estas, así como reducir a mobilidade das poboacións. De feito, existe evidencia de que o contacto social nos espazos pechados conleva un alto risco de transmisión do virus por medio de aerosois.

Doutra banda, a Xunta de Galicia, a través da Orde de 21 de outubro de 2020, limitou en toda **a comunidade autónoma os grupos** para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, **a un máximo de cinco persoas**, excepto no caso de persoas conviventes.



Concello de Vigo

En definitiva, impóñense unha serie de medidas de seguridade moi rigorosas cuxo cumprimento, o Concello, como titular dos espazos onde se van a desenvolver as actividades obxecto do contrato, ten o deber e a responsabilidade de garantir, de conformidade co mandato imposto no artigo 3 do citado decreto de 12 de xuño de 2020.

As materias principais obxecto de contrato comprenden as seguintes actividades:

- 1. Actividades musicais; ensaios de grupos de mozos e mozas de 13 a 30 anos,, gravación de maquetas, arranxos e composicións, actuacións en directo, etc.*
- 2. Actividades de dinamización xuvenil: Encontros de mozos/as para charlar, compartir experiencias, visionar vídeos propios, coñecer xente, escoitar música, facer actividades conxuntas, etc.*

É por isto que ante a situación actual creada pola pandemia da COVID-19 o Servizo de Xuventude, coa finalidade de evitar a agrupación de mozos e mozas, manter o distanciamento entre estas e garantir o uso de máscaras, considera que non é aconsellable a adxudicación do contrato polos seguintes motivos:

- É necesario a implementación de medidas e protocolos específicos para a súa adaptación ás circunstancias actuais, seguindo os criterios que marcan as esixencias sanitarias e a normativa mencionada sendo imposible pode garantir o uso das máscaras no estudo de gravación nin nas salas de ensaios dos grupos musicais xa que os seus integrantes cando cantan retiran as mesmas.*
- Durante o canto prodúcese unha propagación maior do virus en forma de aerosol.*
- As salas de ensaio están dirixidas principalmente a mozos e mozas de entre 13 e 30 anos, especialmente, grupos ou outro tipo de formacións musicais (cantautores, dúos, bandas, etc.), polo que a realización destas actividades supón unha concentración de xente moza que pode favorecer situacións con risco de contaxio. Debemos ter en conta que a poboación infantil e xuvenil é maioritariamente asintomática e que pode ser transmisora da enfermidade.*
- Os locais de ensaio carecen de total ventilación debido a que estes espazos teñen que estar insonorizados, polo que non é posible ventilalas regulamente durante os ensaios.*
- O tipo de actividades obxecto do contrato, polo público xuvenil ao que vai dirixido, da lugar a que exista unha maior confianza e relaxación nas medidas de distancia de seguridade, de ventilación e de hixiene.*
- Nestas circunstancias resulta moi dificultoso garantir a limpeza-desinfección continua dous instrumentos, mesas de gravación, micrófonos ou altavoces, entre outros.*

Neste contexto e polas razóns puramente de interese público, derivada exclusivamente da situación actual da pandemia ocasionada pola COVID-19, este Servizo de Xuventude, considera conveniente:

- 1. Non adxudicar o contrato de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil, a fin***

de axustarse á legalidade vixente na actualidade no tocante aos Protocolos COVID establecidos.

2. Anular a autorización de gasto do preste expediente”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I-

DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
 - Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
 - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

-II-

DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

a) Non formalización do contrato:

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou. De feito, a Xunta de Goberno local non chegou a adxudicar o contrato.

b) Causa:

A causa alegada para a decisión de non adxudicar o contrato está fundada en razóns de interese público por mor da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

Concretamente, o informe do Servizo de Xuventude de data 23 de novembro indica “coa finalidade de evitar a agrupación de mozos e mozas, manter o distanciamento entre estas e



Concello de Vigo

garantir o uso de máscaras, considera que non é aconsellable a adxudicación do contrato polos seguintes motivos:

- É necesario a implementación de medidas e protocolos específicos para a súa adaptación ás circunstancias actuais, seguindo os criterios que marcan as esixencias sanitarias e a normativa mencionada sendo imposible pode garantir o uso das máscaras no estudo de gravación nin nas salas de ensaios dos grupos musicais xa que os seus integrantes cando cantan retiran as mesmas.*
- Durante o canto prodúcese unha propagación maior do virus en forma de aerosol.*
- As salas de ensaio están dirixidas principalmente a mozos e mozas de entre 13 e 30 anos, especialmente, grupos ou outro tipo de formacións musicais (cantautores, dúos, bandas, etc.), polo que a realización destas actividades supón unha concentración de xente moza que pode favorecer situacións con risco de contaxio. Debemos ter en conta que a poboación infantil e xuvenil é maioritariamente asintomática e que pode ser transmisora da enfermidade.*
- Os locais de ensaio carecen de total ventilación debido a que estes espazos teñen que estar insonorizados, polo que non é posible ventilalas regulamente durante os ensaios.*
- O tipo de actividades obxecto do contrato, polo público xuvenil ao que vai dirixido, da lugar a que exista unha maior confianza e relaxación nas medidas de distancia de seguridade, de ventilación e de hixiene.*
- Nestas circunstancias resulta moi dificultoso garantir a limpeza-desinfección continua dos instrumentos, mesas de gravación, micrófonos ou altavoces, entre outros.*

c) Xustificación da causa:

Coa exposición da concorrencia desta causa cumprírase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.

-III-

DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a desistencia do procedemento aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP). Como se indicou no fundamento II, neste procedemento presentáronse dous licitadores:

- ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.
- XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.

Así mesmo, deberá informarse á Comisión Europea cando o contrato tiña sido anunciado no DOUE, circunstancia que concorre neste caso (artigo 152.1 LCSP).

Deberá compensarse aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 152.2 LCSP). Prevé a cláusula 12.3 do PCAP que rexe esta contratación que *“esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros”*.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Decidir non adxudicar o contrato de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (expte. 8.922-336) polas razóns expostas no fundamento de dereito segundo deste informe.

2º.- Notificar este acordo ao á Comisión Europea (artigo 152.1 da LCSP), aos licitadores presentados, ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. e XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., e publicalo no perfil de contratante”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1003).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONTRATO DE EMERXENCIA DE ADAPTACIÓN DAS INSTALACIÓNS, PROVER DOS MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS E REALIZAR OS TRABALLOS DE DESINFECCIÓN EXTRAORDINARIOS FRONTE Á COVID-19 DAS ÁREAS E ELEMENTOS DE MOBILIARIO DAS INSTALACIÓNS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES, DE USO PÚBLICO, DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3944/611.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.

O Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas pola SARS CoV-2.

Por último o DECRETO 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, adoptou medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Segundo.- En data 23 de novembro de 2020, o O ADXS director técnico servizo deportes elabora memoria xustificativa na que pon de releve a necesidade de contratar a adaptación das instalacións, prover dos medios materiais necesarios e realizar os traballos de desinfección extraordinarios a normativa fronte á COVID-19 das áreas e elementos de mobiliario das instalacións das piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, identifica as características do contrato que pretende celebrar e xustifica a elección do contratista, FCC Aqualia S.A .

As características do contrato son as seguintes:

- O prezo do contrato é de 69.334,92 € con iva segundo o desglose adxunto.

- O periodo de execución do temporal do contrato é dende o 15 de xuño ata o 31 de decembro de 2020.
- A forma de pago do prezo será mediante a presentación das facturas correspondetes unha vez realizado o servizo e a compra dos medios materiais necesarios.
- No presente contrato, dada a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.
- O responsable do Contrato será o Adxunto XS director técnico do servizo de deportes

UNIDADES	CONCEPTOS	Prezo euro	Importe euro
	PRODUCTOS DESINFECCIÓN		
80	gel hidroalcohólico bote 5 litros (66999 - pre-pi0145)	70,5	5.640,00
340	limpiador desinfectante hidroalcoholico bactericida y virucida 1l.	6,8	2.312,00
110	biofresh bac 5 lto - limpiador general desinfectante	10,2	1.122,00
90	bobina celulosa 175 mt.	5,7	513,00
			0,00
	ELEMENTOS DE DESINFECCIÓN, DOSIFICACIÓN E RECOLLIDA RESIDUOS		0,00
6	alfombrilla desinfectante 85x 200	282,5	1.695,00
6	contenedores entrada	56,5	339,00
40	papeleras inox con tapa	27,1	1.084,00
50	portabobina papel industrial pie	21,7	1.085,00
20	dosificador xabón smart blanco 1 lto	10,8	216,00



Concello de Vigo

40	dosificador automatico xel abs 1 lto	40	1.600,00
20	dispensador papel cubre asientos wc	14,5	290,00
			0,00
	ELEMENTOS DE PROTECCIÓN		0,00
10	cubresillas hixienico (rollo 250 uds)	37	370,00
306	papel cubre asientos wc (125 unid)	4,8	1.468,80
6	mampara at.cliente o separadora 750x800-x250mm	123,2	739,20
52	pantalla facial Recepción, SOS y Limpieza:	16,9	878,80
			0,00
	PROCESOS DE INFORMACIÓN, CONTROL AFOROS e SINALIZACIÓN		0,00
4	paneis informativos caballete	293,8	1.175,20
174	fichas taquillas control usuarios	1,8	313,20
48	vinilos portas vestiario	20,7	993,60
348	identificadores de zona para vestuarios e taquillas	0,8	278,40
350	tarxetas identificadoras bicolor	0,9	315,00
25	carteis normas covid-19	45	1.125,00
4	totem información	325,4	1.301,60
			0,00

	PROCESOS DESINFECCIÓN INSTALACIONES		
70	Horas procesos desinfección instalaciones (17,5 horas por instalación 12 operarios)	18,68	1.307,60
1.666,98	horas de procesos de desinfección para os catro centros e para o periodo de 15 de xuño a 31 de decembro.	18,68	31.139,19
	TOTAL SEN IVE		57.301,59
	21% IVE		12.033,33
	TOTAL CON IVE		69.334,92

Terceiro.- Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 34202279908 que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

Cuarto.- Polo servizo de Contratación comprobouse que o licitador seleccionados ten aptitude para contratar.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.



Concello de Vigo

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos podese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ó coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal polas consideración seguintes que figuran na memoria xustificativa do servizo.

-II-

DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigação de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederáse á súa dotación.

2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Se renderá a conta justificativa do libramiento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 34202279908 que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“ Aprobar a contratación realizada polo Servizo de Deportes polo procedemento de emerxencia ao abeiro do disposto no artigo 120 da LCSP coa empresa FCC Aqualia S.A para a adaptación das instalacións, prover dos medios materiais necesarios e realizar os traballos de desinfección extraordinarios fronte á COVID-19 das áreas e elementos de mobiliario das instalacións das piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, de uso público, do Concello de Vigo **coas seguintes características:**

UNIDADES	CONCEPTOS	Prezo euro	Importe euro
	PRODUCTOS DESINFECCIÓN		
80	gel hidroalcohólico bote 5 litros (66999 - pre-pi0145)	70,5	5.640,00



Concello de Vigo

340	limpiador desinfectante hidroalcoholico bacteri- cida y virucida 1l.	6,8	2.312,00
110	biofresh bac 5 lto - limpiador general desinfectante	10,2	1.122,00
90	bobina celulosa 175 mt.	5,7	513,00
			0,00
	ELEMENTOS DE DESINFECCIÓN, DOSIFICACIÓN E RECOLLIDA RESIDUOS		0,00
6	alfombrilla desinfectante 85x 200	282,5	1.695,00
6	contenedores entrada	56,5	339,00
40	papeleras inox con tapa	27,1	1.084,00
50	portabobina papel industrial pie	21,7	1.085,00
20	dosificador xabón smart blanco 1 lto	10,8	216,00
40	dosificador automatico xel abs 1 lto	40	1.600,00
20	dispensador papel cubre asientos wc	14,5	290,00
			0,00
	ELEMENTOS DE PROTECCIÓN		0,00
10	cubresillas hixienico (rollo 250 uds)	37	370,00
306	papel cubre asientos wc (125 unid)	4,8	1.468,80
6	mampara at.cliente o separadora 750x800x250- mm	123,2	739,20

52	pantalla facial Recepción, SOS y Limpieza:	16,9	878,80
			0,00
	PROCESOS DE INFORMACIÓN, CONTROL AFOROS e SINALIZACIÓN		0,00
4	paneis informativos caballete	293,8	1.175,20
174	fichas taquillas control usuarios	1,8	313,20
48	vinilos portas vestiario	20,7	993,60
348	identificadores de zona para vestiarios e taquillas	0,8	278,40
350	tarxetas identificadoras bicolor	0,9	315,00
25	carteis normas covid-19	45	1.125,00
4	totem información	325,4	1.301,60
			0,00
	PROCESOS DESINFECCIÓN INSTALACIÓNS		
70	Horas procesos desinfección instalacións (17,5 horas por instalación 12 operarios)	18,68	1.307,60
1.666,98	horas de procesos de desinfección para os catro centros e para o periodo de 15 de xuño a 31 de decembro.	18,68	31.139,19
	TOTAL SEN IVE		57.301,59
	21% IVE		12.033,33
	TOTAL CON IVE		69.334,92



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1004).- INICIO DA RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 6558/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físicodeportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (PCAP)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 30 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores", autorizou o gasto e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 12 de novembro de 2018 a XGL acordou adxudicar este contrato a A BILLARDA, S.L., por un prezo de 39.131,40 euros e un prazo de dous anos. O contrato formalizouse o día 29 de novembro e comezou a súa execución o día 1 de decembro do mesmo ano.

Terceiro.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal.

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Cuarto.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Quinto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Sexto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sétimo.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Oitavo.- En data 3 de abril de 2020, A BILLARDA S.L. presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de declaración de imposibilidade de execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (expte: 17091-333) como consecuencia da situación xerada polo coronavirus covid-19.

Noveno.- O 24 de Abril, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a declaración de imposibilidade total de execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 (Expte. 64710-241), vixente ata a data actual:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (expte: 17091-333) formalizado con “A BILLARDA S.L.” como



Concello de Vigo

consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Décimo.- O 23 de novembro de 2020, o xefe do Servizo de Deporte emite informe dirixido ao Servizo de Contratación no que solicita a resolución deste contrato ante a imposibilidade de continuar o mesmo por causas sobrevidas derivadas da situación xerada polo COVID-19.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa ten por obxecto “a prestación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (apartado 2.A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato de servizos .

-II -

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 42 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211, 306 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de subministrados e servizos respectivamente, podemos concluir que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista. En todo caso o atraso inxustificable sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial del contrato, incluídas as posibles prórrogas.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de servizos (artigo 313 da LCSP):

- a) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data nel sinalada para o seu comezo, agás que no prego se sinalen outro menor.
- b) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinalen outro menor.



Concello de Vigo

- c) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

Reprodúcese a continuación o informe emitido polo xefe do Servizo de Deportes o 23 de novembro de 2020:

“ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2018 acordou adxudicar a A BILLARDA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físicodeportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333), asinado o día 29/11/2018 e unha duración de dous anos.

O 11 de marzo de 2020, a OMS declarou pandemia internacional a situación de emerxencia ocasionada polo brote de COVID-19.

O 12 de marzo, o Consello de Ministros adoptou as primeiras medidas urxentes para facer fronte á propagación da pandemia, en particular o Real Decreto Lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ó impacto económico do COVID-19.

Por Resolución da Alcaldía de data 12.03.20 adoptouse acordo de peche ao público de todas as instalacións municipais, obrigando polo tanto a suspender a actividade do programa de ximnasia para persoas maiores.

Con posterioridade, o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e as medidas nel contidas, así como as establecidas nos sucesivos reais decretos de prórroga do estado de alarma, constituíron o marco regulador básico da normativa adoptada para facer fronte á emerxencia provocada pola pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 14.03.2020, foi acordada a continuidade do peche, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución da Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19 e de data 15.03.20 de continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

En data 3 de abril de 2020, A BILLARDA S.L. presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de declaración de imposibilidade de execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (expte: 17091-333) como consecuencia da situación xerada polo coronavirus covid-19.

O 24 de Abril, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a declaración de imposibilidade total de execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores como consecuencia do coronavirus COVID-19 (Expte. 64710-241), vixente ata a data actual.

O 10 de xuño de 2020, o Boletín oficial do Estado, publicou o Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria polo COVID-19, co obxecto de previr posibles rebrotes, e con vistas á superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e eventualmente a expiración da

vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas prórrogas.

Non obstante, a evolución da situación epidemiolóxica tanto a nivel nacional como na Comunidade Galega e na cidade de Vigo en concreto, que provocaron a entrada en vigor dun novo estado de alarma nacional (RD 926/2020, de 25 de outubro), prorrogado a través do RD 95/2020 de 3 de novembro por un período de seis meses e a aplicación de novas medidas restritivas en canto a mobilidade e á reunión de persoas na comunidade Galega e en concreto na cidade de Vigo (Decreto 178/2020, de 30 de outubro), esixen a necesidade de ter que propoñer a resolución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento do programa de ximnasia para persoas maiores debido fundamentalmente a varios factores. Por unha banda, o grupo de persoas ó que vai dirixido o programa é un grupo de risco ó que as autoridades sanitarias recomendan o estrito cumprimento das normas preventivas, entre as que se atopa a distancia social ou evitar compartir espazos pechados, xa que as consecuencias dos contaxios na poboación da terceira idade son en moitas ocasións moi graves.

As actividades obxecto do programa se desenvolven en espazos que, si ben en condicións normais son axeitadas para elas, nas condicións actuais non semellan ser óptimas para estes grupos, xa que se trata de espazos pechados, nos que coinciden grupos de ata 15 persoas facendo exercicio físico.

O entorno de incertidumbre no que nos atopamos a día de hoxe, cun escenario a medio prazo que non ofrece máis que inseguridade e dúbidas sobre a estrutura e os condicionantes nos que terá que desenvolverse a actividade deportiva orientada a grupos de risco, obriga á Concellería de deportes a plantexar a resolución do contrato de servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" por imposibilidade material da súa execución polas causas descritas.

Á vista das anteriores circunstancias, fórmulase , a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Resolver o contrato de servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" por imposibilidade material da súa execución polas causas descritas, ante a imposibilidade de continuar o mesmo por motivo da pandemia do COVID-19 segundo os antecedentes descritos na proposta."

Tras un exame das causas de resolución, e á vista do informe do xefe do Servizo de Deportes, podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado d) do artigo 211.g da LCSP, a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato, como acontece neste caso. A consecuencia do COVID non resulta posible continuar coa execución do contrato máxime sendo os destinatarios do grupo de máis risco de contaxio.

-III-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas nor-



Concello de Vigo

mas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non corre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior. Neste caso non procede porque neste procedemento non se require a constitución de garantía definitiva (artigo 159.6g) da LCSP).
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

-IV-

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP.

O seu apartado 4 prevé que cando Cando a resolución se acorde polas causas recollidas na letra g) do artigo 211, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite a modificación contractual proposta pola Administración ao abeiro do artigo 205, que non é o caso.

Ao tempo de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato pola causa establecida no artigo 211.1.g poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. No

entanto, no caso que nos ocupa non resulta posible a iniciación dun novo procedemento en tanto continúe a situación de pandemia polo COVID.

-V-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Logo da audiencia ao contratista e ao avalista (cando proceda), emitirase informe proposta que resolverá o mesmo órgano competente, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), e no caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello Consultivo.

-VIII-

Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores" adxudicado a A BILLARDA, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local o 231 de outubro de 2018 por un prezo total de 31.600,00 euros e un prazo de execución de 2 anos, por concorrer a causa prevista no artigo 211..I.g da LCSP ("a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato").

2º.- Dar traslado deste acordo ao contratista, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción deste acordo para formular as alegacións que estime convenientes".



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1005).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE TRASNOS BÉISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2019/2020. EXPTE. 19580/333.

Visto o informe xurídico do 17/11/2020 e o informe de fiscalización do 18/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/11/2020, asinado polo xefe do servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 09/03/2020 o Trasnós Béisbol Club presentou, a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención por importe de 16.000,00€, vinculada ó desenvolvemento do proxecto de competición do deporte de base da entidade e do primeiro equipo, participante na liga da segunda categoría nacional e considerada de elite polo Concello de Vigo.

Segundo os datos que constan na documentación presentada pola entidade, dito proxecto deportivo tiña un orzamento de gastos de 56.060,00€, importe directamente relacionado con gastos federativos, material deportivo, desprazamentos, aluguer de instalacións, coordinador deportivo, arbitaxes, xestoría, impostos, campaña de promoción escolar e equipamento en relación ó desenvolvemento do proxecto deportivo presentado.

Non obstante, o 11 de marzo de 2020, a OMS declarou pandemia internacional a situación de emerxencia ocasionada polo brote de COVID-19.

O 12 de marzo, o Consello de Ministros adoptou as primeiras medidas urxentes para facer fronte á propagación da pandemia, en particular o Real Decreto Lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ó impacto económico do COVID-19.

Con posterioridade, o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e as medidas nel contidas, así como as establecidas nos sucesivos reais decretos de prórroga do estado de alarma, constituíron o marco regulador básico da normativa adoptada para facer fronte á emerxencia provocada pola pandemia.

Non foi ata o 10 de xuño de 2020, cando o Boletín oficial do Estado, publicou o Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria polo COVID-19, co obxecto de previr posibles rebotes, e con vistas á superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e eventualmente a expiración da vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas prórrogas.

Neste entorno sanitario descrito, tendo en conta o marco xurídico e a situación epidemiolóxica, as competicións na modalidade de béisbol viron suspendidas temporalmente as súas competicións, tendo que reaxustar toda a planificación deportiva e económica, totalmente afectada pola sucesivas restricións ao coincidir o período máis restritivo das medidas sanitarias co período no que teoricamente estaba previsto o desenvolvemento das competicións.

Unha vez superada a fase III do plan para a transición cara a unha nova normalidade, e atendendo ó marco xurídico e sanitario actual, que permite o desenvolvemento de determinadas competicións de carácter federado, o Trasnos Béisbol club, presentou con data 27/10/2020, unha nova proposta de subvención, unha vez aprobado un novo e reducido calendario de competición do primeiro equipo e confirmando a suspensión definitiva das competicións oficiais dos equipos de base. Dita proposta incluíu un orzamento que reduciu a súa previsión de gastos, dende os 56.060,00€ inicialmente previstos ata os 30.350,00€.

Non obstante finalmente con data 12/11/2020 a entidade remitiu unha aclaración do orzamento de ingresos e gastos da tempada deportiva (Doc. 200236474), na que detalla un orzamento de gastos total de 20.750,00€, cunha previsión de ingresos que inclúe unha partida de 8.000,00€ a través dunha subvención da Concellería de deportes do Concello de Vigo. Xunto coa aclaración do orzamento presentou unha reformulación da solicitude de subvención na que argumenta que tendo en conta a situación epidemiolóxica e as condicións nas que se desenvolveu a competición, que motivou unha importante redución da actividade deportiva e competitiva realizada, solicitan unha subvención ó Concello de Vigo por importe de 8.000,00€.

Considerando ás circunstancias descritas, tendo en conta que o proxecto inicial veuse gravemente alterado pola situación sanitaria, que provocou que unha parte moi relevante do proxecto tivera que ser suspendida e desencadeando por tanto unha redución moi significativa tanto a nivel deportivo como económico tal como a entidade describe no documento rexistrado con data 12/11/2020 no que reformula a proposta de solicitude de subvención ó Concello de Vigo, e atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, continúa-se coa tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 8.000,00 € dos 18.000,00€ previstos na partida orzamentaria 3410.489.00.12 a favor da entidade Trasnos Béisbol Club polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2019/2020, ao entender que este importe axústase ó desenvolvemento do proxecto deportivo finalmente presentado pola entidade e é sostible economicamente, avaliado na Concellería de deportes.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade de-



Concello de Vigo

portiva Trasnos Béisbol Club conta cun equipo de elite na modalidade de Béisbol na categoría "Primeira División Nacional".

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría de Primeira División Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2019/2020, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Trasnos Béisbol Club e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara ós valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal."*

e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a tramitación dunha subvención a favor do Trasnos Béisbol Club para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

O obxecto da proposta de subvención é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Trasnos Béisbol Club durante a tempada 2019-2020. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Primeira División Nacional, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A entidade Trasnos Béisbol Club impulsa e estimula ademais a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Béisbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.12 prevé nominativamente a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade deportiva Trasnos Béisbol Club.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións, plantéase a presente proposta co fin de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola dinamización do proxecto deportivo do Trasnos Béisbol Club como entidade de elite da cidade de Vigo na tempada deportiva 20019/2020.

O Trasnos Béisbol Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 19830-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Trasnos Béisbol Club conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.



Concello de Vigo

A lexislación aplicable, para esta subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2020, na partida orzamentaria 3410.489.00.12, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución de concesión cuxo texto se somete a aprobación.

O Trasnos Béisbol club presentou unha memoria xustificativa, na que figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo da entidade e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da beneficiaria das obrigas sinaladas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O técnico responsable do servizo de deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constará a adecuada xustificación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada

na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da presente proposta de subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na resolución de concesión da subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2019/2020. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.



Concello de Vigo

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de adxudicación de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente proposta de adxudicación de subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A concesión da subvención obxecto da presente proposta de adxudicación de subvención rexe-rase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesa tproposta de adxudicación de subvención ; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos mu-nicipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comu-nicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao dis-posto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución da proposta establécese en base as memorias e informes que a motivaron e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de in-terpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida in-correr a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de resolución de concesión e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

En relación a extinción e resolución.

1. A proposta extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu ob-xecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade da proposta de adxudicación.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

A Vixencia desta proposta é pola actividade desenvolta pola entidade Trasnos Béisbol Club du-rante a tempada deportiva 2019/2020, tendo a obriga de presentar a documentación para a xus-tificación do mesmo, nun prazo non superior a 5 días naturais desde a aprobación da proposta pola xunta de goberno local, e en calquera caso antes do 1 de decembro de 2020.



Concello de Vigo

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

Respecto a tramitación cabe sinalar que a situación de crise sanitaria imposibilitou a tramitación, ata a data actual, da proposta de adxudicación da subvención, xa que non foi ata fai moi breves datas cando se confirmou a celebración da competición da primeira división de béisbol, aínda que adaptada e reducida significativamente.

Cabe destacar que independentemente da suspensión das competicións de base aínda que continuaron os adestramentos, e a redución da configuración da competición de elite do primeiro equipo da entidade, o proxecto continuou desenvolvéndose, adaptado á situación sanitaria, o que xustifica a estimación parcial da solicitude proposta de aprobación parcial da subvención.

Visto o que antecede, procede a tramitación do expediente polo que coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Deportes e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO: Estimar a solicitude de subvención a favor do Trasnos Béisbol Club atendendo ó desenvolvemento do proxecto deportivo da entidade durante a tempada 2019/2020 por un importe de 8.000,00€

SEGUNDO: Aprobar o texto da resolución proposta a favor da entidade deportiva Trasnos Béisbol Club para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2019/2020, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución tal como segue:

- a) O obxecto da proposta de subvención é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Trasnos Béisbol Club durante a tempada 2019-2020. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Primeira División Nacional, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade. Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.
- b) A entidade Trasnos Béisbol Club impulsa e estimula ademais a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Béisbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.
- c) No exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:
 - Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
 - Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
 - A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- d) Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.12 prevé nominativamente a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade deportiva Trasnós Béisbol Club.
- e) De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións, plantéase a presente proposta co fin de coadruar no financiamento dos gastos xerados pola dinamización do proxecto deportivo do Trasnós Béisbol Club como entidade de elite da cidade de Vigo na tempada deportiva 20019/2020.
- f) O Trasnós Béisbol Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 19830-333.
- g) En base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Trasnós Béisbol Club conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.
- h) A lexislación aplicable, para esta subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece



Concello de Vigo

que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

- i) Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2020, na partida orzamentaria 3410.489.00.12, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución de concesión cuxo texto se somete a aprobación.
- j) O Trasnos Béisbol club presentou unha memoria xustificativa, na que figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo da entidade e o destino da subvención.
- k) A concesión da subvención implica a aceptación por parte da beneficiaria das obrigas sinaladas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.
- m) O técnico responsable do servizo de deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constará a adecuada xustificación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.
- n) A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da presente proposta de subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado nesta proposta de adxudicación de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios

deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

- o) Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.
- p) Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2019/2020. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.
- q) Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da proposta de adxudicación de subvención.
- r) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.
- s) A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.
- t) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- u) Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
- v) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- w) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de adxudicación de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño,



Concello de Vigo

de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

- x) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente proposta de adxudicación de subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.
- y) A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.
- z) A concesión da subvención obxecto da presente proposta de adxudicación de subvención rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta de adxudicación de subvención; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.
- aa) Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- ab) Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.
- ac) Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- ad) O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución da proposta establécese en base as memorias e informes que a motivaron e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.
- ae) En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de resolución de concesión e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.
- af) En relación a extinción e resolución.
 1. A proposta extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
 2. Son causas de resolución:
 - f) O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
 - g) O acordo unánime dos asinantes.
 - h) A resolución por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- i) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade da proposta de adxudicación de subvención.
- j) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

A Vixencia desta proposta é pola actividade desenvolta pola entidade Trasnos Béisbol Club durante a tempada deportiva 2019/2020, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, nun prazo non superior a 5 días naturais desde a aprobación da proposta pola xunta de goberno local.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

TERCEIRO: Autorizar e dispoñer o gasto de 8.000,00€. a favor da entidade Trasnos Béisbol Club co CIF: G-27750645 e enderezo social na rúa Bouza Fría, 3, 36313, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 19580-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.12 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1006).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19830/333.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 23/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/11/2020, asinado polo xefe do servizo de Deportes, o coordinador deportivo e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Atendendo á detección dun erro material na transcripción dos importes finais das subvencións outorgadas ós/ás beneficiarios/as da convocatoria de subvencións, e tras a súa corrección, procede dar continuidade á tramitación do expediente.

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 05 de outubro de 2020 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Técnico deportivo do servizo de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 13ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

A Xunta de Goberno local acordou aprobar, na sesión ordinaria do 17 de setembro de 2020, as bases e os criterios de avaliación da convocatoria para as "axudas a deportistas de alto



Concello de Vigo

nivel da cidade de Vigo, por un importe total de 50.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.

O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial de Pontevedra (29/09/2020), na prensa local e na Web do Concello de Vigo.

O órgano colexiado, composto polo Concelleiro Delegado de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, o Xefe do servizo de deportes-Director Deportivo e o Técnico deportivo da Concellería de deportes, que actúa como secretario, distribúen o importe total da convocatoria entre os/as solicitantes en función dos criterios de avaliación e baremos da cláusula 6ª das bases da convocatoria, e que se establecen do seguinte xeito:

- **Puntuacións:**

	Fase final Cto. España		Outras compet. Intnais		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	20 puntos	15 puntos	30 puntos	20 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	80 puntos
5º a 8º Posto	12 puntos	10 puntos	15 puntos	12 puntos	50 puntos	30 puntos	80 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	15 puntos	10 puntos	25 puntos	15 puntos

Por outra banda o apartado 3 da cláusula 7ª da convocatoria establece a contía máxima e límite individualizada das axudas do seguinte xeito:

- Límite máximo por deportista: O importe total máximo destinado para cada un/unha dos/das deportistas beneficiarios/as de forma individual será de 2.500,00€. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuacións obtidas supere este importe máximo (2.500,00€), dita cantidade axustarase a este límite establecido.
- Límites máximos por puntuación: O importe total máximo destinado para cada un/unha dos/das deportistas beneficiarios/as en función das puntuacións obtidas serán os que se detallan a continuación. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuacións obtidas supere estes importes máximos, axustaranse a estes límites:
 - De 10 a 30 puntos: Importe máximo 600,00€
 - De 31 a 99 puntos: Importe máximo 1.000,00€
 - De 100 a 150 puntos: Importe máximo 1.500,00€
 - Máis de 150 puntos: Importe máximo 2.500€

A esta convocatoria presentáronse un total de 45 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 29 e rexeitáronse 16 polos motivos detallados no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 6ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de solicitantes é de 1700 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 50.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 29,41 €.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algúns dos/das solicitantes en base ó valor unitario do punto axustouse ó importe máximo atendendo ós rangos por puntuación establecidos no apartado 3 da cláusula 7ª das bases.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/ha dos/das solicitantes de axudas admitidos/as no proceso.

Os/as solicitantes declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta a responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadramento dos solicitantes, todos/as os solicitantes admitidos/as cumpren co requisito de estar empadroados en Vigo desde o 01/01/2019 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 4ª.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.-Aprobar a resolución da convocatoria para o desenvolvemento do proxecto de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 26.664,74€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 do orzamento en vigor.

2.-Rexeitar as solicitudes dos seguintes solicitantes pola seguinte causa:

- Por non cumprir o requisito establecido no apartado 5.6 da base 5ª das da convocatoria, competindo cunha entidade con sede social fora da cidade de Vigo.

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
J.V.C	*****32X	20085-333
E.N.S	5*****2Y	20077-333
M.R.D.	53*****H	20083-333
S.R.V.	312*****	200158-333
A.D.A.	5**9**4**	200062-333

- Por non alcanzar a puntuación mínima de 10 puntos establecida na base 6ª das da convocatoria:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
M.M.R.	*****87B	20061-333



Concello de Vigo

- Por non alcanzar o mínimo de participación en ningunha proba segundo o esixido no apartado 2 da base 6ª das da solicitude:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
S.V.M	5*****6V	20084-333
B.G.R.	39*****K	20059-333
M.R.D.	355*****	20159-333
L.V.H.	3**9*****H	20086-333

- Por non cumprir co requisito de estar recoñecido como deportista de alto nivel, a clasificación entre o 20% dos mellores do ranking ou estar recoñecido pola federación de deporte adaptado como deportista de alto nivel:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
N.R.D.	54**6****7Q	20063-333
P.C.G.	531**0***	20064-333

- Por estar duplicada:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
CLUB ESCOLA ROSALÍA	G27827856	20160-333

- Por presentar unha solicitude a nome de dous deportistas:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
CLUB CÍES SQUASH	G27869437	20097-333

- Por renuncia:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
C.C.C.	5318*****	20067-333

- Por non cumprir co requisito de estar empadroadado en Vigo con vixencia mínima de 01/01/2019:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
N.M.P.	*****26S	20057-333

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 19830/333).

	DEPORTISTA	DNI	EXPTE	MODALIDADE	PTOS.	IMPORTE
1	P.S.G.	*****15R	20037-333	VELA	80	1.000,00 €
2	R.F.G.	5*****0F	20065/333	MOTOCICLISMO	44	1.000,00 €
3	L.V.F.	531*****	20075-333	JUDO	30	600,00 €

	DEPORTISTA	DNI	EXPT	MODALIDADE	PTOS.	IMPORTE
4	L.B.B.	5*1*****T	20081-333	JUDO	50	1.000,00 €
5	M.B.A.	48*2*****	20082-333	JUDO	55	1.000,00 €
6	H.D.G.	*61*7****	20087-333	BILLAR	40	1.000,00 €
7	C.G.B.	5*8*****C	20088-333	TAEKWONDO	32	941,18 €
8	L.M.A.	*****5*2Q	20078-333	JUDO	125	1.500,00 €
9	J.F.F.	****6**1W	20073-333	BADMINTON	50	1.000,00 €
10	F.G.R.	***8***8R	200053-333	JUDO	85	1.000,00 €
11	A.L.G.	**4****8C	20080-333	TAEKWONDO	70	1.000,00 €
12	M.D.R.	*9*****2M	20056-333	TENIS ADAPTADO	65	1.000,00 €
13	N.S.S.	*****62W	20090-333	JUDO	85	1.000,00 €
14	G.F.F.	3*****2A	20054-333	BADMINTON	52	1.000,00 €
15	A.S.S.	53*****V	20058-333	TRIATLON	32	941,18 €
16	M.M.G.	774*****	20076-333	BADMINTON	20	588,24 €
17	J.F.G.	5*3*****6D	20074-333	NATACIÓN ADAPTADA	30	600,00 €
18	M.M.N.	5**3****V	20055-333	NATACIÓN	20	588,24 €
19	T.F.R.	**4**3**B	20072-333	TAEKWONDO	50	1.000,00 €
20	L.P.L.	***59***P	20066-333	XIM. ACRÓB.	30	600,00 €
21	E.P.R.	****57**X	20069-333	XIM. ACRÓB.	15	441,18 €
22	A.S.C.	3**95****	20070-333	XIM. ACRÓB.	15	441,18 €
23	A.D.G.	*****0*0N	20068-333	XIM. ACRÓB.	30	600,00 €
24	J.A.M.	****04**S	20079-333	BADMINTON	20	588,24 €
25	M.W.P.	***394***	20060-333	VELA	15	441,18 €
26	M.R.B.	*****3*1P	20071-333	XIM. ACRÓB.	10	294,12 €
27	S.R.G.	***371***	20089-333	TRIATLON	270	2.500,00 €



Concello de Vigo

	DEPORTISTA	DNI	EXPTE	MODALIDADE	PTOS.	IMPORTE
28	F.P.C.	3****54**	20052-333	ATLETISMO ADAPTADO	150	1.500,00 €
29	J.S.R.	4*****24*	20047-333	TIRO OLÍMPICO ADAPTADO	130	1.500,00 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 19830/333).

- Por non cumprir o requisito establecido no apartado 5.6 da base 5ª das da convocatoria, competindo cunha entidade con sede social fora da cidade de Vigo.

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
J.V.C	*****32X	20085-333
E.N.S	5*****2Y	20077-333
M.R.D.	53*****H	20083-333
S.R.V.	312*****	20158-333
A.D.A.	5**9**4**	20062-333

- Por non alcanzar a puntuación mínima de 10 puntos establecida na base 6ª das da convocatoria:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
M.M.R.	*****87B	20061-333

- Por non alcanzar o mínimo de participación en ningunha proba segundo o esixido no apartado 2 da base 6ª das da solicitude:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
S.V.M	5*****6V	20084-333
B.G.R.	39*****K	20059-333
M.R.D.	355*****	20159-333
L.V.H.	3**9*****H	20086-333

- Por non cumprir co requisito de estar recoñecido como deportista de alto nivel, a clasificación entre o 20% dos mellores do ranking ou estar recoñecido pola federación de deporte adaptado como deportista de alto nivel:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
N.R.D.	54**6***7Q	20063-333
P.C.G.	531**8***	20064-333

- Por estar duplicada:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
CLUB ESCOLA ROSALÍA	G27827856	20160-333

- Por presentar unha solicitude a nome de dous deportistas:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
CLUB CÍES SQUASH	G27869437	20097-333

- Por renuncia:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
C.C.C.	5318*****	20067-333

- Por non cumprir co requisito de estar empadroadado en Vigo con vixencia mínima de 01/01/2019:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
N.M.P.	*****26S	20057-333

16(1007).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DO EQUIPO DIRECTIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA VI”. EXPTE. 17849/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 14 do Mércores, 22 de xaneiro de 2020, consta publicada a Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 17067-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 21 de febreiro de 2021.

III.- Logo da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, mediante Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto sétimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.- Con data 7/08/2020, o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, resolveu continuar ca tramitación dos procedementos de concesión de subvencións convocados pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, cuxas bases reguladoras e convocatoria estivesen publicadas con anterioridade á entrada en vigor do RD 463/2020, do 14 de marzo, e que figuren no anexo do Acordo do Consello da Xunta do 24 de abril de 2020, entre outros, Procedemento TR353A. Convocatoria 2020 para a realización dos obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.



Concello de Vigo

V. Con data 18 de novembro de 2020, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución do xefe territorial do servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedendo a subvención por importe total de 346.946,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA VI" e 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral (Nº de expte. TR353A 36/00024/2020), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.

VI. Con data 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego e informe favorable do servizo de Intervención Xeral Municipal de data 19/11/2020, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL emitiu a CIRCULAR NÚM. 53/2020 de data 22/07/2020, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo

dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

III. BASES REGULADORAS

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita consellería.

IV. CUSTES SALARIAIS DO EQUIPO DIRECTIVO

Segundo os datos reflectidos no orzamento do proxecto presentado xunto coa solicitude, os custos salariais derivados da contratación do persoal directivo, docente e de apoio son os que se reflecten a continuación:

A) - Soldos e salarios	Importe
Director/a	20.786,73 €
Persoal docente	31.935,75 €
Persoal administrativos	11.807,41 €
Outros (titor/a)	17.354,97 €
Total (A)	81.884,87 €
B) Cota patronal Seguridade Social	Importe
Director/a	6.807,61 €
Persoal docente	10.458,96 €
Persoal administrativo	3.866,98 €
Outros (titor/a)	5.683,80 €
Total (B)	26.817,35 €
TOTAL (A+B)	108.702,22 €



Concello de Vigo

V. DESCRICIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto consiste no desenvolvemento dun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante (HOTR0608)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste obradoiro:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostalería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizo en restaurante.
6. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos están a disposición nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña e Servizos de Restaurante, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación “La Sal de la Tierra” e no propio comedor do Obradoiro para persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo dirixidos a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

VI. POSTOS A CONTRATAR, MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATO DE TRABALLO

AS PRAZAS do equipo directivo que se convocan son:

- a) Experto/a docente en Cociña. Xornada: completa
- b) Experto/a docente en Servizos de Restaurante. Xornada: completa

- c) DIRECCIÓN.....Xornada: completa
- d) TITORÍA.....Xornada: completa
- e) PERSOAL ADMINISTRATIVOXornada: completa

Os contratos de traballo do persoal seleccionado serán a xornada completa non podendo exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de nove meses).

VII. FUNCÍONS S DOS POSTOS DE TRABALLO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
- c) Planificación e seguimento do proxecto
- d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- g) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- TITORÍA:

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.



Concello de Vigo

- EXPERTOS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- PERSOAL ADMINISTRATIVO

- a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
- b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
- c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
- d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
- e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
- f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

VIII. SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego, que será elaborada pola Comisión de selección, unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, e remitida mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego, para que se remita a listaxe de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento dacordo cos parámetros de sondaxe reflectidos nas bases.
2. Unha vez realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará a información e datos de contacto das persoas preseleccionadas, para proceder á **publicación nos taboleiros de anuncios** (electrónico e físico) do Concello de Vigo do listado de candidatos participantes no procedemento xunto ca data e lugar no que deberán comparecer para realizar a ENTREVISTA (debendo acudir provistos do DNI ou documento substitutivo), e a achega **imprescindible** da documentación acreditativa dos méritos.
3. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar os coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados principalmente co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de

Emprego e Formación Ocupacional. Esta fase, que con carácter xeral **non será eliminatória**, valorarase de **0 ata 5,5 puntos**.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e nos da oficina de emprego, con indicación do día que se concede para formular alegacións.

4. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo de acordo cos criterios reflectidos nos Baremos contidos en ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo **será de 10,25 puntos**.

A Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de entrevista, de ser o caso, e acto seguido, procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicaranse nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

5. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

A listaxe de candidatos propostos pola Comisión de selección será remitida á xefatura territorial que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos candidatos propostos non cumpre ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do equipo directivo do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adjudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección.

Aqueles candidatos que, por estaren activos noutro proxecto a data de remate do proceso selectivo, non poidan incorporarse ao novo proxecto de obradoiro de emprego, pasarán a integrar a lista de reserva prevista no seguinte apartado, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

IX. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

A resolución recibida en data 18 de novembro de 2020 de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VI", polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado e de 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas (Cociña e Servizos de restaurante), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 experto/a/s docentes.

Da cantidade global de concesión da subvención (346.946,00 €), 125.568,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 221.378,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro; e 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral.

A Intervención Xeral Municipal en data 19/10/2020 emitiu informe favorable con motivo da aceptación da subvención concedida en expte. 17848/77 sinalando que: "*A realización de gastos financiados con subvencións finalistas concedidas por outras Administracións Públicas non ten repercusión sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que supón o recoñecemento dun dereito no estado de ingresos do orzamento e dunha obriga de gasto pola mesma contía, nin sobre o cumprimento do obxectivo da regra de gasto xa que precisamente non ten a consideración de gasto computable a parte do gasto financiada con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.*"

O procedemento de xeneración de crédito da subvención concedida tramitase en expediente incoado a tal efecto polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

X. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Asemade e, atendendo a un principio de economía de medios e de celeridade na tramitación do presente procedemento, resulta procedente propoñer ao dito órgano colexiado a encomenda no concelleiro delegado da área de Cultura e Emprego da realización das sucesivas

actuacións de xestión e tramitación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección do equipo directivo do obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI.

XI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019 e modificacións do 17/08/2020 e 19/08/2020, respectivamente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. **Aprobar as bases de selección** do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI (cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, conforme a resolución do Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da *Orde de 27 de decembro de 2019* (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) *polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de **346.946,00 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.
2. **Encomendar ao concelleiro-delegado** da área de Cultura e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do equipo directivo Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI".
3. Dar traslado do presente acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.



Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____

Nome _____

DNI _____ Teléfono _____

contacto _____ Correo _____

de

Persoa participante no proceso selectivo de persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego “.....” e seleccionada na praza de:

.....



ACEPTO A PRAZA



RENUNCIO Á PRAZA

_____ , _____ de _____ de 2020

Sinatura:

ANEXO

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO CAPACITA VI” (TR353A) EXPTE. 36/00 024 /20 20.

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 14 do Mércores, 22 de xaneiro de 2020, consta publicada a Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 17067-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 21 de febreiro de 2021.

III.- Logo da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, mediante Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto sétimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.- Con data 7/08/2020, o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, resolveu continuar ca tramitación dos procedementos de concesión de subvencións convocados pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, cuxas bases reguladoras e convocatoria estivesen publicadas con anterioridade á entrada en vigor do RD 463/2020, do 14 de marzo, e que figuren no anexo do Acordo do Consello da Xunta do 24 de abril de 2020, entre outros, Procedemento TR353A. Convocatoria 2020 para a realización dos obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. Con data 18 de novembro de 2020, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución do xefe territorial do servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedendo a subvención por importe total de 346.946,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego denominado “VIGO CAPACITA VI” e 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral (Nº de expte. TR353A 36/00024/2020), que supón a aceptación do financiamento dos



Concello de Vigo

custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.

VI. Con data 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL emitiu a CIRCULAR NÚM. 53/2020 de data 22/07/2020, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

Polas consideracións expostas é necesario proceder á elaboración e aprobación das bases que rexen o proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VI:

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VI"

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 12º da orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados como persoal do citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

AS PRAZAS que se convocan son:

- a) Experto/a docente en Cociña. **Xornada: completa**
- b) Experto/a docente en Servizos de Restaurante. **Xornada: completa**
- c) DIRECCIÓN.....**Xornada: completa**
- d) TITORÍA.....**Xornada: completa**
- e) PERSOAL ADMINISTRATIVO**Xornada: completa**

Segunda.- FUNCIONS DOS POSTOS DE TRABAJO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
- c) Planificación e seguimento do proxecto
- d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- g) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- TITORÍA:

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTOS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.



Concello de Vigo

- PERSOAL ADMINISTRATIVO

- a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
- b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
- c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
- d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
- e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
- f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

Terceira.- **CONTRATACIÓN DOS PARTICIPANTES**

Os contratos do persoal do proxecto que fose seleccionado e figure como tal nas actas da Comisión de selección, se formalizarán por escrito no modelo oficial correspondente.

Cuarta.- **REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) REQUISITOS XERAIS.

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
2. Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.
3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- 4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.**
- 5. Coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego**

b) REQUISITOS MÍNIMOS: os previstos nos ***baremos anexos*** a estas bases.

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo.

No caso de que non se acade un número mínimo de tres candidatos por posto, a Comisión de selección poderá, de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos eixidos co fin de acadar candidatos suficientes.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada pola Comisión de selección e asinada polo seu presidente ou en quen delegue, tramitarase unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, solicitando mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego que se remita o listado de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento:

3. Os parámetros da sondaxe serán:

- a) **Ámbito xeográfico:** Concello de Vigo. De non atoparse candidatos, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.
- b) **Número de candidatos a remitir:** CINCO por posto, que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditados.
- c) **Requisitos mínimos de titulación e/ou experiencia** que, no seu caso, deben cumprir as persoas candidatas establecidos nos correspondentes certificados de profesionalidade, así como, nos postos de titoría e expertos-docentes, acreditar que posúen competencia docente, tal e como o indica o artigo 13 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

4. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará a información e datos de contacto das persoas preseleccionadas, para proceder á **publicación nos taboleiros de anuncios** (electrónico e físico) do Concello de Vigo do listado de candidatos participantes no procedemento xunto ca data e lugar no que deberán comparecer para realizar a ENTREVISTA (debenndo acudir provistos do DNI ou documento substitutivo), e a achega **imprescindible da documentación acreditativa** dos seus méritos:

1.-Acreditación de requisitos e méritos:

a) A **EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:

- Traballadores por conta allea: acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

- Traballadores autónomos: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas en que consten os servizos prestados.

- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.



Concello de Vigo

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

b) A **FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inexcusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.

A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados principalmente co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatória, valorarase de **0 ata 5,5 puntos** (34,92 % da puntuación total, como máximo)

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego, con indicación do día que se concede para formular alegacións.

2. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo dacordo cos criterios reflectidos nos Baremos contidos en ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo **será de 10,25 puntos** (65,08 % da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de entrevista, de ser o caso, e acto seguido, procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

2. A listaxe de candidatos propostos pola Comisión de selección será remitida á xefatura territorial que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos candidatos propostos non cumprise ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do equipo directivo do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adxudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección.

Aqueles candidatos que, por estaren activos noutro proxecto a data de remate do proceso selectivo, non poidan incorporarse ao novo proxecto de obradoiro de emprego, pasarán a integrar a lista de reserva prevista no seguinte apartado, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que os membros do equipo directivo que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos/as en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- a. O maior tempo acreditado como desempleado
- b. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- c. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- d. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- e. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- f. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- g. O de maior idade



Concello de Vigo

Novena.- LISTA DE RESERVA.

1. Rematado o proceso selectivo, a Comisión de selección elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. De non haber candidatos/as, iniciarase un novo procedemento selectivo.

3. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación, iniciarase un novo procedemento de selección.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG 22-01-2020) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

2. . A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puiden derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

ANEXO- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____	
Nome _____	
DNI _____	Teléfono _____ de
contacto _____	Correo _____

Persoa participante no proceso selectivo de persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego “.....” e seleccionada na praza de:



ACEPTO A PRAZA



RENUNCIO Á PRAZA

_____ de _____ de 2020

Sinatura:

ANEXOS: BAREMOS

BAREMO DE SELECCIÓN DO POSTO DE DIRECCIÓN DE OBRADOIRO DE EMPREGO

REQUISITOS MÍNIMOS:

a)-TITULACIÓN UNIVERSITARIA.

b)-EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE **24 MESES, NOS ÚLTIMOS 5 ANOS: En dirección ou xestión de empresa, equipos humanos e proxectos (excluíndo direccións técnicas e facultativas)**

c) *Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

d) *Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.

e) **1.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos últimos anos PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00**

1.1 Cursos de 30 horas a 299 horas.....máximo 0,80

Cursos de 30 a 99 horas..... 0,10

Cursos de 100 a 299 horas..... 0,20

1.2 Cursos de 300 horas ou máis.....máximo 1,80

Cursos de 300 a 599 horas.....0,40

Cursos a partir de 600 horas.....0,60

1.3 Cursos en Prevención de Riscos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60

Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60

1.4 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40

Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de 100 horas...0,40

2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto.....PUNTUACIÓN MÁXIMA

7,65

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados ()**

2.1.- **Nos últimos 7 anos:**

2.1.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes.....0,10.....máximo 6,00

2.1.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes.....0,08.....máximo 5,00



Concello de Vigo

2.2.- **No resto da súa vida laboral:**

- 2.2.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes.....0,05.....máximo 2,50
 2.2.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes.....0,03.....máximo 2,50

3.- **COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO :.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50**

- 3.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10
 3.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20
 3.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,50
 3.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,50

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

4.- **DESEMPREGO.** Non melloras de emprego.....**PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
- Os cursos que non especifiquen **o contido e número de horas** non se contabilizarán.
- Os cursos con **contidos similares**, só se valorará o que sexa máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- (*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.
- (**) Terá que quedar debidamente acreditada a dirección dun equipo humano, de características similares a estes proxectos.

BAREMO DE SELECCIÓN DO POSTO DE TITORÍA DE OBRADOIROS DE EMPREGO

REQUISITOS MÍNIMOS PARA SUPERAR ESTA FASE:

- TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE 24 MESES SEGUNDO BAREMO NOS ÚLTIMOS 5 ANOS.
- **COMPETENCIA DOCENTE** (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, OU 12 meses de EXPERIENCIA EN TITORÍA en Obradoiro de Emprego.

*Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.

1.- TITULACIÓNPUNTUACIÓN MÁXIMA 0,75

- 1.1 Lcdo. en Pedagogía ou Psicopedagogía.....0,75
 1.2 Lcdo. en Psicoloxía.....0,50

2.-FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50

- a) Cursos relacionados co posto.....máximo 1,00
 Cursos de 30 a 99 horas.....0,10
 Cursos de 100 a 299 horas.....0,20

- Cursos de 300 a 599 horas.....0,40
 Cursos a partir de 600 horas.....0,60
- 2.2 Cursos en Prevención de Risgos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60
 Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60
- 2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
 Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40
- 3.- FORMACIÓN PEDAGÓXICA PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50**
- 3.1 Certificade profesionalidade de Formador Ocupacional.....máximo 0,40
 3.2 CAP ou equivalente.....máximo 0,25
 3.3 Master en Profesorado de Educación.....máximo 0,50
- 4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL, Relacionada co posto. PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,90**
- Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados (**).**
- 4.1.- **Nos últimos 7 anos:**
- 4.1.1. Experiencia en funcións titorías nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes, 0,10.....máximo 6,00
 4.1.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.
 Por cada mes, 0,08.....máximo 5,00
- 4.2.- **No resto da súa vida laboral:**
- 4.2.1. Experiencia en funcións titorías nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes, 0,05.....máximo 2,50
 4.2.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.
 Por cada mes, 0,03.....máximo 2,50
- 5.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO..... PUNTUACIÓN MÁXIMO 0,50**
- 5.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10
 5.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20
 5.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,50
 5.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,50
- *Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**
- 6.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

NOTAS IMPORTANTES PARA A BAREMACIÓN

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
 - Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
 - Os cursos que non especifiquen o **contido e número de horas** non se contabilizarán.
 - Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
 - No caso de experiencia laboral, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
 - Non se terá en conta aquela experiencia docente non relacionada co posto.
- (*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

BAREMO DE SELECCIÓN DOS EXPERTOS- DOCENTES DO OBRADOIROS DE EMPREGO

REQUISITOS MÍNIMOS:

-*TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE*, no ámbito



Concello de Vigo

empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, **nos últimos 7 anos**, mínimo oficial 1ª .
-COMPETENCIA DOCENTE (*Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo*)

- *Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior
- *Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada) PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50

- 1.1 Titulación académica requirida, relacionada coas funcións a desenvolver.....máximo 1,50
1.2 Outra titulación distinta á requirida, sempre relacionada coas funcións a desenvolver.....máximo 1,00

2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 5 últimos anos... ..PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50

- 2.1- Cursos relacionados co posto.....máximo 1,50
Cursos de 30 a 99 horas.....0,10
Cursos de 100 a 299 horas.....0,20
Cursos de 300 a 599 horas0,40
Cursos a partir de 600 horas.....0,60
2.2 Cursos en Prevención de Riscos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60
Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60
2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99 horas.....0,20; Cursos a partir de 100 horas...0,40

3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE(Mínimo oficial 1ª) PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,65

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

- 3.1.- **Nos últimos 7 anos:**
3.1.1. Experiencia en E.O/OE ou C.O. na especialidade. Por cada mes, 0,10.....máximo 6,00
3.1.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.
Por cada mes, 0,07.....máximo 3,50
3.1.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,07.....máximo 5,00
3.2.- **No resto da súa vida laboral:**
3.2.1. Experiencia en EO/OE ou CO. na especialidade. Por cada mes, 0,05.....máximo 3,00
3.2.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.
Por cada mes, 0,03.....máximo 1,75
3.2.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,03.....máximo 2,50

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO :.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0, 50

- 4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10
4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20
4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,50
4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,50

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego. PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.

- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
 - Os cursos que non especifiquen o **contido** e número de horas non se contabilizarán.
 - Os cursos con contidos similares, só se valorará o que lle sexa máis favorable.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
 - No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- (*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

BAREMO DO POSTO ADMINISTRATIVO EN OBRADOIROS DE EMPREGO

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

Experiencia Profesional de 24 meses como Administrativo ou Auxiliar Administrativo, nos últimos 5 anos y Titulación de Técnico Superior ou equivalente na Familia de Administración.

***Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior**

***Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.**

1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL.....Puntuación máxima 5,15 puntos

1.1.- Nos últimos 5 anos:

- a) Experiencia de traballo administrativo en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego:
Por cada mes **0,2** puntos.....máximo **5,00** puntos
- b) Experiencia de traballo auxiliar ou administrativo en entidades públicas ou privadas:
Por cada mes **0,15** puntos.....máximo **5,00** puntos

1.2.- No resto da súa vida laboral:

- a) Experiencia de traballo administrativo en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego:
Por cada mes **0,06** puntos.....máximo **2,25** puntos
- b) Experiencia de traballo auxiliar ou administrativo en entidades públicas ou privadas:
Por cada mes **0,05** puntos.....máximo **2,25** puntos

2.- FORMACIÓN EN INFORMÁTICA (*)Puntuación máxima 2,00 puntos

- De 20 a 49 horas lectivas: **0,10 puntos**
- De 50 a 99 horas lectivas: **0,20 puntos.**
- De 100 ou máis horas lectivas: **0,50 puntos.**

3.-FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (*):Puntuación máxima 2,00 puntos

- De 20 a 49 horas lectivas: **0,05 puntos**
- De 50 a 99 horas lectivas: **0,10 puntos.**
- De 100 ou máis horas lectivas: **0,50 puntos.**

(*) Os cursos deberán estar relacionados coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorarán aqueles feitos nos derradeiros 10 anos e teñan unha duración igual ou superior a



Concello de Vigo

vinte horas lectivas. Non serán valorados, por separado, módulos ou unidades integrantes dun título.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO :..... Puntuación máxima 1,00 puntos

- 4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,25
- 4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,50
- 4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 1,00
- 4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....1,00

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

5.-DESEMPREGO: Non melloras de emprego..... **Puntuación máxima 0,10 puntos**

6.-ENTREVISTA: **Puntuación máxima 5,00 puntos**

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
- Os cursos que non especifiquen **o contido e número de horas** non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que lle sexa máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- *A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

17(1008).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA VI”. EXPTE. 17850/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 14 do Mércores, 22 de xaneiro de 2020, consta publicada a Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte.

17067-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 21 de febreiro de 2021.

III.- Logo da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, mediante Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto sétimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.- Con data 7/08/2020, o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, resolveu continuar ca tramitación dos procedementos de concesión de subvencións convocados pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, cuxas bases reguladoras e convocatoria estivesen publicadas con anterioridade á entrada en vigor do RD 463/2020, do 14 de marzo, e que figuren no anexo do Acordo do Consello da Xunta do 24 de abril de 2020, entre outros, Procedemento TR353A. Convocatoria 2020 para a realización dos obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. Con data 18 de novembro de 2020, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución do xefe territorial do servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedendo a subvención por importe total de 346.946,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA VI" e 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral (Nº de expte. TR353A 36/00024/2020), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.

VI. Con data 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego e previo informe favorable do servizo de Intervención Xeral Municipal de data 19/11/2020, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL emitiu a CIRCULAR NÚM. 53/2020 de data 22/07/2020, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local



Concello de Vigo

estabelece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

III. BASES REGULADORAS

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita consellería.

Poderán ser persoas beneficiarias participantes neste programa aquelas que, estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade igual ou superior aos dezoito anos.

IV. CUSTES SALARIAIS DO ALUMNADO TRABALLADOR

As retribucións salariais nos contratos para formación e a aprendizaxe subscritos co alumnado participante no obradoiro serán o Salario Mínimo Interprofesional anualmente establecido tal e como establece a Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, do 22 de xaneiro de 2020), incluída a parte proporcional dunha paga e media extraordinaria.

V. DESCRICIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto consiste no desenvolvemento dun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante (HOTR0608)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste obradoiro:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizo en restaurante.
6. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos están a disposición nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña e Servizos de Restaurante, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación “La Sal de la Tierra” e no propio comedor do Obradoiro para persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo dirixidos a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

VI. POSTOS A CONTRATAR, MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATO DE TRABALLO

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:



Concello de Vigo

- 10 prazas na especialidade de Cociña Nivel 2
- 10 prazas na especialidade de Servizos de Restaurante Nivel 2

A base 3ª dispón que os/as alumnos/as-traballadores/as seleccionados pola Comisión de selección serán contratados/as polo Concello de Vigo na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe e os contratos de traballo serán a xornada completa non podendo exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de nove meses).

Xa que logo, para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe de acordo co previsto no artigo 11.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

A formación para impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2, polo que será necesario que o perfil do alumnado se adecue aos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os devanditos certificados respectivamente:

- (HOTR0408) COCIÑA: RD 1376/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 619/2013, de 2 de agosto.
- (HOTR0608) SERVICIOS DE RESTAURANTE: RD 1256/2009, de 24 de julio, modificado por el RD 685/2011, de 13 de mayo y el RD 619/2013, de 2 de agosto.

VII. SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego, que será elaborada pola Comisión de selección, unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, e remitida mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego, para que se remita a listaxe de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento dacordo cos parámetros de sondaxe reflectidos nas bases.
2. Unha vez realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará a información e datos de contacto das persoas preseleccionadas, para proceder á **publicación nos taboleiros de anuncios** (electrónico e físico) do Concello de Vigo e da oficina de emprego do listado de candidatos participantes no procedemento xunto ca data e lugar no que deberán comparecer para realizar a ENTREVISTA (debendo acudir provistos do DNI ou documento substitutivo), e a achega **imprescindible** da documentación acreditativa dos méritos.
3. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos/as desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 20 puntos (50 % da puntuación total, como máximo)

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse nos taboleiros do Concello de Vigo e nos da oficina de emprego.

4. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo dacordo cos criterios reflectidos en ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 20 puntos (50 % da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de entrevista, de ser o caso, e acto seguido, procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicaranse nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

5. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

A listaxe de alumnos-traballadores propostos pola entidade promotora será remitida á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumpriese ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do alumnado-traballador do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adxudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección

VII. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :



Concello de Vigo

A resolución recibida en data 18 de novembro de 2020 de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VI", polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado e de 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas (Cociña e Servizos de restaurante), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 experto/a/s docentes.

Da cantidade global de concesión da subvención (346.946,00 €), 125.568,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 221.378,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro; e 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral.

A Intervención Xeral Municipal en data 19/10/2020 emitiu informe favorable con motivo da aceptación da subvención concedida en expte. 17848/77 sinalando que: *"A realización de gastos financiados con subvencións finalistas concedidas por outras Administracións Públicas non ten repercusión sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que supón o recoñecemento dun dereito no estado de ingresos do orzamento e dunha obriga de gasto pola mesma contía, nin sobre o cumprimento do obxectivo da regra de gasto xa que precisamente non ten a consideración de gasto computable a parte do gasto financiada con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas."*

O procedemento de xeneración de crédito da subvención concedida tramitase en expediente incoado a tal efecto polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Asemade e, atendendo a un principio de economía de medios e de celeridade na tramitación do presente procedemento, resulta procedente propoñer ao dito órgano colexiado a encomenda no concelleiro delegado da área de Cultura e Emprego da realización das sucesivas actuacións de xestión e tramitación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección do alumnado -traballador obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden

ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019 e modificacións do 17/08/2020 e 19/08/2020, respectivamente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. **Aprobar as bases de selección** do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI (cofinanciado pola consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, conforme a resolución do Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da *Orde de 27 de decembro de 2019* (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) *polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de **346.946,00 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.
2. **Encomendar ao concelleiro-delegado** da área de Cultura e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do alumnado traballador do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI".
3. Dar traslado do presente acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ANEXO- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____
Nome _____
DNI _____ Teléfono _____ de
contacto _____ Correo _____

Persoa participante no proceso selectivo de alumnos-traballadores do Obradoiro de Empleo "....." e seleccionada na praza de:

.....

- ACEPTO A PRAZA
- RENUNCIO Á PRAZA

_____, _____ de _____ de 2020

Sinatura:

ANEXO

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO- TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI (TR353A) EXPTE. 36/00024/2020.

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 14 do Mércores, 22 de xaneiro de 2020, consta publicada a Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 17067-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 21 de febreiro de 2021.

III.- Logo da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, mediante Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto sétimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.- Con data 7/08/2020, o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, resolveu continuar ca tramitación dos procedementos de concesión de subvencións convocados pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, cuxas bases reguladoras e convocatoria estivesen publicadas con anterioridade á entrada en vigor do RD 463/2020, do 14 de marzo, e que figuren no anexo do Acordo do Consello da Xunta do 24 de abril de 2020, entre outros, Procedemento TR353A. Convocatoria 2020 para a realización dos obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. Con data 18 de novembro de 2020, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución do xefe territorial do servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedendo a subvención por importe total de 346.946,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego denominado “VIGO CAPACITA VI” e 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral (Nº de expte. TR353A 36/00024/2020), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.

VI. Con data 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL emitiu a CIRCULAR NÚM. 53/2020 de data 22/07/2020, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.



Concello de Vigo

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

Polas consideracións expostas é necesario proceder á elaboración e aprobación das bases que rexen o proceso de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR do Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VI:

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO " VIGO CAPACITA VI"

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

10 prazas na especialidade de Cociña **Nivel 2**.

10 prazas na especialidade de Servizos de Restaurante **Nivel 2**

Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

- f) Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- g) Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- h) Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- i) Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.-RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos- traballadores seleccionados pola Comisión de selección serán contratados polo Concello de Vigo na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.
2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderán exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha **duración de nove meses**).

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

d) a) REQUISITOS XERAIS:

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
2. **Adaptabilidade** á oferta dos postos que se van desempeñar.

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter **18 ou máis anos de idade**.
2. Estar **desempregado**, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego **rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego**.
3. Cumprir os requisitos establecidos na **normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe**, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.
4. **Cumprir cos requisitos de acceso** sinalados nos reais decretos que regulan os respectivos certificados de profesionalidade de **nivel de cualificación 2**.



Concello de Vigo

c) REQUISITOS PREFERENTES: _

- Persoa que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:

- Mulleres vítimas de violencia.
- Emigrantes retornados
- Mulleres en xeral
- Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa
3. **A participación noutro programa mixto de emprego e formación.**
4. Falsear os datos do cuestionario.
5. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada pola Comisión de selección e asinada polo seu presidente ou en quen delegue, tramitarase unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, solicitando mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego que se remita o listado de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Concello de Vigo. De non atoparse candidatos/as suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) **REQUISITOS ALUMNOS:** os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: **3 por posto**, cun nivel profesional de **PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª**.

4. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará a información e datos de contacto das persoas preseleccionadas, para proceder á **publicación nos taboleiros de anuncios** (electrónico e físico) do Concello de Vigo do listado de candidatos participantes no procedemento xunto ca data e lugar no que deberán comparecer para realizar a ENTREVISTA (debendo acudir provistos do DNI ou documento substitutivo), e a achega **imprescindible** dos seguintes **documentos**:

- **Fotocopia do DNI actualizado.**
- **Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)**
- **Acreditación da maior Titulación académica adquirida.**
- **Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).**
- **Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).**
- **Informe de Servizos Sociais en caso de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.**
- **Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).**

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS aos candidatos remitidos, se así o considerase oportuno a Comisión de selección.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos/as desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 20 puntos (50 % da puntuación total, como máximo).

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego, con indicación do día que se concede para formular alegacións.

2. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo dacordo cos criterios reflectidos en ANEXO I. A pun-



Concello de Vigo

tuación máxima correspondente ao baremo será de 20 puntos (50 % da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección reunirase para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de entrevista, de ser o caso, e acto seguido, procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirase para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

2. A listaxe de alumnos-traballadores propostos pola entidade promotora será remitida á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprixe ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do alumnado-traballador do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e na oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adjudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección.

En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que se leccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección dos/as participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

- 1. Teñan o menor nivel académico**
- 2. Teñan a menor idade.**
- 3. Teñan menor protección de desemprego.**

Novena.- LISTA DE RESERVA.

1. Rematado o proceso selectivo, a Comisión de selección elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. De non haber candidatos/as, iniciarase un novo procedemento selectivo.

3. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación, iniciarase un novo procedemento de selección.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 14º da orde do 27 de decembro de 2019 (DOG 22-01-2020) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.



Concello de Vigo

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAI DE EMPREGO

1.- MULLERES

.En xeral1 pto.

2.- IDADE

- a) 18 - 29 anos5 ptos.
- b) 30 - 44 anos4 ptos.
- c) 45 ou máis 2 ptos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía \geq 33%1 pto.
(Sempre que poidan realizar os traballos)

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego 1 pto.
 - Perceptores de subsidio ou axudas*2 ptos.
 - Non perceptores3 ptos.
- * RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA.....

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo vida laboral actualizada)

Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante

- Menos de 12 meses1 pto.
- Máis de 12 meses 2 ptos.
- Máis de 18 meses...3 ptos.

6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:1 pto.

Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

Informe de servizos sociais.

7.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional ...4 ptos.
- Graduado en ESO.....3 ptos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 ptos.
- FP de ciclo superior..... 1 pto.
- Títulos universitarios0,5 ptos.

8.- OUTROS

Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI).....2 ptos

(Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)

□ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente

18(1009).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS “CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2021” DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 8615/335.

Visto o informe xurídico do 23/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/11/2020, asinado pola instrutora do expediente (Resolución 17/11/2020), e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.



Concello de Vigo

A estos efectos en data 16/10/2020 á XGL prestou aprobación ás bases reguladoras e convocatorias de convenio de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo que modificou as bases aprobadas en data 04/07/2019.

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrència establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas

- a) Programas “**Samain**” e “**Nadal**”.
- b) Programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**”
- c) Programa “**VIGO EN FESTAS** ”

Conforme a base SÉTIMA das bases reguladoras, procede a aprobación da convocatoria dos programas CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2021.

Polo exposto, previo informe xurídico, PROPONSE á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria dos programas: “ CABALGATA DE REIS 2021 E ENTROIDO 2021”

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo dos programas “CABALGATA DE REIS 2021 e ENTROIDO 2021” no BOP de Pontevedra, taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS: “CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2021” DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. (expte.- 8615-335)

PRIMEIRO.- OBXECTO

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresariais con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, a través das bases aprobadas pola Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria, en data 16 de outubro de 2020, e da convocatoria anual.

SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN. Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das bases reguladoras.

TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS.

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración.

Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **anexo II**.

QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A publicación das convocatorias conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SÉTIMA:

Para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 10 días naturais contados dende o día de publicación no BOPPO .

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

Todo isto farase mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo III**)

SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR AS BASES E FORMULARIOS:

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propos-



Concello de Vigo

tas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Area e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos

b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.

c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.

d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.

b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos

c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.

d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.

e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

ANEXO I

Con motivo da situación provocada pola actual crise sanitaria que se iniciou o día 11 de marzo do 2020 cando a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia internacional, o desenvolvemento das actividades programadas están suxeitas ao cumprimento das medidas preventivas en materia COVID-19 establecidas pola Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Sanidade e posteriores modificacións.

Polo que os programas poden sufrir modificacións ou cancelacións.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.

1.- CABALGATA ESTÁTICA DE REIS 2021:

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que por mor da situación de crise sanitaria será “estática” e que terá lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2021.

Data e hora: 5 de xaneiro, horario:12:00 – 20:00

Ubicación: Avenida Castelao.

Temática: “CIVILIZACIÓNS DO MUNDO NA HISTORIA”

Forma de colaboración: Achegas en especie (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

Dada a obrigatoriedade de adaptación do evento á situación sanitaria actual non poderá contarse coa presenza de nenos nas carrozas, nin haberá a entrega de caramelos ao público.

2.-ENTROIDO 2021

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concur-
sos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra activi-
dade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determináranse coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espec-
táculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra
actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na
base SÉTIMA .

ANEXO III

INSTANCIA-FORMULARIO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.

NOME DA ENTIDADE:

.....

CIF.....ENDEREZO.....

.....

LOCALIDADE.....CÓDIGO

POSTAL.....

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE:.....

NIF.....TELÉFONO DE CONTACTO.....

CORREO ELECTRÓNICO

.....

ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- CABALGATA DE REIS 2021:
- ENTROIDO 2021:

FORMA DE COLABORACIÓN:

- MONETARIA: IMPORTE DA ACHEGA:.....
- EN ESPECIE: VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA



Concello de Vigo

* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En, ade.....de 20....

Asdo.:

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

19(1010).- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A INSTALACIÓN DUN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN SOTERRADO PREFABRICADO 2L 1P DE 630KVA NA PARCELA MUNICIPAL SITA NA RÚA TOURAL DE ABAIXO (TEIS). EXPTE. 13898/446.

Visto o informe xurídico do 21/10/2020 e informe de fiscalización do 13/11/2020, dáse conta do informe-proposta de data 30/09/2020, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

INFORME- PROPOSTA

Antecedentes:

Primeiro.- Pola Xefatura da Area de Servizos Xerais (Concellería delegada de Montes, Parques e Xardíns) deuse traslado dunha solicitude de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA (NIF A-63222533) para a ocupación da parcela municipal sita na rua Toural de Abaixo (Teis) cun centro de transformacion soterrado prefabricado 2L 1P de 630kva, dacordo co "PROXECTO PARA RSMT Y CT MERCADO DE TEIS (VIGO)" de data 9/10/2019, redatado polo Enxeñeiro tecnico industrial D. Pablo Lopez Alonso.

Segundo.- Na tramitación do expediente emitíronse os seguintes informes:

A).- O Xefe da Area de Servizos Xerais, en data 28 de xullo, no que sinala:
(...) esta Xefatura de Área considera que non existe inconveniente en autorizar a instalación do Centro de Transformación Soterrado prefabricado tipo 2LP1 de 630kVA na rúa Toural de Abaixo na zona verde ubicada detrás do mercado de Teis, catalogada como parcela municipal con referencia catastral 4774505NG2747S0001TK, de acordo co proxecto técnico aportado.

Previo inicio das obras, UFD Distribución Electricidad S.A. deberá aportar proxecto de urbanización da superficie de zona verde afectada, para a súa aprobación polo servizo de Montes, Parques e Xardíns; dito proxecto de urbanización deberá detallar suficientemente os materiais e acabados da zona a urbanizar, considerando como prioritaria a integración da instalación na zona verde considerada.

Así mesmo, informa o pasado 15/9/2020 que (...) este Servizo de Montes, Parques e Xardíns considera que se estima conveniente a autorización da concesión solicitada por un período de 25 anos, prorrogable por outros 25 anos en períodos de 5 anos sucesivos. Achegouse polo Servizo de Parques e Xardíns, o 16/9/2020, plano escala 1/500 de situación da parcela obxecto de ocupación co centro de transformación, dunha superficie de 24 m².

B).- Polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos ITO, informouse o 14/8/2020 que:

*a) A parcela municipal sobre a que se solicita a instalación de centro de transformación soterrado, segundo o proxecto presentado suscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Pablo Lopez Alonso de data 21/10/2019, define a superficie a ocupar nos planos presentados, así como a súa ubicación dentro da parcela de titularidade municipal, polo tanto os planos xa constan en dito documento, plano n.º 4 e n.º 5(pax 33, e pax 34), en cuanto a ocupación se reflexa no plano n.º 7, sendo a ocupación total de aproximadamente (6*4) 24 m²., dimensión máxima que se prevee ocupar.*

No que respecto a valoración económica, tendo en conta a ficha que consta no inventario o valor de dita parcela e de 36.430,00 €, como ampliación do aspecto valorativo, si tomamos a relación de m², para a valoración catastral sería de 17.522,15 €, a posible valoración da oficina da facenda da Xunta, será de 29.671,88 €, en ambos casos a efectos valorativos tanta catastral como da oficina de Facenda, se extrapola a relación a o m², xa que a dimensión da parcela segundo o inventario e de 400,33 m², e segundo catastro na parcela exclúese a zona que actualmente conforma o vial polo que a superficie que determina e 167,00 m².

Polo tanto entendo que debermos de consignar como valor da parcela o que figura na ficha do inventario, toda vez que se obtivo en base a valores máis acordes co uso.

b) No aspecto da adecuación da instalación proxecto a os usos previstos no planeamento, e ter en conta os seguintes aspectos:

A zona onde se pretende ubicar o centro de transformación tanto no I.O.P. con aprobación definitivo do 24/07/2019, como no PXOU/93, esta calificado como suelo urbano non consolidado, estando dita parcela pendente de desenrolo de planeamiento secundario na zona prevista para a súa ubicación pendente para o desenrolo de un Estudio de detalle (ED-V-01). Tanto o PXOU/93 como o I.O.P., a instalación dos centros de transformación defíneos



Concello de Vigo

como sistemas xerais, e como tal salvo os primarios que se atopan definidos a sua ubicación no caso dos secundarios tanto no art. 3.2.3 do PXOU/93 como no art. 6.5.14 e seguintes da I.O.P., sempre que as condicións técnicas esixa a necesidade, non determina limitacións en canto a ubicación, Si recolle que se ubicarán dentro dos edificios ou en calquer outra situación, nesta ultima sempre que non se superen os 25 m², de ocupación, determinando evitar a ocupación aerea.

Polo que tendo en conta estas características sempre que se xustifique polo departamente a necesidade técnica da sua ubicación no aspecto de usos con respecto a o planeamento non ten limitacións, sempre que se atope soterrado ou dentro dunha edificación.

c) As condicións técnicas cuando se produza a reversión, entendo que deberá devolverse o seu estado inicial que correspondería a o recheo do oco en subsolo, e superficialmente deberá de efectuarse un tratamento similar a que existe no momento da reversión, ben espacio verde ou vial, coas características constructivas similares as existentes.

d), en canto a aspecto de garantía, segundo define a diligencia, correpondería un 3%, sobre a suma do valor da parcela o indicado no apartado a (26.671,88 €) y o valor sinalado do proxecto da execución da obra 91.289,48 €, o cual sumando ambas cantidades y obtendo o %, temos un valor de 3.538,84 €uros.

C).- A Dirección de Ingresos emitiu informe o pasado 27/8/2020, en relación ao canon concesional, sinalando ó respecto :

(...)Esta Dirección de Ingresos entende que a ocupación descrita anteriormente atópase incluída no suposto a que se refire o artigo 24.1 c) do TRLRFL: "utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo de vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que resultan de interese xeral ou afectan á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario".

Segundo o mesmo precepto, o importe das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistirá, en todo caso, e sen excepción ningunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal.

Estes termos atópanse reproducidos no artigo 4 apartado 5 da ordenanza fiscal nº 30 do Concello.

En consecuencia, sendo a adxudicataria Unión Fenosa Distribución S.A. con CIF A-63.222.533 suxeito pasivo das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, neste Concello de Vigo, na modalidade c) do artigo 24.1 do TRLRFL, o suposto a que se refire o presente expediente debe entenderse incluído na tributación que vén realizando a entidade adxudicataria consistente no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal de Vigo.

D).- A sociedade solicitante achegou certificado do Servizo de Enerxía e Minas, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, emitido o 21/8/2020, consonte a *única empresa que distribue de enerxía eléctrica, de acordo co previsto no art. 38 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Electrico, no Concello de Vigo é UFD Distribución Electricidad SA.*

Terceiro.- Pola Concelleira Delegada de Patrimonio ditouse, en data 22.09.2020, orde de servizo de inicio dos tramites administrativos para o otorgamento da autorización interesada.

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- No presente caso, á solicitude formulada por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA plantexa unha ocupación do subsolo do dominio público municipal con obxecto da construción e instalación dun centro de transformación, o que constitue un uso normal e privativo dun ben demanial pertencente a esta administración municipal, que conseguintemente suxetase ao rexime xurídico previsto nos ordeamentos para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO.- A instalación do centro de transformación situase sobre a parcela municipal nº4824 (provisional) do Ep.I Inmobles do IMBD deste concello, baixo a denominación de zona verde sobranante praza en rúa Toural de Abaixo, con natureza xurídica demanial e destino a uso público (zona verde).

TERCEIRO.- A situación e delimitación da parcela a ocupar resulta definida no plano que ó efecto achegou ao Servizo de Parques e Xardíns, o 16/9/2020, e ao que figura no “PROXECTO PARA RSMT Y CT MERCADO DE TEIS (VIGO)” presentado pola solicitante, resultando dunha superficie de 24 m2.

En canto a adecuación dos terreos os fin ós que destinase cabe deducila do sinalado no seu informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos ITO, cando di que tanto o PXOU/93 como o I.O.P., define a instalación dos centros de transformación como sistemas xerais, e como tal, sempre que se xustifique polo departamento a necesidade técnica da súa ubicación, no aspecto de usos con respecto ó planeamento non ten limitacións, sempre que se atope soterrado ou dentro dunha edificación.

CUARTO.- En canto o procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, cabe sinalar que a lei de Patrimonio das Administracións Públicas no seu artigo 93.1 dispón que o *“Outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. Non obstante , poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis”.*

A teor do exposto, e tendo en conta o certificado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia consonte a solicitante é a única empresa que distribue enerxía eléctrica no Concello de Vigo, resulta a innecesariedade de promover a concorrencia doutras



Concello de Vigo

empresas distribuidoras no sector eléctrico, podéndose deducir que se atopa nun suposto de excepción legal o rexime xeral fixado para o procedemento e forma de adxudicación das concesións administrativas demaniais, e conseguintemente a viabilidade do seu outorgamento mediante adxudicación directa a prol de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA.

QUINTO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, elaborouse pola Xefatura de Patrimonio o corresponde prego de clausulas administrativas particulares que rexirán a concesión administrativa para a ocupación privativa do dominio público municipal, contendo no seu clausulado as condicións e requisitos esixidos regulamentariamente, dentro dos que cabe salientar o do prazo polo que se outorga o título (25 anos prorrogable por periodos de cinco anos, ata un máximo de cinco prórrogas), o canon concesional a liquidar consonte o previsto nas Ordenanzas Fiscais, ou a posibilidade de opción do Concello entre a reversión dos bens ou a súa demolición.

SEXTO.- Resulta competente para aprobar o proxecto de obras e prego de clausulas administrativas que sirvan de base e rexirán a concesión a outorgar, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Lei de Bases e na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

Por tódolo anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- *“Aprobar inicialmente o prego de clausulas administrativas que figura no anexo I, e o “PROXECTO PARA RSMT Y CT MERCADO DE TEIS (VIGO)” de data 9/10/2019, presentado por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA., que rexirán a concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dun centro de transformación no subsoilo da zona verde (parcela municipal nº4824), sita na rua Toural de Abaixo (Teis).*

2º.- *“Someter a información pública, polo prazo e procedemento regulamentario, o prego de clausulas administrativas e proxecto aprobados”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DUN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN SOTERRADO PREFABRICADO 2L1P DE 630kVA NA PARCELA MUNICIPAL SITA NA RUA TOURAL DE ABAIXO (TEIS).

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

1. O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares da concesión administrativa para a instalación dun centro de transformación soterrado prefabricado 2L 1P de 630kva, na parcela municipal sita na rua Toural de Abaixo (teis), dacordo co “PROXECTO PARA RSMT Y CT MERCADO DE TEIS (VIGO)”(ex-

p.Nº248119050345) de data 9/10/2019, presentado por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA.

2. De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA (NIF A-63222533).

CLÁUSULA II.- DOMINIO PUBLICO OCUPADO.

O centro de transformación situase sobre a parcela municipal nº4824 (provisional) do Ep.I Inmobles do IMBD, sendo a superficie obxecto de concesión administrativa a reflectida no plano escala 1/500 achegado polo Servizo de Parques e Xardíns o 16/9/2020 (anexo ó expediente) e no proxecto presentado pola concesionaria, resultando unha ocupación total de 24 m2.

CLÁUSULA III.-PROXECTO DE OBRAS E INSTALACIÓNS.

1. As obras e instalacións do centro de transformación soterrado, realizaranse con arranxo ó "PROXECTO PARA RSMT Y CT MERCADO DE TEIS (VIGO)", do Enxeñeiro técnico industrial D. Pablo Lopez Alonso, con visado colexial de data 22/10/2019, e unha vez autorizado pola Xunta de Goberno Local.
2. O concesionario presentará ó Servizo municipal de Montes, Parques e Xardíns, nun prazo de trinta días dende o otorgamento da concesión, o proxecto de urbanización da superficie da zona verde afectada pola instalación, no que deberá detallarse suficientemente os materiais e acabados da zona a urbanizar, considerándose como prioritaria a integración da instalación na zona verde, non podendo iniciar as obras ata a aprobación deste. Aprobado o proxecto de urbanización e otorgada a correspondente licencia urbanística, darán comenzo ás obras dentro do prazo e nas condicións que se especifiquen na mesma, debendo quedar totalmente executadas no prazo dun mes.
3. As obras executaranse a risco e responsabilidade exclusiva do concesionario, quen deberá de comunicar por escrito e coa antelación suficiente á administración municipal a data do seu inicio e da identidade do técnico director competente das mesmas.
4. Rematadas as obras de construción e urbanización, o concesionario solicitará por escrito do Excmo. Concello de Vigo o recoñecemento das mesmas, que se practicará coa asistencia do enxeñeiro municipal encargado, e do interesado e o seu técnico, levantándose a correspondente Acta, que será sometida a aprobación da Xunta de Goberno Local.

CLÁUSULA IV.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo do subsolo do dominio público de titularidade municipal mediante a construción e instalación dun centro de transformación soterrado prefabricado 2L 1P de 630kva.



Concello de Vigo

CLÁUSULA V.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión outórgase por un prazo de vinte cinco (25) anos, prorrogable por periodos de cinco anos, ata un máximo de cinco prorrogas, previa petición do interesado que debера solicitalo cunha antelación de seis meses á expiración do primeiro prazo e de cada unha das prorrogas, sendo facultativo o seu outorgamento pola Corporación Municipal, de existir razóns que o xustificasen debidamente.

O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data no que se formalice, en documento administrativo, a concesión administrativa.

CLÁUSULA VI.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva fíxase en 3.538,84 euros, que correspondese co 3% do valor do dominio público ocupado e do presuposto de execución material das obras do centro de transformación, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local da adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VII.- CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.

1.- Autorízase a cesión dos dereitos concesionais exclusivamente a terceiras entidades distribuidoras da enerxía eléctrica, e nas condicións previstas na normativa reguladora do Sector Eléctrico.

2.- A transmisión da concesión requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Autorización expresa da Xunta de Goberno Local con carácter previo á cesión.
- b) Informe favorábel da Administración competente no Sector da Enerxía Eléctrica.
- c) Que o concesionario leve como mínimo unha quinta parte (1/5) do prazo da concesión.
- d) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa administración de conformidade co previsto na normativa vixente e reúna as condicións e requisitos e preste as garantías esixidas ó cedente.
- e) Que a cesión se formalice en escritura pública, debendo conter obrigatoriamente unha cláusula na que se estableza que os dereitos transmitidos extinguiranse, automaticamente, ó vencemento do prazo concesional.

3.- A transmisión da concesión será total, producíndose a subrogación do cesionario na totalidade dos dereitos e obrigas do cedente.

4.- A cesión dos dereitos da concesión obriga a que o cesionario constituía fianza definitiva en substitución da depositada polo concesionario cedente.

CLÁUSULA VIII.- CANON DA CONCESIÓN.

O concesionario aboará o correspondente canon consonte ao previsto nas Ordenanzas Fiscais do Concello de Vigo, pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal.

CLÁUSULA IX.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do proxecto de obras e prego de clausulas, dos gastos rexistrados, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

CLÁUSULA X- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Proxecto de Obras e o Prego de clausulas administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñeráse a información pública durante o prazo de trinta días hábiles.

CLÁUSULA XI.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

- a) O Concesionario destinará ós terreos de dominio público obxecto de concesión a construción e instalación do centro de transformación e a urbanización da superficie do dominio público ocupado, conforme ós proxectos aprobados e ó presente prego de clausulas sen outras modificacións que as que autorice a Administración Municipal, e con exclusión de calquera outro uso ou destino.
- b) Asumir a financiación da totalidade das obras e instalacións, e no seu caso, das modificacións que se poidesen introducir no proxecto ou durante a vixencia da concesión.
- c) A realización de obras no inmovible, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concelleiro Delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas.
- d) Manter en perfecto estado de conservación, limpeza e ornato, as instalacións e terreos afectos, coidando todo co máximo decoro e estética, efectuando as reparacións ordinarias e extraordinarias que fosen precisas ó efecto, cumprindo estritamente as disposicións de carácter xeral e instrucións que dicte a autoridade competente.
- e) Manter á súa custa a vixilancia permanente do centro de transformación.
- f) Non allear nin gravar ningún tipo de bens afectos á concesión que houberen de revertir ó Concello agás coa autorización expresa do Concello.

Unicamente autorizarase a constitución de hipoteca sobre os dereitos concesionais como garantía de préstamos contraídos polo concesionario para a financiación da realización, modificación ou ampliación da obra e instalacións fixas situadas no dominio público ocupado.

- g) Satisfacer os tributos legalmente establecidos e aboar os gastos por mantemento das edificacións, materiais e instalacións.
- h) Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros salvo nas condicións establecidas no presente prego e previa a autorización municipal.



Concello de Vigo

- i) Cumprir as demais obrigas, ó seu cargo, previstas neste prego, que resulten de aplicación.
- j) Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou a propia administración municipal polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión das obras ou traballos de construción do centro de transformación e urbanización da superficie, así como dos derivados do uso privativo do dominio público, conforme ó previsto na Lei 40/2015, de Reximen Xurídico do Sector Público, en materia de Responsabilidade patrimonial das AAPP.
- k) Inscribir no Rexistro da Propiedade a concesión.
- l) A obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións legalmente esixíbeis, e o pagamento dos impostos correspondentes.
- m) A cumprir as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, que afecten ó dominio público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan.
- n) Concertar póliza de responsabilidade civil que asegure o inmóbel e instalacións da concesión cunha compañía aseguradora legalmente constituída, durante a vixencia da concesión e polo valor alomenos de 117.961,36 € que correspondese co importe estimado para o cálculo da garantía definitiva.

CLÁUSULA XII.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.

- a) Autorizar, previa petición do concesionario, a constitución de hipoteca sobre a concesión, conforme ó previsto na Lei Hipotecaria e o seu Regulamento, debendo estar cancelada ó menos cinco anos (5) antes do termo da concesión.
- b) Permitir a ocupación do dominio público e outorgar a protección adecuada que resulte indispensable para a construción da subestación e utilización do dominio público obxecto da concesión.
- c) Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique.

A Corporación Municipal a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle sinala. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionárase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grado máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado, sancionárase como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederase a instruír expediente de resolución da concesión.

- d) Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.

CLÁUSULA XIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

A).- INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

- a) Faltas leves:

- 1) A falta de ornato ou limpeza da construción, instalacións, ou do dominio público.

- 2) O descuido ou mera negligencia no cumprimento das obrigacións que non comporten perdas apreciables ás persoas ou ao patrimonio municipal.
- 3) A mera desobediencia, non reiterada, a calquera orde da Administración.
- 4) O retraso non superior a 15 días: na presentación do proxecto de urbanización da superficie obxeto de concesión; no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.

b) Faltas graves:

- 1) A reiteración de calquera das infraccións ou faltas consideradas como leves, sempre que sexan firmes en vía administrativa.
- 2) Non atender ás ordes ou instrucións feitas por esta administración e no prazo que o efecto outorgue, referente aos seus deberes e obrigacións.
- 3) A falta de mantemento ou conservación das obras, instalacións e dominio público.
- 4) O retraso en máis de 15 días e non superior a 30: na presentación do proxecto de urbanización da superficie obxeto de concesión; no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.
- 5) Non cumprir coas obrigas de seguridade relativas ás instalacións e seus elementos.

c) Faltas moi graves:

- 1) A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como graves, nun período de dous anos, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
- 2) A execución das obras de construción e instalación do centro de transformación, ou a urbanización da súa superficie, incumprindo os proxectos aprobados.
- 3) A realización de obras no inmovible sen a previa autorización municipal.
- 4) A transmisión ou cesión da concesión sen autorización municipal previa.
- 5) Destinar a construción a usos distintos ós autorizados.
- 6) O impedimento ou obstrución ao persoal municipal nas súas funcións inspectoras ou de control da concesión, así como a súa negativa a aportar calquera documentación que neste senso lle sexa requerida.

B).- SANCIONES.-

1. As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas, previa instrución do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:
 1. Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.
 2. Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.
 3. Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1.501 ata 3.000€.
2. A contía das sancións económicas entenderanse automaticamente revisadas simultaneamente co canon en cada período en que este experimente alteración.
3. A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.
4. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.
5. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:



Concello de Vigo

- a) O grado de culpabilidade o existencia de intencionalidade do infractor.
- b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.
- e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.

C).- PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará dacordo co disposto na Lei 40/2015, de Reximen Xurídico do Sector Público.

I.- Órgano competente para imposición das sancións.-

- A) As sancións por infraccións leves ou graves imponse polo Concelleir@ delegad@ en materia de Patrimonio.
- B) As sancións por infraccións moi graves imponse pola Xunta de Goberno Local .

II.-Prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses
2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.
3. O prazo de prescripción das infraccións comenza a contarse dende o día no que a infracción se cometeu. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comenza a correr dende que finalizou a conduta infractora. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.
4. O prazo de prescripción das sancións comenza a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIV.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN.

Serán causa de resolución da concesión, sen prexuício das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

- a) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do centro de transformación sen autorización municipal.
- b) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.
- c) O incumprimento reiterado ás ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das instalacións ou dominio público.

CLÁUSULA XV.- RESCATE.

O Concello resérvase o dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias sobrevenidas de interese público, con indemnización o seu titular polo prexuízo material que se le orixine, excepto cando o rescate estea baseado en motivos imputábeis ó concesionario, suposto no que non procederá o resarcimento de danos e indemnizacións de prexuízos.

CLÁUSULA XVI.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada.
- b) Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.
- c) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- d) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.

CLÁUSULA XVII.- REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.

1.-Ó vencemento da concesión o concesionario deberá deixar os terreos a libre disposición do Concello de Vigo, en condicións de perfecto uso conforme o seu estado e ser primitivo, demolendo á súa custa as obras e instalacións do centro de transformación, e conservando o espazo libre de uso público sobre a mesma.

2.- O Concello poderá optar pola reversión gratuita, libre de cargas e gravames, e sen dereito a indemnización ou contraprestación ningunha, das obras e instalacións do centro de transformación en perfecto estado de conservación e funcionamento do servizo, debendo comunicarllo ó concesionario cunha antelación de tres meses a data de extinción da concesión

Da recepción pola Corporación Municipal dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose os deterioros que presenten. Se existisen deterioros, a acta servirá de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, que se esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.-Estabélcese como prazo máximo para o desaloxamento do dominio público a que se refire nos precedentes apartados, o de quince días hábiles desde a data de vencemento da concesión, ou dun mes se conleva a demolición da obra.

Se transcorrido dito prazo, a concesionaria non procedera ó desaloxo e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de



Concello de Vigo

retraso no que incorra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen prexuízo de dita indemnización, poderá exercer as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

CLÁUSULA XVIII.- TRIBUNAIS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xordan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XIV.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

20(1011).- EXECUCIÓN DE SENTENZA N.º 270/2019 DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS EN OBRA POLA EMPRESA UNIKA PROYECTOS E OBRAS S.A. EN RELACIÓN COAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 10064/307.

Dáse conta do informe-proposta do 18/11/2020, asinado pla xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou *“adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”*.

O contrato de ditas obras foi asinado con data 17/11/2014, e recolle un prazo de garantía de 120 meses, polo que a mesma remata o 08/06/2025, sendo a acta de recepción de 08/06/2015. Con data 6 de outubro de 2016, a dirección facultativa emite un informe no que se recollen diversas deficiencias apreciadas nas obras referidas.

A proposta do servizo de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acordou na sesión do 28/10/2016, aprobar a incoación de expediente para reparación de deficiencias das obras de mellora e reposición de espazos públicos no casco vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, no prazo de garantía contractual.

Posteriormente, nunha comunicación dos arquitectos municipais dirixidas a este servizo, se informa que, realizada unha visita de inspección o 24 de marzo de 2017 aos locais municipi-

pales de Elduayen, a reparación de deficiencias non se tiña executado por parte da empresa.

A Xunta de Goberno Local acorda, na sesión do 27/07/2017, incoar de novo expediente para reparar deficiencias nas OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES no prazo de garantía contractual.

Na data do 25/09/2017 se recibe no Concello un escrito da empresa UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) coas alegacións ó informe da dirección facultativa do 06/10/2016; tendo en conta ao respecto o informe da dirección facultativa das obras de 18/10/2017, a Xunta de Goberno Local acorda na sesión do 02/11/2017 desestimar as alegacións feitas pola empresa en base ao informe dos arquitectos municipais do 18/10/2017, ordenar que proceda a executar as obras de reparación sinaladas no citado informe técnico dos arquitectos municipais de data 18/10/2017 dentro do prazo sinalado no mesmo e co apercebimento de que o incumprimento das súas obrigas no prazo sinalado suporá a execución destas por parte da Administración municipal a súa costa.

Este acordo da Xunta de Goberno Local é recurrido pola empresa perante a xurisdicción contencioso-administrativa; na data do 30 de setembro de 2019 o xulgado contencioso-administrativo n.º 1 dos de Vigo resolve estimar parcialmente o recurso contencioso-administrativo interpuesto pola mercantil “UNICSA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.” (anteriormente “UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS S.A.”), fronte ao Concello de Vigo contra a resolución citada no encabezamento (o acordo da Xunta de Goberno Local do 2/11/2017), que se declara en parte contraria ao ordenamento xurídico. En consecuencia, a orde de reparación cinguirase aos termos definidos no FJ terceiro da citada sentenza.

Ésta foi recurrida en apelación pola empresa e, en senteza ref. 106/2020 (RA 7176/2019) de 20/05/2020, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (secc 3) desestima a apelación interpuesta contra a sentenza citada do 30-9-19 que ordena á actora a execución das devanditas obras de reparación que sinalan los técnicos municipais en informe de 18-10-17 e no prazo de quince días baixo apercebimento de execución pola administración á súa costa.

Na data do 19/10/2020 a Asesoría Xurídica do Concello remite ao servizo de Patrimonio Histórico o expte. 13203-111 ao que se acompaña copia da sentenza no 270/2019, ditada polo xulgado do Contencioso-Administrativo no 1 de Vigo con data 30/09/2019, copia da sentenza no 106/2020 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 20/05/2020 e copia dos acordos do órgano competente tomando coñecemento das mesmas **en orde á súa execución e comunicáselle a súa firmeza**, para que, consonte ao artigo 104 da LXC-A, a leve ao seu puro e debido efecto en tempo e forma, practicando o que esixa o cumprimento do fallo.

Polo exposto, e habida conta de que a competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP) na súa cualidade de órgano de contratación, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación de aplicación e consonte ao disposto no



Concello de Vigo

artigo 104 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Requerir á mercantil UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A. (antes UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.) para o cumprimento en tempo e forma do ordenado no fallo da Sentenza n.º 270/19 de 30/09/2019, recaída no recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa referenciada fronte ao Concello de Vigo impugnado a resolución da Xunta de Goberno Local do 02/11/2017 e confirmada pola sentenza do T.S.X. Galicia do 20/05/2020; o Fallo da sentenza 270/19 é do seguinte teor: “Que debo estimar e estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interpuesto pola mercantil “UNICSA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.” (anteriormente “UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS S.A.”), fronte ao CONCELLO DE VIGO, seguido como PROCESO ORDINARIO número 31/2018 ante este Xulgado, contra a resolución citada no encabezamento, que se declara en parte contraria ao ordenamento xurídico. En consecuencia, a orde de reparación cinguirase aos termos definidos no FX terceiro desta sentenza.” O fundamento terceiro dí: *Das deficiencias apreciadas*

A cuestión de fondo é eminentemente técnica, relacionada co contido do proxecto de obra, coas variacións que se introduciron no transcurso desta e coa técnica de execución operada.

Con todo, cóntase cun dictame pericial xudicial, elaborado polo arquitecto Sr. Blázquez Mañá, que servirá de guía para extraer as conclusións axustadas ao caso, partindo da presunción de imparcialidade e de obxectividade que presidiu o seu nomeamento e seguindo pola exhaustividade do seu informe, no que se detallan todas as fontes de información das que se valeu (incluído o libro de ordes e asistencias), o resultado das comprobacións persoais que efectuou e das argumentacións de carácter técnico nas que basea as súas conclusións. Pero tamén se atenderá aos informes elaborados polos arquitectos municipais e pola propia empresa.

Sen embargo, haise de notar unha cuestión con carácter previo: a deficiencia consistente na aparición de manchas esbrancuxadas nas fachadas non será obxecto de análise, porque os técnicos municipais xa descartaran a súa imputación ao contratista, tanto no informe de 18 de outubro de 2017 como no de xuño de 2018, que se incorporou xunto coa contestación á demanda. No primeiro, expúxose que non era un problema responsabilidade da empresa construtora, xa que no proxecto se contemplaba a execución de impermeabilización sobre os locais municipais e a pavimentación desas superficies, que foi o que realmente se executou. No segundo, se incide en que non procede a reclamación á empresa.

Respecto ás varandas de c/ Abeleira Menéndez e ás escaleiras de acceso á Praza Argüelles, haise ter en conta que no proxecto se contemplaba o desmontaxe das varandas preexistentes sobre as fachadas dos locais, incluíndo elementos de remate de pedra, para a súa rehabilitación mediante a reparación, lixado, imprimado e pintado, repasando parafusos, empotramentos, endereitamento de mellas e remate de toda a Praza, para a súa posterior recolocación a súa posición orixinal incorporando cinto de pedra granítica debaixo das mesmas con parafusos de ancoraxe de fixación oculta.

Xa no informe de 2016, os técnicos municipais advertiron que as varandas, trala execución da obra, mostraban signos de oxidación, o que era indicativo de que o tratamento non tiña sido correctamente executado. Nesta circunstancia insiste o segundo informe de 2017: a instalación das novas ancoraxes á pedra terían que ter sido debidamente protexidas fronte á oxidación, polo que procede o seu cepillado e protección, tal e como se propoñía na resolución administrativa. Non se debe, polo tanto, a un defectuoso mantemento, senón a un vicio de execución.

Polo que respecta a entrada de auga e humidades no local de xoiaría, o perito xudicial é contundente ao afirmar que as humidades en torno á caixa forte, así como na esquina do teito, teñen súa orixe nunha defectuosa execución do solape da lámina asfáltica cos paramentos correspondentes, cuxa solución expón dito arquitecto: retirar o pavimento e executar novamente a impermeabilización nesas zonas, para volver a colocar o mesmo.

Por outra banda, como indican os técnicos municipais, existe un problema de estancadeira, cuxa solución require desmontar o panel de fachada existente nesa zona e comprobar o punto de entrada de auga para executar as proteccións necesarias que solventen o problema.

Sen embargo, as humidades detectadas no chan non se derivan da execución desta obra.

No tocante á carpintería de madeira, o Sr. Blázquez alerta sobre un desaxuste entre o proxectado e o efectivamente executado, que ten provocado a aparición de fisuras e fendas. A solución que se acomoda ao proxecto de obra require meramente o seu selado e pintado.

Non é factible discutir agora se o material proposto - madeira - era conveniente ás circunstancias do contorno, senón de sinalar que esa foi a elección adoptada, que se executou defectuosamente e que a súa reparación consiste unicamente na apuntada polos informes municipais.

En conclusión, se estima parcialmente a demanda, no sentido de que as obras de reparación que a demandante deberá de acometer son as que se acaban de detallar neste Fundamento Xurídico. De ter levado a cabo a actora, en execución da orde de reparación, algunha obra que non se corresponda coas que aquí se estiman axustadas ao contrato e á garantía terá dereito ao seu resarcimento, cuxa cuantificación económica se ventilaría en execución de sentenza.

SEGUNDO: O prazo para a execución das reparacións estimado polos arquitectos municipais en informe de 5 de novembro de 2020 é de UN MES, que comenza a contar a partir do día seguinte á recepción pola empresa da notificación deste acordo; expirado o prazo outorgado para acometer as reparacións sen terse realizados os traballos indicados no Fundamento Xurídico terceiro transcrito, o Concello procederá a executalos a conta da empresa.

TERCEIRO: Notificar este acordo á Asesoría Xurídica do Concello para os efectos que estime procedentes.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1012).- ABOAMENTO DE AXUDAS DE CUSTO DE MANUTENCIÓN E LOCOMOCIÓN DO FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO CO NP 79358, POLA ASISTENCIA AO PRECEPTIVO CURSO SELECTIVO PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE OFICIAL NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 71785/212.

Visto o informe de fiscalización do 13/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/10/2020, asinado polo intendente-xefe da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2020, foi nomeado funcionario en prácticas na praza de Oficial do corpo da Policía Local, quenda de promoción interna (oferta de emprego público correspondente ao ano 2015), D. Enrique Toucedo Garrido, n.º persoal 79358 e DNI***9130**, proposto polo Órgano de Selección ao resultar o aspirante que superou todos os exercizos do concurso-oposición de dita quenda e obter a maior puntuación dos/as aspirantes presentados/as.

SEGUNDO.- No DOG núm. 138 do luns 13 de xullo de 2020 publícase a Resolución do 01/07/2020, pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de Oficial dos corpos de Policía Local de Galicia.

Según dita publicación, o curso selectivo desenvolverase de xeito presencial e semipresencial, nas seguintes datas:

- Do 14 ao 25 de setembro de 2020, o curso desenvolverase de xeito presencial na sede da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP en adiante), sita na localidade de A Estrada (Pontevedra), en horario de 10,00 a 14,30 horas e de 16,00 a 19,30 horas (agás os días 18 e 25, cuxo horario será de 10,00 a 14,30 horas).

Durante este periodo non haberá réxime de internado nin uso da residencia dispoñible para o alumnado.

- Do 26 de setembro ao 1 de novembro de 2020, os cursos desenvolveranse de xeito semipresencial, realizado clases lectivas en sesións de telepresencia e formación a través da liña, indicándolles ao alumnado as instrucións durante o periodo de formación presencial na AGASP.

- Nas datas 4, 5, 10, 11 e 12 de novembro de 2020, o curso desenvolverase de xeito presencial na sede da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP en adiante), sita na localidade de A Estrada (Pontevedra), en horario de 10,00 a 14,00 horas e de 15,30 a 19,00 horas.

Durante este periodo non haberá réxime de internado nin uso da residencia dispoñible para o alumnado.

Os restantes días lectivos (2, 3, 6, 9 e 13 de novembro), deberán rematar e entregar todas as tarefas pendentes de formación que se desenvolve a través da plataforma de teleformación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Polícías Locais de Galicia, establece que a AGSP elaborará un plan ce carreira profesional que inclúa, entre outros, os cursos para a promoción dos membros da Policía Local de Galicia.

SEGUNDO.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o coste de 28,21 euros día/persoa (14,11 € en concepto de media dieta de manutención); 0,19 €/Km en concepto de gasto de viaxe polo uso de vehículo particular.

O funcionario que nos ocupa, asistirá presencialmente á AGASP, nas seguintes datas e horarios:

- Primeiro periodo de formación teórico presencial (14 ao 25 de setembro de 2020), asistirá á AGSP para a mesma un total de 10 días en horario de 10,00 a 14,30 horas e de 16,00 a 19,30 horas, agás os días 18 e 25, cuxo horario será de 10,00 a 14,30 horas.

- Segundo periodo de formación teórico presencial asistirá a AGASP un total de 5 días (4, 5, 10, 11 e 12 de novembro) en horario de 10,00 a 14,00 horas e de 15,30 a 19,00 horas. , o **custe total da indemnización por razón de servizo** para este periodo ascende a **811,26 €**, desglosado da seguinte maneira:

- 15 días en concepto de media dieta de manutención, 211,65 € (14,11 €/día).
- 15 días de gasto de viaxe polo uso de vehículo particular, tendo en conta que a distancia por viaxe de ida e volta, según a aplicación Google Maps é de 144,60 Km (72,3 Km ida e outro tanto de volta) x 0,19 €/Km = 412,11 €.
- Gastos de peaxe de uso da AP 9, 15 días x 12,50 € viaxe de ida e volta (6,25 € e outro tanto volta) = 187,50 €.

TERCEIRO.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (AXUDAS CUSTO POLICIAS ESCOLA GAL.SEGURIDAD), por un importe de 211,65 €.
- 1320.2312000 (LOCOMOCION DO PERSOAL NON DIRECTIVO), por un importe de 599,61 €.

CUARTO.- De conformidade co art. 127 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, a aprobación do gasto proposto é competencia da Xunta de Goberno Local.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, previa fiscalización da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe ven en propoñer á Concelleira delegada de Empresa, Economía,



Concello de Vigo

Seguridade e Organización Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1º Autorizar o gasto de 811,26 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: 1320.2302001 (AXUDAS CUSTO POLICIAS ESCOLA GAL.SEGURIDAD), por un importe de 211,65 €; e 1320.2312000 (LOCOMOCION DO PERSOAL NON DIRECTIVO), por un importe de 599,61 €, e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de media dieta de manutención, gastos por viaxe con vehículo particular e de peaxe, a prol do funcionario en prácticas na praza de Oficial, D. Enrique Toucedo Garrido, n.º persoal 79358, DNI ***9130**, nomeado mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2020, accedendo á citada categoría pola quenda de promoción interna (oferta de emprego público correspondente ao ano 2015).

2º O abono farase previa xustificación pola AGSP da asistencia diaria ás clases.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1013).- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN INTERNA E MELLORA NA XESTIÓN DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN E NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, UN/UNHA TÉCNICO/A DE XESTIÓN, E UN/UNHA ADMINISTRATIVO/A DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 36657/220.

Visto o informe de fiscalización do 17/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/11/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, a Xefa da Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Tenente de alcalde e Concelleira delegada de organización municipal, asinaron informe sobre o programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación, Dentro das necesidades de persoal, se incluían:

- *1 técnico de Administración Xeral, rama xurídica, Subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Xeral, subescala técnica, clase superior.*
- *1 técnico medio de servizos económicos, subgrupo A2 de titulación, escala de Administración Especial, subescala técnica, clase media.*
- *1 técnico medio de xestión, subgrupo A2 de titulación, escala de Administración Especial, subescala técnica, clase media.*
- *1 administrativo de Administración Xeral, subgrupo C1 de titulación, escala de Administración Xeral, subescala administrativa.*

II.- En data de sinatura electrónica, a Tenente de alcalde e Concelleira delegada de organización municipal dispuxo: *“Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local do:*

- *Programa temporal para a modernización interna e mellora na xestión da Área de RRHH e Formación.*
- *Nomeamento interino por execución do referido programa dos efectivos asociados ás categorías profesionais respecto as cales exista listaxe de reserva, quedando o nomeamento daquelas nas que non exista listaxe pendente ata o momento en que se xenere, e sempre dentro dos límites temporais do programa contemplados na lexislación vixente de aplicación.*

Todo elo, sempre na medida das posibilidades legais e de dispoñibilidade orzamentaria e sostibilidade financeira do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais; e previa a realización da tramitación administrativa preceptiva que corresponda.”

III.- Consta no expediente informe técnico- cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer (trámite 32 ao cal nos remitimos na súa integridade).

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e formación

De conformidade co informe do Programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e formación, asinado pola xefatura da Área de RRHH coa conformidade da concellería delegada competente:

“No actual contexto e no marco do desenvolvemento da actividade ordinaria da Área, identifícanse os ámbitos de mellora seguintes:

-Ámbito de mellora 1: *reducción dos tempos medios de tramitación de expedientes de carácter ordinario consonte a medios electrónicos e dixitais.*

-Ámbito de mellora 2: *modernización dos procedementos de elaboración, utilización, almacenamento, comunicación e dispoñibilidade de datos e información da Área.*

-Ámbito de mellora 3: *modernización da atención ao público interno e externo no contexto da administración dixital e electrónica.*

-Ámbito de mellora 4: *modernización e dixitalización do control e xestión económicas dos créditos contemplados no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais.*



Concello de Vigo

-Ámbito de mellora 5: dixitalización e simplificación dos procesos selectivos para a execución das ofertas de emprego público e das convocatorias de persoal interino ou temporal, así como da xestión ds listas de reserva, a fin de proporcionar solucións eficaces e áxiles ás necesidades dos servizos no marco da plena observancia ao marco normativo vixente en materia de acceso ao emprego público.

-Ámbito de mellora 7: implementación práctica dos plans de ordenación de recursos humanos de necesaria execución nos ámbitos seguintes, os tres de carácter inaprazable:

- PORH para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en execución de sentenza.
- PORH a elaborar para a regularización do persoal laboral indefinido non fixo, en execución de obrigas legais.
- PORH a elaborar para o establecemento de sistemas ordinarios de provisión de postos de traballo con convocatorias públicas periódicas consonte ao previsto no marco normativo referencial.

-Ámbito de mellora 8: modernización da xestión interna na posta en marcha dos plans de formación anuais consonte a sistemas normalizados e dixitalizados, que permitan o inicio en prazo das actuacións administrativas tendentes á materialización práctica das previsións contidas no Marco Estratéxico de formación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

-Ámbito de mellora 9: estandarización de procesos simples, tales como a tramitación e notificación de certificados de empresa solicitados polo persoal, a práctica das notificacións electrónicas dos actos e acordos administrativos; as reasignacións, readscricións e traslados de efectivos; o dilixenciado dixital de expedientes administrativos para o seu envío aos servizos xurídicos, ou a emisión de informes técnicos de carácter ordinario e carentes de especial complexidade, entre outros.

-Ámbito de mellora 10: modernización da inspección de persoal e da xestión interna de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal.”

II.- Nomeamentos interinos.

II a) Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que**

reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II b) Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito



Concello de Vigo

precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate das prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 30/11/2023.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior **é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira. No informe de fiscalización debería considerarse expresamente as indicacións contidas no informe técnico de data 11/11/2020.(trámite 32 do expte)**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase, segundo as necesidades do Servizo/Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II c) Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe sobre o programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación, de data de sintaura electrónica, asinado pola Xefa da Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Tenente de alcalde e Concelleira delegada de organización municipal, resulta precisa a adecuación dos actos de execución do programa,

axustando a duración dos nomeamentos realizadas ao seu abeiro á duración prevista de 3 anos, así como no seu caso, a súa prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto I dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na orde de incoación da Tenente de alcalde e Concelleira delegada de organización municipal de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

II d) Proposta de gasto:

De acordo co informe de cuantificación económica que consta no expediente o nomeamento interino proposto neste expediente (un técnico/a de administración xeral, un/unha técnico/a de xestión, e un/unha administrativo/a de administración xeral) supón o coste seguinte:

CUADRO RESUMO CUSTE PROGRAMA 3 ANOS (01/12/2020 A 30/11/2023) – DOS 3 EFECTIVOS PROPOSTOS

TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL//TECNICO/A XESTIÓN // ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL-2020	ANUAL-2021	ANUAL-2022	ANUAL-2023	Periodo (16/10/2020 a 15/10/2023) – TRES ANOS x 5 postos-
Retribucións totais	9.488,25 €	113.858,96€	116.136,14€	108.587,29 €	348.070,64 €
Seguridade Social	2.488,83 €	29.865,96 €	30.761,89 €	29.044,36 €	92.161,04 €
TOTAIS 5 POSTOS	29.942,70 €	143.724,92 €	146.898,03 €	118.863,69 €	440.231,68 €

O mesmo conclúe, “tendo en conta que o presente expediente supón un compromiso de gasto para exercicios futuros (2021, 2022 e, 2023) e, aos efectos de que os compromisos adquiridos para os exercicios futuros non comprometan a estabilidade orzamentaria, emíttese o presente informe sen prexuízo da existencia dun órgano de fiscalización previa que deberá pronunciarse



Concello de Vigo

sobre os aspectos obxecto deste informe técnico en exercicio das funcións reservadas ao mesmo.”

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2020 (1 mes), da totalidade dos exercicios 2021 e 2022 e, do período comprendido entre o 01/01/2023 e o 30/11/2023, no que respecta a custes retributivos e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

II e) Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de técnico/a de Administración Xeral, técnico/a de Xestión e Administrativo/a de Administración Xeral, existen listaxes viventes con persoas en condicións de ser notificadas.
- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como técnica de Administración Xeral a, B Ugarte Alonso con dni ***3962**; como técnica de Xestión a, T Ordoñez del Pazo con dni ***3357** e como administrativa Administración Xeral a, M C Miniño Valverde con dni ***7646**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e viventes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

Os/las mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escrito que constan anexado ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

III.- Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

I.- Aprobar o “programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación”, contida no Anexo único ao presente acordo e que forman parte inseparable do mesmo, de conformidade co informe-proposta que antecede.

II.- Declarar a urxencia do nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 30/11/2023, data na que remata o programa, xustificada nas necesidades que constan no “programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación”.

En consecuencia, autorizar o gasto total de 440.231,68 €, das que 348.070,64 € corresponden a retribucións e, 92.161,04 a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 9.488,25 €, corresponden ao ano 2020, 113.858,96 € ao ano 2021, 116.136,14 € ao ano 2022 e, 108.587,29 € ao ano 2023; e no que respecta ao custe de seguridade social, 2.488,83 € corresponden ao ano 2020, 29.865,96 € ao ano 2021, 30.761,89 € ao ano 2022 e, 29.044,36 € ao ano 2023, de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2020 (1 mes), da totalidade dos exercicios 2021 e 2022 e, do período comprendido entre o 01/01/2023 e o 30/11/2023, no que respecta a custes retributivos e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

III.- Nomear funcionarios interinos por execución de programa “programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación” de carácter temporal; como técnica de Administración Xeral a **B. Ugarte Alonso** con dni ***3962**, como técnica de Xestión a **T. Ordoñez del Pazo** con dni ***3357**, e como administrativa de administración xeral a **M.C. Miniño Valverde** con dni ***7646**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

IV.- Dispoñer que os referidos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (30/11/2023) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: a técnica de administración xeral, posto cód. 46; a Técnica xestión, posto cód. 179; a administrativa de administración xeral, posto cód. 105; sendo adscritos á Área de RRHH e Formación; sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

V.- Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase, segundo as necesidades do Servizo/Área que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

VI.- Notificar o presente acordo ao funcionarios interinos nomeados, á Xefatura da Área de RRHH e Formación, ao Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, ao persoal



Concello de Vigo

técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

ANEXO ÚNICO

“ÍNDICE

1.-ANTECEDENTES E SITUACIÓN ACTUAL DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. MISIÓN, VISIÓN E VALORES, ENFOQUE E PREMISAS NO MARCO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

2.-IDENTIFICACIÓN DE ÁMBITOS DE MELLORA

3.-ÁREAS DE MELLORA, ESTABLECEMENTO DE OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN SECTORIAL

4.-MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS ASIGNADOS AO PROGRAMA

5.-DURACIÓN ESTIMADA DO PROGRAMA E SISTEMAS DE AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL.

1.-ANTECEDENTES E SITUACIÓN ACTUAL DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. MISIÓN, VISIÓN E VALORES, ENFOQUE E PREMISAS NO MARCO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.03.2016 (expediente electrónico n.º 70/105) procedeu ao redimensionamento do extinto Servizo de Recursos Humanos -procedente da antiga Unidade de Persoal, dependente funcionalmente de anteriores estruturas organizativas- efectuando a constitución organizativa e funcional da **Área de Recursos Humanos e Formación**, con autonomía propia e diferenciada, e encargada, entre outras, da actividade administrativa de dirección, planificación, desenvolvemento e xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo e da súa formación e capacitación.

A título ilustrativo, e tomando como referencia o exercicio económico inmediatamente anterior, en 2019 a Área de Recursos Humanos e Formación xestionaba unha plantilla de 1.431 prazas¹ -excluído o persoal temporal non permanente- e unha dotación orzamentaria de **67.869.197,30 €** euros², o cal revela a significatividade do peso específico do concreto ámbito material dende a perspectiva da xestión pública local desenvolta pola Concellería-delegada da Área de Organización Municipal, así como dende a da relevancia estratéxica do ámbito da dirección de recursos

1 Datos do cadro de persoal orzamentario vixente en 2019 (expediente electrónico n.º 31.808/220)

2 Datos dispoñibles no Portal de Transparencia, sección “Información económica- exercicio 2019” (endereço web: <http://transparencia.vigo.org>)

humanos no maior concello da Comunidade Autónoma de Galicia e, xunto coa cidade de Oporto, un dos dous de singular posicionamento no ámbito da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal ¹.

4.2.- Misión, visión e valores

En desenvolvemento do proceso de reflexión estratéxica, téñense formulado a Misión, a Visión e os Valores da Área de Recursos Humanos e Formación, establecéndose os principios inspiradores das actuacións da presente planificación estratéxica: igualdade, profesionalización, modernización, participación, comunicación, planificación, descentralización, cooperación e colaboración, compromiso e responsabilidade.

Calquera determinación dunha planificación estratéxica conleva efectuar a necesaria reflexión sobre a misión, visión e valores na dirección dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo.

Misión

A **Misión**, ou **razón de ser**, é o que xustifica a existencia da concreta área administrativa no conxunto de ámbitos directivos da estrutura organizativa municipal, podendo concretarse na responsabilidade da dirección e xestión dos recursos humanos ao servizo da Administración Municipal de Vigo, así como da súa capacitación e formación, baixo a planificación estratéxica definida pola Concellería-delegada da Área competente, co obxectivo de acadar o máximo nivel de eficiencia e calidade na actividade desenvolvida, alineados cos das restantes Áreas de Goberno.

Visión

Visión, en cambio, pode concretarse no que se **pretende ser**, inspirando a dirección a seguir. Por tanto, a visión pode definirse como a resposta ao horizonte da misión na Área de Recursos Humanos e Formación, así como á súa percepción futura; o cal pode concretarse en unha actividade profesionalizada de permanente dirección dos efectivos públicos municipais, baseada na evolución nun contexto eminentemente dixital e centrado no uso e manexo das TICs, así como na innovación e adaptación ao cambio constantes, en atención a criterios de máxima calidade, na continua reciclaxe e reorientación dos coñecementos e capacidades do persoal, e co horizonte do máximo nivel de mellora persoal e profesional do mesmo, así como dos sistemas de carreira profesional horizontal e vertical, nos termos do que se estableza pola lexislación de desenvolvemento do previsto na normativa básica en materia de emprego público.

¹ O 31 de outubro de 1991 foi creada a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, ao abeiro do Convenio Marco Europeo sobre Cooperación Transfronteriza entre Comunidades e Autoridades Territoriais do Consello de Europa de 1980.



Concello de Vigo

Valores

Os valores da Área de Recursos Humanos e Formación mediante os que procederá ao desenvolvemento da súa visión e misión en relación coa dirección de recursos humanos son os seguintes:

- **Eficacia e eficiencia.**- Xestión orientada non só á consecución de obxectivos, senón tamén á eficiencia dacordo aos principios de racionalidade e economía e de simplificación administrativa e procedimental, no marco da dixitalización e modernización das Administracións Públicas.
- **Servizo público.**- Actuación de servizo ao interese xeral, intentando harmonizar as necesidades detectadas e necesarias para a prestación dun servizo público da máxima calidade cos obxectivos de desenvolvemento profesional dos efectivos municipais.
- **Legalidade.**- Suxeición plena o marco normativo de aplicación consonte ao principio de legalidade.
- **Profesionalidade.**- Persoal competente, con rigor e cualificación profesionais e compromiso co servizo público, cos obxectivos da organización e co persoal municipal.
- **Calidade.**- Desenvolvemento da actividade administrativa co máximo nivel de calidade.
- **Modernización.**- Introdución e fomento da cultura dixital e electrónica da totalidade do persoal municipal, detectando situacións de resistencia interna aos cambios e realizando actuacións transversais de mellora da cultura da modernización administrativa a nivel local.
- **Desenvolvemento da carreira profesional:** vinculada estreitamente á formación, nos termos do previsto na normativa que resulte de aplicación.

Enfoque e premisas

O enfoque da planificación estratéxica no ámbito de recursos humanos no Concello de Vigo ten un punto de partida fundamental: a necesidade de acadar un nivel prestación de servizos públicos excelentes, conciliando dita necesidade coas lexítimas expectativas do persoal municipal á carreira profesional e ao desenvolvemento e perfeccionamento do maior nivel de cualificación posible, xunto cunha xestión económica, en base a criterios de acadamento da máxima eficiencia, que permita a sustentabilidade e a racionalidade na execución dos gastos en materia de persoal.

Tomando como referente o enfoque indicado, as actuacións a desenvolver fundamentaranse nas seguintes premisas:

- A consideración dos efectivos públicos municipais como factor clave e decisivo para a adecuada prestación e desenvolvemento dos servizos públicos.

- A necesidade de crear e manter unha liña de traballo colaborativa e en contacto constante cos directivos municipais, xefaturas e coa representación sindical do persoal municipal para a detección, actualización e reorientación das actuacións a abordar para o período indicado.
- A mellora continua da calidade na xestión pública, abarcando todos aqueles aspectos relacionados, de xeito tal que teña incidencia directa non só nun servizo público da máxima calidade, senón tamén nun resultado eficiente, xestionando o desempeño profesional con orientación á maximización do rendemento e á simplificación administrativa e procedimental.
- A necesaria modernización e cambio nas estruturas existentes, mediante a introducción de técnicas e ferramentas de calidade e a utilización e aproveitamento das TICS, permitindo a conciliación entre servizo público e dixitalización en entornos sociolaborais 4.0 (“cuarta revolución” industrial e laboral) tendentes á transformación das organizacións poñendo en valor o talento en entornos dixitais para a obtención de resultados eficientes dende a perspectiva, no caso do sector público, da satisfacción dos intereses xerais no marco da xestión pública.

- Medios asignados: a relevancia do capital humano e a súa valorización

Debe considerarse o actual dimensionamento da Área de Recursos Humanos e Formación -que conta con 14 dotacións de efectivos permanentes -excluída a xefatura- das cales debe considerarse dúas situacións de IT, de longa duración en un caso e de indeterminada noutro, e unha situación de permiso sen soldo de probable derivación en excedencia por interese particular- dende a perspectiva da coxuntura existente. A idade media, en cálculo aproximado, dos efectivos asignados ao departamento sitúase na cifra aproximada dos 50 anos.

Dende o marco actual, a función de dirección de recursos humanos caracterízase non só pola elevada complexidade e sectorialización, cun grao de suma especialización profesional, no cal incide, a idéntico nivel, a necesaria dixitalización do sector público e, conseguintemente, a profunda capacitación dos efectivos asignados no dominio e utilización das TICs como ferramenta diaria de traballo; senón tamén, e cunha forza inusual, no elevado nivel de xudicialización da actividade administrativa que se desenvolve no ámbito indicado -que require e aconsella o reforzamento da estrutura técnica xurídica para garantir plenamente a adecuación da xestión ordinaria cos sistemas de control interno da legalidade ordinaria-. Por tanto, e como así se indicou na planificación estratéxica elaborada a petición da Concellería-delegada competente para a lexislatura 2019-2023, dentro dos obxectivos estratéxicos para o período indicado debe estar a definición dunha estrutura organizativa interna suficiente e dimensionada, con perfís profesionais acordados, que permita á dirección o adecuado cumprimento en prazo dos obxectivos fixados, así como o seguemento, avaliación e control do cumprimento dos mesmos. Na dita definición debe incluírse o dimensionamento do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL) que, dotado con 2 efectivos técnicos medios en prevención de riscos laborais e 1 efectivo auxiliar en adaptación de PT, debe verse incrementando en dotacións suficientes para facer fronte ás rele-



Concello de Vigo

vantes e inexcusables obrigas empresariais en materia de prevención, seguridade e saúde no traballo.

A perspectiva interna de posta en valor do capital humano permite a reversión dos coñecementos, destrezas, experiencia e especialización material dos efectivos asignados á Área no desenvolvemento da actividade administrativa ordinaria, favorecendo a adquisición de habilidades de traballo en equipo, a xeneración de sinerxias dinámicas e a interacción grupal, así como a profesionalidade no desempeño laboral e o adecuado desenvolvemento en entornos profesionais de alta esixencia e rendemento profesional.

2.-IDENTIFICACIÓN DE ÁMBITOS DE MELLORA

No actual contexto e no marco do desenvolvemento da actividade ordinaria da Área, identifícanse os ámbitos de mellora seguintes:

-Ámbito de mellora 1: redución dos tempos medios de tramitación de expedientes de carácter ordinario consonte a medios electrónicos e dixitais.

-Ámbito de mellora 2: modernización dos procedementos de elaboración, utilización, almacenamento, comunicación e dispoñibilidade de datos e información da Área.

-Ámbito de mellora 3: modernización da atención ao público interno e externo no contexto da administración dixital e electrónica.

-Ámbito de mellora 4: modernización e dixitalización do control e xestión económicas dos créditos contemplados no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais.

-Ámbito de mellora 5: dixitalización e simplificación dos procesos selectivos para a execución das ofertas de emprego público e das convocatorias de persoal interino ou temporal, así como da xestión ds listas de reserva, a fin de proporcionar solucións eficaces e áxiles ás necesidades dos servizos no marco da plena observancia ao marco normativo vixente en materia de acceso ao emprego público.

-Ámbito de mellora 7: implementación práctica dos plans de ordenación de recursos humanos de necesaria execución nos ámbitos seguintes, os tres de carácter inaprazable:

- PORH para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en execución de sentenza.
- PORH a elaborar para a regularización do persoal laboral indefinido non fixo, en execución de obrigas legais.
- PORH a elaborar para o establecemento de sistemas ordinarios de provisión de postos de traballo con convocatorias públicas periódicas consonte ao previsto no marco normativo referencial.

-Ámbito de mellora 8: modernización da xestión interna na posta en marcha dos plans de formación anuais consonte a sistemas normalizados e dixitalizados, que permitan o inicio en prazo das actuacións administrativas tendentes á materialización práctica das previsións contidas no Marco Estratéxico de formación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

-Ámbito de mellora 9: estandarización de procesos simples, tales como a tramitación e notificación de certificados de empresa solicitados polo persoal, a práctica das notificacións electrónicas dos actos e acordos administrativos; as reasignacións, readscripcións e traslados de efectivos; o dilixenciado dixital de expedientes administrativos para o seu envío aos servizos xurídicos, ou a emisión de informes técnicos de carácter ordinario e carentes de especial complexidade, entre outros.

-Ámbito de mellora 10: modernización da inspección de persoal e da xestión interna de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal.

3.-ÁREAS DE MELLORA, ESTABLECEMENTO DE OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN SECTORIAL

Consideradas as disfuncións identificadas no apartado anterior, poden identificarse as seguintes áreas de mellora:

-ÁREA DE MELLORA AM 1.- PROCESOS SELECTIVOS E XESTIÓN DE LISTAS DE PERSOAL NON PERMANENTE

-ÁREA DE MELLORA AM 2.- MODERNIZACIÓN DIXITAL DOS SISTEMAS DE ALMACENAMENTO E COMUNICACIÓN DE INFORMACIÓN PROFESIONAL INTERNA

-ÁREA DE MELLORA AM 3.- IMPLEMENTACIÓN DE ACTUACIÓN E ESTRATÉXICAS EN EXECUCIÓN DOS PORH

-ÁREA DE MELLORA AM 4.- MODERNIZACIÓN DIXITAL E SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E PROCEDIMENTAL DE PROCESOS INTERNOS DE XESTIÓN

-AREA DE MELLORA AM 5.- MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE PRESENCIA, REXISTRO DE XORNADA E ATENCIÓN AO PÚBLICO INTERNO E EXTERNO

Os obxectivos xerais definidos para cada área de mellora a desenvolver no marco do Programa contéplanse no cadro 1 seguinte:



Concello de Vigo

CADRO 1.- OBXECTIVOS XERAIS

AM (Área de mellora)	Obxectivo 1	Obxectivo 2	Obxectivo 3	Obxectivo 4
ÁREA 1	Dixitalización de convocatorias e procesos selectivos	Dispoñibilidade da información en tempo real ao público interno e externo	Reducción dos tempos medios de execución da tramitación administrativa previa ao inicio dos procesos selectivos	Revisión dos sistemas de funcionamento e xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal
ÁREA 2	Dispoñibilidade en tempo real da información da Área de RRHH e Formación para a totalidade do persoal adscrito	Mellora da tramitación da elaboración técnica do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais e redución dos tempos medios na tramitación	Reducción dos tempos medios de tramitación das modificacións orzamentarias	Sistema de control de xestión económica que permita a dispoñibilidade de datos actualizados de execución orzamentaria en tempo real
ÁREA 3	Aprobación, execución e desenvolvemento do Plan de Ordenación de Recursos Humanos para a provisión definitiva dos postos de traballo subgrupos A1 e A2	Aprobación, execución e desenvolvemento dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos para a regularización do persoal laboral indefinido por sentenza	Aprobación, execución e desenvolvemento dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos para o establecemento e articulación de sistemas ordinarios de provisión de postos de traballo	Establecemento de sistemas de ordenación, reasignación e estruturación de persoal de carácter periódico consonte á metodoloxía específica de aplicación
ÁREA 4	Normalización da tramitación administrativa na entrada de documentos procedentes do rexistro electrónico e de outras unidades municipais	Establecemento de sistemas internos de control e seguimento da tramitación en prazo dos expedientes de carácter simple	Establecemento de criterios para a solicitude e recollida/remisión de certificados e documentos solicitados polo persoal municipal	Normalización e mellora das funcións administrativas de notificación electrónica e publicación de anuncios en diarios e boletíns oficiais
ÁREA 5	Revisión do actual programa de control de presenza horaria e análise do axuste ao cumprimento de obrigas normativas	Revisión dos sistemas de traballo establecidos na inspección e análise do axuste ao cumprimento de obrigas normativas	Revisión das dinámicas de atención ao público interno e externo e propostas de reorientación tendente ao incremento da eficacia	Establecemento de sistemas de almacenamento e dispoñibilidade en tempo real da información sobre xornada e exceso horario

4.-MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS ASIGNADOS AO PROGRAMA

Para a implementación práctica do programa de modernización interna e mellora na xestión obxecto da presente memoria resulta imprescindible a dispoñibilidade dos medios seguintes, clasificados por categorías:

A) MEDIOS MATERIAIS: Soporte dixital, en imprescindible colaboración co Servizo de Administración Electrónica, resulta necesaria a dispoñibilidade de programas, aplicacións e servizos dixitais para a posta en marcha das actuacións a desenvolver por cada área de mellora; dispoñibilidade concretada en equipos dixitais, conexións e accesos electrónicos a aplicacións e programas de xestión interna ao persoal que resulte seleccionado e asignado para o Plan; debendo considerar que a Área de Recursos Humanos e Formación carece de dotacións específicas nos orzamentos para afrontar a adquisición desta clase de soportes e medios técnicos, sendo ademais, recomendable a súa xestión polo departamento especializado en Administración Electrónica.

B) MEDIOS HUMANOS:

En canto aos recursos humanos susceptibles de ser asignados ao Plan, estímase que os perfís profesionais necesarios ao efecto serían os seguintes:

- **1 técnico de Administración Xeral, rama xurídica, Subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Xeral, subescala técnica, clase superior.**
- **1 técnico medio de servizos económicos, subgrupo A2 de titulación, escala de Administración Especial, subescala técnica, clase media.**
- **1 técnico medio de xestión, subgrupo A2 de titulación, escala de Administración Especial, subescala técnica, clase media.**
- **1 administrativo de Administración Xeral, subgrupo C1 de titulación, escala de Administración Xeral, subescala administrativa.**

5.-DURACIÓN ESTIMADA DO PROGRAMA E SISTEMAS DE AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL.

Dada a complexidade das actuacións a realizar en cada Área de Mellora (AM) encadrada no programa estímase unha **duración de 3 anos, susceptibles de prórroga por 1 ano adicional no suposto de que as actuacións nos se atopen conclusas**, consonte ao establecido nos artigos 10.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) en concordancia co establecido polo artigo 23.2, letra c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.



Concello de Vigo

A avaliación, seguemento e control das actuacións derivadas da implementación práctica do programa de modernización interna e mellora na xestión proposto recursos realizarase a través dos sistemas seguintes:

1.- Delimitación de ámbitos funcionais e identificación de responsables operativos de cada proceso:

-ÁREA DE MELLORA AM 1.-PROCESOS SELECTIVOS E XESTIÓN DE LISTAS DE PERSONAL NON PERMANENTE:

- Responsable operativo do proceso: 1 Técnico de Xestión, subgrupo A2 + a TAX da Área de RRHH e Formación, con experiencia no concreto ámbito material obxecto de mellora.

-ÁREA DE MELLORA AM 2.-MODERNIZACIÓN DIXITAL DOS SISTEMAS DE ALMACENAMENTO E COMUNICACIÓN DE INFORMACIÓN PROFESIONAL INTERNA + ÁREA DE MELLORA AM 4.-MODERNIZACIÓN DIXITAL E SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E PROCEDIMENTAL DE PROCESOS INTERNOS DE XESTIÓN

- Responsables operativos do proceso: 1 Técnico de Xestión, subgrupo A2 + 1 Técnico medio de Servizos Económicos, subgrupo A2.

-ÁREA DE MELLORA AM 3.-IMPLEMENTACIÓN DE ACTUACIÓNS ESTRATÉXICAS EN EXECUCIÓN DOS PORH:

- Responsable operativo do proceso: 1 Técnico de Administración Xeral, rama xurídica, subgrupo A1.

-AREA DE MELLORA AM 5.-MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE PRESENCIA, REXISTRO DE XORNADA E ATENCIÓN AO PÚBLICO INTERNO E EXTERNO

- Responsable operativo do proceso: 1 Técnico de Xestión, subgrupo A2.

Prestando apoio transversal aos responsables operativos de procesos o perfil Administrativo de Administración Xeral, subgrupo C1 de titulación.

O reparto de funcións dos responsables operativos de procesos contéplase no cadro 2 seguinte:

**CADRO 2.- ÁMBITOS DE DESEMPEÑO DE RESPONSABLES OPERATIVOS DE PROCESOS
POR ÁREAS DE MELLORA**

ÁREAS DE MELLORA/PERFÍS	Técnico de Administración Xeral (A1)	Técnico medio Servizos Económicos (A2)	Técnico medio de xestión (A2)	Administrativo (C1)
ÁREA DE MELLORA 1				
ÁREA DE MELLORA 2				
ÁREA DE MELLORA 3				
ÁREA DE MELLORA 4				

2.- Avaliación, seguemento e control:

Se efectuará a través de reporte mensual sobre o estado da xestión dos procesos asignados, enviado a través da xestión de expedientes e asinado pola persoa encargada do proceso concreto, dirixido ao buzón electrónico da Xefatura de Área de Recursos Humanos e Formación para coñecemento, análise e reporte á Concillería-delegada da Área competente en materia de persoal.

As concretas actuacións de control e seguemento se recollen no cadro 3 seguidamente indicado:

CADRO 3.- AVALIACIÓN, SEGUEMENTO E CONTROL DE XESTIÓN DAS ACTUACIÓNS DERIVADAS DO PROGRAMA

SISTEMA DE AVALIACIÓN	SEGUEMENTO	CONTROL DE XESTIÓN	PERIODICIDADE	RESPONSABLE
Reporte de actuacións	continuo	individual	mensual	Xefatura da Área
Reunión de traballo	continuo	grupala	quincenal	Xefatura da Área
Abordaxe de actuacións individuais por AM (Área de Mellora)	continuo	individual	quincenal	Xefatura da Área
Supervisión de accións concretas	continuo	individual	quincenal	Xefatura da Área



Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1014).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 36718/220.

Visto o informe de instalación do 20/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/11/2020, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 6 de xuño de 2019, acordou a proposta de nomeamento como funcionario en prácticas con cargo a praza vacante de Oficial Policía Local, pola quenda de promoción interna, do aspirante **D. E. TOUCEDO GARRIDO**, con DNI ***9130**, candidato proposto polo Órgano de Selección e que superou tódolos exercicios do concurso-oposición nas probas selectivas derivadas das Ofertas de Emprego Público 2014/2015/2016 e formalizando a súa toma de posesión en prácticas con data 17 de Xuño de 2019.

Por Resolución da Academia Galega de Seguridade Pública do 1 de xullo de 2020, DOG de 13 de xullo seguinte, foi convocado un curso básico para o acceso á escala básica, categoría de oficial, dos corpos da Policía Local, ao que foi inscrito ao referido funcionario en prácticas.

O referido curso comezou o día 14 de setembro de 2020 e rematou o día 13 de novembro de 2020.

A Academia Galega de Seguridade Pública en data 13/11/2020, a través da Plataforma Orve, núm. rexistro REGADE20E00005393168 certifica que D. E. Toucedo Garrido, DNI ***9130**, superou o curso selectivo para o acceso a escala básica, categoría de oficial, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 1 de xullo de 2020.

II.- Consideracións legais e técnicas:

O artigo 37 da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, indica que o acceso a categoría de oficial realizarase por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre os membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de policía e esté en posesión da titulación académica de acceso a categoría.

O artigo 19 de Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece que “unha vez superado o curso selectivo de que se trate e o período de prácticas, a academia emitirá informe ao concello correspondente, certificando tal circunstancia de xeito que se poida proceder ao nomeamento como funcionario de carreira e a toma de posesión na praza ou posto concreto”.

III - Competencia.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear funcionario de carreira con cargo a praza vacante de **Oficial da Policía Local** pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, a **D. E. TOUCEDO GARRIDO, con DNI ***9130****, nomeado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 6 de xuño de 2019, ao ter superado satisfactoriamente o curso selectivo para o acceso a escala básica, categoría de oficial, dos corpos da policía local, convocado por resolución da Academia Galega de Seguridade Pública de data 01 de xullo de 2020.

SEGUNDO.- O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 1 mes da partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, a Academia Galega de Seguridade Pública, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Corpo da Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación



Concello de Vigo

do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1015).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". EXPTE. 604/441.

Visto o informe xurídico do 17/11/2020 e o informe de fiscalización do 18/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/11/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- Con data 8 de xullo de 2015, procedeuse á sinatura do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS.

O citado convenio foi aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial en data 19 de xuño de 2015, e a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 8 de xullo de 2015.

2º.- Con data 27 de setembro de 2017, ambas institucións asinan unha addenda ao citado convenio, na que entre outras actuacións, se contempla o financiamento conxunto para a redacción dos proxectos Básico e de Execución para a remodelación das gradas de Gol e de Marcador, así como a adecuación da contorna, o cal deberá contemplar todas as consideracións técnicas, regulamentarias e legais precisas, e contarán con expresa xustificación técnica das solucións adoptadas. Na mesma establécese que corresponde ao Concello de Vigo a obriga da tramitación dos correspondentes expedientes de contratación.

3º.- Co obxecto de levar a cabo ditas actuacións, a Xunta de Goberno Local Local, en sesión de data 3 de maio de 2018, acordou adjudicar a Pedro de la Puente Crespo, o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos das obras das novas gradas de Gol e Marcador do Estadio municipal de Balaídos e dun aparcamento soterrado (Expte. 5036-440).

4º.- Para dar execución as previsións do convenio e da primeira addenda ao mesmo, a Comisión Paritaria de Seguimento en base aos antecedentes de feito que se recollen na acta da súa reunión de 12 de abril de 2019, propón a sinatura dunha segunda addenda entre a Administración Provincial e a Municipal para a adecuación financeira e fixación de anualidades no financiamento das obras da nova Grada de Marcador, a cal é asinada por ambas institucións en data 24 de maio de 2019.

5º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 12.02.20, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 17 e 18 de febreiro de 2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27.02.2020, aprobou o proxecto de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (16.650.000 euros) e data decembro de 2019.

6º.- En data 09.07.2020 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS".

7º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en datas 15 e 16 de xullo de 2020, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, ao abeiro do cal en data 17.07.2020 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación

8º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en datas 16 e 16 de xullo de 2020, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 17.07.2020.
- c) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29.09.2020
- d) Certificado de crédito RC/FUT nº 202000057925 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 30.10.2020.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 30.10.2020.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 06.11.2020.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06.11.2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,



Concello de Vigo

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS.**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 30.10.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contrata en data 06.11.2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **"CENTO CORENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCO EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS"** (144.205,99 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 25.027,49 €.

Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 (INVESTIMENTOS MELLORA E.M.BALAIIDOS), de acordo coas seguintes anualidades:

2021	53.000,00 €
2022	70.200,00 €
2023	21.005,99 €
TOTAL	144.205,99 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 132,45%, con respecto á primeira anualidade.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1016).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO NA AVENIDA DAS CAMELIAS ENTRE AVDA. HISPANIDADE E A PRAZA DO BICENTENARIO”- OBRAS DO PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 6511/440.

Dáse conta do informe-proposta do 20/11/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.



Concello de Vigo

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 8 de abril de 2020 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Renovación tubería de abastecemento na Avda. Camelias entre Avda. Hispanidade e Praza do Bicentenario”; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 8 de abril de 2020, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Renovación tubería de abastecemento na Avda. Camelias entre Avda. Hispanidade e Praza do Bicentenario”.

IV.- Con data 17 de abril de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **“RENOVACION DA TUBERIA DE ABASTECIMIENTO NA AVENIDA CAMELIAS ENTRE Avd. HISPANIDADE e a PRAZA DO BICENTENARIO”**, redactado polo Enxeiro(a) de Camiños Canles e Portos Trinidad Lopez Rodriguez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL QUINIENTOS DAZASEIS EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (162.516,15 EUROS) e CENTO TRINTA E CUATRO MIL TRESCENTOS DEZ €UROS CON OITENTA E SETE CENTIMOS (134.310,87), sin IVE, con sinatura dixital de data 17/04/2020

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os costes asociados correspondentes ao proxecto de referencia (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde e control arqueolóxico) por un importe de 12.075,68 euros (IVE excluído), que foron informados favorablemente en data 20 de abril de 2020 polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VI.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020 se acordou a a Aprobar o proxecto técnico e os costes asociados para a execución das obras de **“RENOVACION DA TUBERIA DE ABASTECIMIENTO NA AVENIDA CAMELIAS ENTRE Avd. HISPANIDADE e a PRAZA DO BICENTENARIO”**, por importe de CENTO TRINTA E CUATRO MIL TRESCENTOS DEZ €UROS CON OITENTA E SETE CENTIMOS (134.310,87), sin IVE, con sinatura dixital de data 17/04/2020 e uns costes asociados que ascenden a 12.075,68 € (IVE excluído).

VII.- En data 30 de xuño de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 6.511/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 112.866,27 €
- Presuposto de contrata: 134.310,87 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 1,5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Proyegal.

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACION DA TUBERIA DE ABASTECIMIENTO NA AVENIDA CAMELIAS ENTRE AVDA. HISPANIDADE E A PRAZA DO BICENTENARIO**”, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

26(1017).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9136/336.

Visto o informe de fiscalización do 03/11/2020 e o informe xurídico do 17/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de goberno Local, en sesión de 23 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo: “Adxudicar a Clece S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de Dinamización Infantil (expediente 4156-336), por un prezo para os catro anos de duración de 495.384,60€(IVE engadido)”.A data de formalización do contrato foi o 15/04/2015.

Para establecer a data dende a que procede a revisión tomárase a data do último día de presentación de ofertas (04/12/2014) e engádeselle 3 meses (04/03/2015) , sendo esta a data a partir da cal se aplicará a revisión do IPC, para o cal aplicaráselle a fórmula:

- Incremento do PIB ano $n-1 < 2\%$, a revisión será incrementándose un 0,4%.
- Incremento do PIB ano $n-1 > 2\%$, a revisión será incrementándose un 0,9%



Concello de Vigo

Polo tanto, e a vista do anterior, a anualidade do contrato obxecto de revisión é de 128.365,19€/ano (10% ive incluído) unha vez aprobada a 4ª revisión de prezos pola XGL en sesión do 19/12/2019 (8971-336).

Para proceder á **5ª revisión** do mesmo tomarase a referencia do incremento do PIB segundo o INE para o ano 2019, o cal sitúase nun incremento do 2%. Ao ser a variación do PIB para o ano 2019 de 2%) corresponde un incremento do **0,9%**, que aplicado o prezo do contrato resulta un **prezo revisado de 129.520,47 €/ano ive incluído, para as facturas do período 16 abril 2020/ 15 abril 2021, sendo o importe da revisión 1.155,28 €/ano.**

Cálculo dos atrasos

5ª REVISIÓN DE PREZOS

Período de 16 abril 2020- 31 outubro 2020 :**577,63 € (1.155,28 € : 11 x 5,5)**

Total atrasos 5ª revisión de 16 de abril 2020- 31 outubro 2020= 577,63 €

Dito importe regularizarse unha vez que aprobe o expediente a Xunta de Goberno Local.

A factura mensual a partir da aprobación do acordo da revisión pola XGL será de 11.774,58 €/mes (129.520,47€ / ano :11 meses).

Polo exposto anteriormente, previo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1. Aprobar a 5ª Revisión de prezo do contrato servizo de Dinamización Infantil fixando o mesmo a partires do 16/04/2020 ata o 15/04/2021 en **129.520,47 €/ano ive incluído.**
2. Aprobar o gasto de **577,63 €**, en concepto de atrasos correspondentes á 5ª revisión de prezos para o período **16 /04/ 2020- 31/10 2020.**
3. Aprobar o importe de **11.774,58 €/ mes** (11 meses), correspondente á facturación mensual a partir da aprobación do presente acordo.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación da prestación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da Cabalgata estática 2021. Expte. 8627/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

26(1018).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E SERVIZOS AUXILIARES PARA A REALIZACIÓN DA CABALGATA ESTÁTICA 2021. EXPTE. 8627/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 25/11/2020 e o informe de fiscalización do 26/11/2020, dáse conta do informe-proposta de data 25/11/2020, asinado pola instrutora do expediente (Resolución do 17/10/2020), o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- ANTECEDENTES

1.- O servizo de Festas da Área de Participación Cidadá ten previsto entre súas actividades de carácter sociocultural a organización da “Cabalgata de Reis 2021”, que se vai celebrar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2021, polo que se fai necesaria a contratación da prestación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da Cabalgata estática 2021.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a instrutora do expediente por decreto de delegación de data 17 e novembro de 202, coa conformidade do Concellero de Participación Cidadá e Festas, emite informe da necesidade e idoneidade e orden de inicio da contratación da prestación do servizo consistente na contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2021, asinado con data 24 de novembro de 2021.

3.- Memoria económica asinada por a instrutora de expediente coa conformidade do Concellero de Participación Cidadá e Festas de data 24 de novembro de 2020.



Concello de Vigo

- 3.- Con data 25 de novembro, a instrutora do expediente asina a declaración do redactora do prego.
- 5.- Con data 25 de novembro pola instrutora do expediente redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares.
- 6.- Con data 25 de novembro a instrutora do expediente asina a Memoria xustificativa que conten os elementos básicos do contrato, conformada polo Concelleiro de Participación Cidadá e Festas,
- 7.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25 de novembro de 2020.
- 8.- O orzamento base de licitación co iva incluído que ascende a **51.876,12€** (cincuenta e un mil oitocentos setenta e seis con doce euros), sendo o importe correspondente ao 21% de iva **9.003,29 €** (nove mil tres con vinte e nove euros) que imputarase á como anticipado de gasto á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas de 2021.

Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

2.- O expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

(LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía de datas 20 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020.

3.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP, a instrutora do expediente e o Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na prestación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da Cabalgata estática 2021.

4.- En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola instrutora do expediente e polo Concelleiro responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinadas pola instrutora do expediente e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

5.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A presente contratación encádrase no contrato de servizos administrativos, sociais, educativos, sanitarios e culturais do Anexo IV da citada Lei.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145, y 156.1 de la LCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos en dito texto legal. A tramitación do procedemento é a **urxente** conforme ao artigo 119 da LCSP da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que poderá ser obxecto de tramitación urxente dos expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable o cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.

A xustificación da tramitación de urxencia ven derivada da actual crise sanitaria que se iniciou o día 11 de marzo do 2020 cando a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia internacional. Para facer fronte á crise sanitaria foi necesario adoptar medidas inmediatas que resultaron eficaces para poder controlar a propa-gación da enfermidade. Neste senso o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, permitiu facer fronte á situación de emerxencia sanitaria e protexer a saúde e seguridade dos cidadáns.

Posteriormente, con data 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros adoptou el “Plan para a transición cara a unha nova normalidade” que estableceu os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade. Este proceso foi articulado en catro fases, fase 0 á fase 3, graduais e adaptables aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Así mesmo, e segundo o recollido no artigo 3 de RD 514/2020 de 8 de maio, en aplicación do Plan de desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte ao COVID-19, iniciouse un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restricción da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o citado RD 463/2020 de 14 de marzo.

Tras o proceso de desescalada e o fin da vixencia do estado de alarma, entrouse nunha etapa de nova normalidade, durante a cal os poderes públicos e as autoridades sanitarias continuaron tomando medidas dirixidas ao control dos brotes e frear os contaxios.



Concello de Vigo

Na actualidade en España, rexístrase unha tendencia ascendente en número de casos positivos en coronavirus, o que nos sitúa nun nivel de risco alto o moi alto de acordo aos estándares internacionais e aos nacionais establecidos no documento de actuacións de resposta coordinada para o control da transmisión do COVID-19, aprobado no pleno do “*Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud*” do pasado 22 de outubro de 2020.

Con data 25 de outubro de 2020, foi publicado no BOE o Real Decreto 926/2020, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS- CoV-2.

O escenario de crise sanitaria antedito provocou incertidumbre sobre a posibilidade de realizar a Cabalgata de Reis 2021, polo que Concello de Vigo contratou coa empresa PREVENTECNIA, S.L. expediente (8647/335) un informe que inclúe o Plan de Prevención de Riscos da organización da Cabalgata de Reis 2021. O antedito plan establece a posibilidade de realizar o desfile tendo en conta o cumprimento dun estrito protocolo COVID, e realizando cambios con respecto ao desenvolvemento do evento.

Estes cambios obrigan á supresión do desfile tradicional e á realización dunha modalidade de Cabalgata “estática” que deberá estar suxeita ao establecido no andito plan en canto a medidas preventivas e organizativas.

A vista do exposto, e conforme ao recollido no informe do Plan de Autoprotección para o evento, polo servizo de Festas iníciase o expediente de contratación de deseño e produción das cinco carrozas por un trámite de urxencia derivado da incertidumbre provocada pola crise sanitaria e tendo en conta que trátase dun evento inaprazable (5 de xaneiro de 2021) e de interese público.

O Plan de Autoprotección e o protocolo COVID para o evento será de obrigado cumprimento para o adxudicatario. O control e seguimento do cumprimento do plan será realizado por un coordinador contratado ao efecto polo servizo de festas.

6.- Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o informe de fiscalización previa de Intervención Xeral.

7.- A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da Cabalgata estática 2021 (Expediente 8627-335) que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 25 de novembro de 2020 asinado pola instrutora do expediente (decreto 17/11/20) o prego de prescricións admi-

nistrativas particulares de data 25 de novembro de 2020, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un anticipado de gasto por importe de **51.876,12€** (cincuenta e un mil oitocentos setenta e seis con doce euros, sendo o importe correspondente ao 21% de ivo de **9.003,29 €** (nove mil tres con vinte e nove euros) que podería imputarse á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2021.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Cuarto.- Solicitar a declaración de urxencia do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1019).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez